



CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula^{de} Galego

1



XUNTA DE GALICIA

Aula ^{de} 1 Galego



Edita

XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autores

Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, Xaquín Núñez

Coordinación editorial

Jaime Corpas

Coordinación pedagógica

Pablo Garrido

Edición

Ester Lázaro

Corrección

Dina Moreira, Celia Rozas

Deseño

Enric Font

Documentación

Olga Mias

Estudio de gravación

Soundub (Santiago de Compostela), CYO Studios (Barcelona)

Locutores

Carlos Caneda, Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, M^a Rosa Fernández, José García, Pablo Garrido, Isabelle Kerdudo, Dina Moreira, Xaquín Núñez, Ana Ordoñez, Celia Rozas, Inmaculada Seage, Joanna Stankiewicz, Mathew Wellings.

Ilustracións

Roger Zanni excepto unidade 11, páx. 95-96, David Revilla.

© Fotografías

Difusión, excepto: **Cuberta:** Reinaldo de Abreu; **Unidade 1** páx. 9 García Ortega; páx. 10 Radull/stockxpert.com, Galina Barskaya/stockxpert.com, logoboom/stockxpert.com, Brosa/stockxpert.com, Diego Cervo/stockxpert.com, Natalie Shmeliova/Dreamstime; páx. 11 farrangallo/flickr, Jesús Ángel Díaz Estévez, Turgalicia, Dario Álvarez/flickr, gthills/flickr, José Antonio Gil Martínez/flickr, Bibiana Tonnelier, Dannycas, José Antonio Gil Martínez; páx. 12 io foto/sxc, Jason Stitt/Dreamstime, Luba V Nel/Dreamstime; páx. 14 Turgalicia, Graham Stanley/flickr, Ebifry/flickr; páx. 16 A. Rey/www.milladoiro.com, Xosé Calvo, Turgalicia; **Unidade 2** páx. 17 pipo; páx. 18 Frank Kalero; páx. 19 Kris Vandereycken/123rf, Frank Kalero, Yanik Chauvin/123rf; páx. 20 pipo; páx. 22 Eduardo Parra/Getty Images, Juan Carlos González, Ramón Leiro/*La Voz de Galicia*, Carlos Álvarez/Getty Images; páx. 24 Pierre Amerlynck/sxc, Mon, Dreamstime Agency/Dreamstime, Ron Chapple Studios/Dreamstime, Familia Núñez da Silva, Frank Kalero; **Unidade 3** páx. 26 Robert Harding/Getty Images; páx. 30 Podius/Dreamstime, Pavel Losevsky/Dreamstime, Mohammad Jobaied Annan, Steve Woods/sxc; páx. 31 Frank Kalero, Scott Snyder/sxc, M. Wolfe/sxc, Frank Herzog/Dreamstime; páx. 32 José Antonio Gil Martínez/flickr, Luis Miguel Bugallo Sánchez/flickr, M. J. Mayo/Alamy/ACI, Turgalicia; **Unidade 4** páx. 33 Reinaldo de Abreu; páx. 34 Mwproductions/Dreamstime, Joe Zlomek/sxc, Riccardo Di Virgilio/flickr, Sergio/flickr, Jose Manuel Gelpi Diaz/Dreamstime, Jose Luis Martinez Alvarez/flickr; páx. 36 Frank Kalero, midiman/flickr, Paweł Szpytma/Dreamstime, Edyta Pawłowska/Dreamstime; páx. 38 Mabel Vargas/flickr, Michel Collet/sxc, Daniel Lobo/flickr; páx. 40 Libertinus Yomango/flickr, Miroslav Tomasovic/Dreamstime, Andres Rodriguez/Dreamstime, Igor Zhorov/Dreamstime; **Unidade 5** páx. 41 Miguel Riopa/AFP/Getty Images; páx. 47 Jorge Corcuera/flickr, Javi Va zquez/flickr; páx. 48 INDITEX; **Unidade 6** páx. 49 Turgalicia; páx. 50 Frank Kalero; páx. 55 Frank Kalero; páx. 56 Michal Zacharzewski/sxc, Rui Vale De Sousa/Dreamstime, Cecile Graat/sxc, Robert Lerich/Dreamstime, Sofia Henriques; **Unidade 7** páx. 57 José Antonio Gil Martínez/flickr; páx. 58 Frank Kalero, LARSA, Cooperativa

Feiraco, La Toja, Philipp Pilz, Reinaldo de Abreu; páx. 60 José Antonio Gil Martínez/flickr, escribirconlacabeza/flickr, Eugenio García González; páx. 63 Vanessa Van rensburg/Dreamstime; páx. 64 Pep Mias, Turgalicia, Luis Miguel Bugallo Sánchez, Xelo2004, Lisi Prada, Turgalicia, Jerzy Strzelecki, Asociación de Criadores do Capón de Vilalba, Luis Miguel Bugallo Sánchez, Turgalicia, Xamóns A Paradanta (www.xamonsaparadanta.com), MarcosGarcia.es/Blog Cucharete.com, Turgalicia, Peter Jobst/dreamstime, Monika Adamczyk/Fotolia.com; **Unidade 8** páx. 65 Reinaldo de Abreu; páx. 67 Luis Villa del Campo, andresumida/flickr, Ivan Josifovic/Dreamstime, Turgalicia; páx. 71 Reinaldo de Abreu; páx. 72 Alexander Alexandrov/sxc, Espectáculos Lito; **Unidade 9** páx. 73 Vincent Besnault/Getty Images; páx. 74 Kurt Vinion/Getty Images, Carlos Alvarez/Getty Images, Lalo Yasky/Getty Images; páx. 75 AlexBrosa/Dreamstime, Petr Nad/Dreamstime, Reinaldo de Abreu; páx. 76 Gözde Otman; páx. 80 Jun Yan Loke/Dreamstime, Cedric Carter/Dreamstime, Ron Chapple Studios/Dreamstime, Irina Iglina/Dreamstime, Ivan Montero/Dreamstime, Rafa Iruستا/Dreamstime; **Unidade 10** páx. 81 Arturo Nikolai/flickr; páx. 82 Turgalicia, Arturo Nikolai/flickr, IMCE, Turgalicia; páx. 83 Xunta de Galicia, Edicións Xerais de Galicia, BMG Music Spain; páx. 87 Reinaldo de Abreu/A Borriquita de Belén; páx. 88 Xunta de Galicia, Edicións Xerais de Galicia, Filmax, Editorial Galaxia, DYGRA FILMS/MEGATRIX SAU/Album, Discmedi, Edicións do Cumio, Edicións Resistencia; **Unidade 11** páx. 89 AHP Lugo; páx. 90 AHP Lugo; páx. 91 Frank Kalero; **Unidade 12** páx. 97 Morena Films/Portozás Visión/SOGE-CINE/Telemadrid/TVG/D&D/Album; páx. 98 Kopa/*La Voz de Galicia*, Pepe Baeza, Pierre-Philippe Marcou/Getty Images, Ramón Leiro/*La Voz de Galicia*; páx. 99 Pedro Armestre/Getty Images; páx. 100 mokra/sxc; páx. 103 Xosé Castro/*La Voz de Galicia*, Goran222/Dreamstime; páx. 104 Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG); **Máis exercicios** páx. 105 García Ortega; páx. 107 Regina Gispert, Roberto Castón, Cirofono, Pavel Losevsky/Stockxpert.com; páx. 108 Francisco Alonso Fontan/flickr; páx. 120 Haraldo Cesar Saletti filho/sxc; páx. 126 Lai Leng Yiap/Dreamstime; **Resumo Gramatical** páx. 130 Margarita Chamorro; **Nivel A2 en lingua galega** páx. 146 pipo; **Transcripciones** páx. 149 ffriendly/flickr.

Agradecementos

Arquivo Histórico Provincial de Lugo; Celia Alegre Maceira; Carlos Caneda; Mar Carnero e Anxo Carballeira (CRTVG); Consello Regulador do Ribeiro; Cooperativa Feiraco; Jorge Corcuera; Cursos Internacionales da Universidade de Santiago de Compostela; Edicións do Cumio; Espectáculos Lito e Orquestra Panorama; Marcos García; Ánxeles González Porto; Elisa Gómez, María Lema e Soly Patricio (*La Voz de Galicia*); Juan Carlos González; LARSA; Margarita Ledo; Fernando Llópiz (Xamóns A Paradanta); Marisol López Martínez; Francisco Juan Martínez Sagredo; Juan Antonio Mascareñas Cid/Turgalicia; Helena Núñez; Paco (Edicións do Cumio); Andrés Rey (Milladoiro); Javier Rodríguez Díaz (Coliseum/IMCE); Carmen Rodríguez Pérez; M^a Cristina Rubal González.

Queda prohibida calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación desta obra sen a previa autorización dos titulares de propiedade intelectual. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual (arts. 270 e ss. do Código penal).

Este curso está baseado nunha concepción didáctica e metodolóxica da perspectiva orientada á acción, desenvolvida polos creadores do manual AULA de Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

© Os autores e Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L., Barcelona 2008

© Desta edición: Xunta de Galicia

ISBN: 978-84-453-4581-8

Depósito legal: B-11.519-2008

Impreso en España por Novoprint



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

difusión

Centro de
Investigación y
Publicaciones
de Idiomas, S. L.



CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula ^{de} 1 Galego



O Proxecto **Aula de galego** nace da constatación de que non existe ningún material que responda adecuadamente ás necesidades expostas nos distintos cursos de galego que se levan a cabo na actualidade dentro e fóra de Galicia: tanto os preparatorios para os distintos niveis do Celga como os que ofrecen as distintas universidades do mundo onde hai un lectorado de galego.

O resultado desta falta de materiais específicos motivou ata agora unha situación que todos coñecemos: en cada centro ou curso os profesores foron sorteando as dificultades da carencia dun bo manual con materiais propios ou con material adaptado. Ningunha das solucións contenta o alumnado nin o profesorado, os cales, cando se lles pregunta, declaran abertamente que prefiren a coherencia e seguridade que confire un manual ben deseñado.

Desta situación xorde a idea de publicar **Aula de galego**. Un equipo de autores, con ampla experiencia no deseño de materiais didácticos, asesorados por expertos e colegas de diversos ámbitos do ensino da lingua que lles axudaron a ter unha visión de conxunto das características e das necesidades dos cursos de galego, abordaron a elaboración de **Aula de galego** co obxectivo de lles dar resposta ás esixencias deste sector, en particular atendendo aos seguintes aspectos:

Desde o punto de vista da organización do material

- En moitos casos, debido á oficialidade dos certificados e a non obrigatoriedade na asistencia ás clases, permítese a incorporación de novos alumnos cando xa se realizaron algunhas sesións, de forma que non todos os alumnos permanecen o mesmo número de semanas no curso.
- Na maioría dos manuais para a aprendizaxe do galego existentes ata agora, as unidades didácticas teñen un enfoque basicamente estrutural e abordan un contido pouco variado, tanto dende o punto de vista lingüístico, como do temático e do cultural.
- O material debe estar estruturado de tal maneira que facilite o labor de coordinación dos diferentes profesores a cargo dun mesmo curso.
- O material **Aula de galego** procura contribuír como un elemento normalizador do galego estándar, sen por iso sacrificar o emprego de materiais auténticos, adaptados ás necesidades comunicativas do alumnado.

Respecto á programación

Como en calquera contexto de aprendizaxe, nas distintas modalidades dos cursos de galego a presentación e a exercitación de novos contidos debe adecuarse ás expectativas e ás necesidades do alumnado. O material debe, polo tanto, articularse para gardar un coidado

equilibrio entre as propostas novas que presenta cada unidade así como o reforzo e afianzamento de aspectos lingüísticos e comunicativos xa abordados en unidades ou niveis anteriores.

De igual xeito, a orientación das unidades pretende ser funcional para o heteroxéneo grupo de alumnos que van utilizar **Aula de galego**: tanto para aqueles que se encontran en situación de inmersión, como para os que acceden a través dun curso fóra de Galicia e, asemade, para os que teñen o galego como lingua propia ou ambiental. Pártese, polo tanto, do coñecemento da realidade sociolingüística do galego e da pretensión de lles dar resposta tamén ás necesidades daqueles galegos que queren consolidar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

Respecto ás características metodolóxicas do material

- Nos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga, máis que en calquera outro tipo de cursos, precísase un traballo especialmente compensado entre a práctica de destrezas comunicativas e a reflexión gramatical.
- Unha carga horaria como a dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga reclama, ademais, un material que teña moi en conta a inevitable tensión que viven profesorado e alumnado neste tipo de cursos: as actividades deben ser moi variadas tanto nos seus contidos como nas dinámicas de aula que propician. As destrezas implicadas en cada actividade e os procesos cognitivos que impulsan deben estar habilmente combinados para que cada día de traballo resulte un todo coherente e equilibrado: debe haber momentos para o lúdico e tempo para a reflexión, actividades en grupos e tarefas individuais, atención a aspectos formais e interacción significativa entre os membros do grupo, tempo para o estudo e para a práctica da lingua, e materiais para o descubrimento da cultura.

Aula de galego concibiuse como un material axustado á estrutura horaria dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga e ás expectativas e ás necesidades dun alumnado que realiza estancias breves en Galicia, podendo aínda adaptarse perfectamente aos diversos contextos e realidades dos alumnado que estuda galego a través dos programas de lectorado.

Cada nivel cobre arredor de 75 horas lectivas (incluíndo actividades complementarias e avaliacións) e preséntase en forma dun só volume, cunha serie de unidades didácticas estruturadas do seguinte modo:

portadiña

Na primeira páxina de cada unidade atópanse o título e unha imaxe que gardan relación cos contidos que se van aprender. Eses dous elementos permiten realizar actividades introdutorias para mobilizar os coñecementos previos dos estudantes. Ademais, indícase cal vai ser a tarefa final da unidade, así como os contidos lingüísticos necesarios para levala a cabo.

comprender

Preséntanse textos e documentos moi variados que contextualizan os contidos lingüísticos e comunicativos básicos da unidade, e fronte aos que os alumnos desenvolven fundamentalmente actividades de comprensión.

explorar e reflectir


No segundo bloque o alumnado realiza un traballo de observación da lingua a partir de novas mostras ou de pequenos corpus. Trátase de ofrecer un novo soporte para a tradicional clase de gramática, co que os alumnos, dirixidos polo material e polo profesor, descubren de modo indutivo o funcionamento da lingua nos seus diversos niveis (morfolóxico, léxico, sintáctico, funcional, discursivo...). É dicir, trátase de ofrecer ferramentas alternativas para potenciar e para activar o coñecemento explícito de regras.

Na mesma sección preséntanse **esquemas gramaticais** e funcionais a modo de cadros de consulta. Con eles perséguese, ante todo, a claridade, sen renunciar a unha aproximación comunicativa e de uso á gramática.

practicar e comunicar

O terceiro bloque está dedicado á práctica lingüística e comunicativa. Inclúe propostas de traballo moi variadas, pero que sempre consideran a significatividade e a implicación de alumno no seu uso da lingua.

Nunha primeira parte, o obxectivo é experimentar o funcionamento de regras en actividades que focalizan unha ou outra forma lingüística no que poderíamos chamar “microtarefas comunicativas”.



Na segunda parte desta sección, propóñense tarefas cuxo obxectivo é exercitar verdadeiros procesos de comunicación no seo do grupo, que implican diversas destrezas e que se concretan nun produto final escrito ou oral (unha escenificación, un póster, a resolución negociada a un problema etc.).

Cabe resaltar as novas propostas comunicativas, que encontramos nesta parte do manual, baseadas na experiencia do alumno nun contexto galego-falante: as súas observacións, a súa percepción do contorno convértese en material de reflexión intercultural e nun potente estímulo para a interacción comunicativa dentro do grupo-clase.



Inclúe materiais con contido cultural (textos informativos, imaxes...) que lle axudan ao alumno a acercarse e a comprender mellor a realidade cotiá e cultural galega.



Alén diso, o libro complétase coas seguintes seccións:

Máis exercicios

Propóñense novas actividades de práctica formal que estimulan a reflexión e a fixación dos aspectos lingüísticos presentados na unidade, deseñadas de modo que o alumnado as poida realizar de forma autónoma, aínda que tamén poden ser utilizadas na clase a modo de recapitulación de aspectos gramaticais e léxicos da secuencia.



Resumo gramatical

Ademais da sección de gramática incluída en cada unidade, o libro conta cunha sección que aborda brevemente, pero de forma máis detallada, os contidos gramaticais das diferentes unidades, aínda que se poida precisar do apoio do profesor para aclarar algúns aspectos.



Nivel A2 en lingua galega

Ofrécese unha descrición por competencias do nivel A2 segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias do Celga 1.



Transcricións

Por último, proporcionanse as transcricións de todo o material auditivo que se atopa no cd que acompaña o libro.

Con **Aula de galego** pretendemos encher un baleiro evidente cun material dúctil pero coherente; actual dende o punto de vista das novas tendencias metodolóxicas, pero, ao mesmo tempo fácil de usar e rico, pero non complexo. É un material que lles dedicamos a todos os colegas que realizan esa apaixonante, e ás veces non sempre suficientemente valorada, tarefa de ensinar a lingua galega dentro e fóra de Galicia.



índice

4 | O proxecto Aula de galego

9 | UNIDADE 1 O galego e ti

Nesta unidade imos coñecer os compañeiros de clase e facerlles recomendacións para aprender mellor o galego. Para iso, imos aprender:

- ♦ a dar e pedir datos persoais ♦ a presentarnos, saudar e despedirnos ♦ a falar das dificultades e dos recursos para aprender o galego ♦ a expresar intencións e intereses ♦ a facer recomendacións ♦ os números de 0 a 100 ♦ o abecedario ♦ algúns verbos en presente ♦ o artigo determinado

17 | UNIDADE 2 Eu son así

Nesta unidade imos presentar os nosos compañeiros de clase. Para iso, imos aprender:

- ♦ a identificar e describir fisicamente as persoas ♦ a falar do aspecto e do carácter ♦ a expresar as semellanzas e diferenzas entre as persoas ♦ a preguntar sobre gustos e intereses ♦ a contrastar gustos e preferencias ♦ a falar de relacións persoais ♦ o/a/os/as + adxectivo ♦ o/a/os/as + de + substantivo ♦ o/a/os/as + que + verbo ♦ os posesivos

25 | UNIDADE 3 A miña casaña, o meu lar

Nesta unidade imos deseñar unha casa ideal e buscar un compañeiro para compartir piso. Para iso, imos aprender:

- ♦ a expresar existencia e localización ♦ a describir obxectos: formas, estilos e materiais ♦ a facer comparacións ♦ a describir barrios, rúas e vivendas ♦ a definir os servizos máis prioritarios na veciñanza ♦ o artigo indeterminado ♦ algúns cuantificadores ♦ o superlativo relativo

33 | UNIDADE 4 Día a día

Nesta unidade imos coñecer os hábitos dos nosos compañeiros de clase. Para iso, imos aprender:

- ♦ a falar de hábitos ♦ a expresar a frecuencia ♦ a expresar a hora ♦ a expresar a secuencia das actividades ♦ a expresar a frecuencia das accións ♦ os días da semana ♦ eu tamén/eu tampouco, eu si/eu non ♦ estar + xerundio ♦ estar + a + infinitivo ♦ algúns verbos irregulares en presente ♦ máis verbos reflexivos

41 | UNIDADE 5 Cal prefires?

Nesta unidade imos facer a lista das cousas que necesitamos para pasar unha fin de semana fóra e decidir como as conseguimos. Para iso, imos aprender:

- ♦ a expresar a necesidade ♦ a captar a atención das persoas ♦ a identificar e describir obxectos ♦ a preguntar polos produtos nunha tenda ♦ a preguntar o prezo e pagar ♦ a invitar ou propoñer algo ♦ a aceptar ou rexeitar un convite ♦ a dar excusas e a xustificarnos ♦ os números a partir de 100 ♦ a forma e algúns usos do imperativo ♦ os demostrativos

49 | UNIDADE 6 Que sabes facer?

Nesta unidade imos escoller o chofer, o cociñeiro e o guía turístico da clase para pasar unha fin de semana de campada por Galicia. Para iso, imos aprender:

- ♦ a falar de experiencias pasadas ♦ a falar de habilidades e aptitudes ♦ a enumerar as calidades e os defectos das persoas ♦ o pretérito ♦ a perífrase **ter** + participio ♦ adxectivos de carácter ♦ algúns indefinidos

57 | UNIDADE 7 A comer!

Nesta unidade imos decidir o menú para unha cea con toda a clase. Para iso, imos aprender:

- ♦ a falar de gustos e de hábitos culinarios ♦ a pedir e dar información sobre comidas ♦ a desenvolvernos en bares, cafeterías e restaurantes ♦ algúns hábitos gastronómicos dos galegos ♦ as comidas do día ♦ pesos e medidas ♦ a forma impersoal con **se** ♦ os pronomes complemento de **OD** ♦ os conectores **e**, **pero** e **ademais** ♦ algúns usos de **ser** e **estar**

65 | UNIDADE 8 Guía de ocio

Nesta unidade imos planificar un día de ocio nunha cidade galega. Para iso, imos aprender:

- ♦ a falar de actividades de lecer ♦ a falar de horarios ♦ a describir lugares ♦ a falar do clima ♦ a relatar experiencias pasadas ♦ a falar de intencións e de proxectos ♦ os meses do ano ♦ o pretérito ♦ a perífrase **ir** + infinitivo ♦ algunhas expresións temporais

73 | UNIDADE 9 Estamos moi ben

Nesta unidade imos interesarnos polo estado e problemas dos compañeiros e ofrecerlles axuda. Para isto imos aprender:

- ♦ as partes do corpo ♦ a dar consellos e suxestións ♦ a falar de estados de ánimo ♦ a describir dores, molestias e síntomas ♦ a dar as condolencias e mostrar solidariedade ♦ algúns usos de **ser** e **estar** ♦ o futuro

81 | UNIDADE 10 Gustoume moito

Nesta unidade imos facer unha lista das cousas máis interesantes do lugar no que estamos. Para iso, imos aprender:

- ♦ a expresar o desexo de facer algo ♦ a falar de experiencias e valorais ♦ máis usos do pretérito ♦ **xa** e **aínda non** ♦ **gustárame/che/lle/nos/vos/lles** + infinitivo

89 | UNIDADE 11 Antes e agora

Nesta unidade imos decidir cal foi a época máis interesante da historia. Para iso, imos aprender:

- ♦ a falar de hábitos, costumes e circunstancias no pasado ♦ a situar accións no pasado e no presente ♦ a argumentar e a debater ♦ algúns usos do copretérito ♦ **xa non** e **aínda**

97 | UNIDADE 12 Unha vida de película

Nesta unidade imos escribir unha biografía imaxinaria. Para iso, imos aprender:

- ♦ a relatar e relacionar acontecementos pasados ♦ a falar da duración ♦ a perífrase **comezar a** + infinitivo ♦ o contraste entre o pretérito e o copretérito ♦ algúns marcadores temporais para relatar ♦ **estar** + xerundio no pasado

105 | Máis exercicios

129 | Resumo gramatical

144 | Nivel A2 en lingua galega

154 | Transcricións



Onde está a biblioteca?

Síntoo, non o sei.

Como se escribe "ventá"? Con be ou con uve?

Podes falar máis amodo, por favor?

Oh boda Chámome Cameeste do galego

Que significa "graciñas"?

Como se di "danke" en galego?

Que dis? Podes repetir, por favor?

Como se chama isto?

どこの国から来たの?

Síntoo. Non falo xaponés.

Páxina 23, exercicio 4.



UNIDADE 1

O galego e ti

Nesta unidade imos coñecer os compañeiros de clase e facerlles recomendacións para aprender mellor o galego.

Para iso, imos aprender:

- ◆ *a dar e pedir datos persoais* ◆ *a presentarnos, saudar e despedirnos*
- ◆ *a falar das dificultades e dos recursos para aprender o galego* ◆ *a expresar intencións e intereses* ◆ *a facer recomendacións* ◆ *os números de 0 a 100*
- ◆ *o abecedario* ◆ *algúns verbos en presente* ◆ *o artigo determinado*

1. ESTUDANTES DE GALEGO


A. Todas estas persoas estudan galego. Completa a ficha que falta cos teus datos.



Chámome Iara,
son brasileira
e profesora de
portugués.



Ola, son Maite.
Son galega e
traballo nunha
axencia de viaxes.




Chámome Juan, son
madrileño e son
médico.



Ola, son Hellen.
Son irlandesa e
traballo nunha
empresa de
informática.



Ola, o meu nome
é Mohamed. Son
palestino e
estudante de
matemáticas.



B. Agora xa podes presentarte ao resto da clase.

- Ola, chámome Susan, son alemá e traballo nunha empresa de informática.

2. TEST ORAL



A. Teresa está na Coruña para facer un curso de galego. Escoita a entrevista que lle fan na escola e completa a ficha.



Test oral

Curso Intensivo de Galego

● NOME:

● PAÍS:

● TEMPO QUE PENSA ESTAR EN GALICIA:

● PROFESIÓN:

● OUTROS IDIOMAS:

● POR QUE ESTUDA GALEGO?

● CANTO TEMPO HAI QUE ESTUDA GALEGO?

● COUSAS QUE LLE GUSTA FACER NA AULA
(Marque as respostas certas)

- | | |
|--|---|
| ☐ Exercicios de gramática. | ☐ Actividades orais. |
| ☐ Ler textos. | ☐ Xogos. |
| ☐ Traballar en grupo. | ☐ Traducir. |
| ☐ Actividades con internet. | |

● DIFICULTADES QUE TEN CO GALEGO
(Marque as respostas certas):

- | | |
|---|--|
| ☐ Entender a gramática. | ☐ Pronunciar correctamente. |
| ☐ Lembrar o vocabulario. | ☐ Falar con fluidez. |

B. Compara a túa ficha coa do teu compañeiro. Tendes toda a información? Podedes volver escoitar a entrevista para completar os datos que vos faltan.

C. Agora faille o mesmo test ao teu compañeiro e anota as súas respostas. Logo, explícallas ao resto da clase.



- De onde es, Aldo?
- Colombiano, e ti?
- Eu son brasileiro. Canto tempo pensas estar en Galicia?

D. Presenta o teu compañeiro ao resto da clase.

- Este é Aldo, é colombiano e pensa estar un ano en Galicia. Traballa nunha oficina...

3. GALICIA EN IMAXES

Cantos dos seguintes lugares coñeces? En parellas relacionade cada imaxe co seu nome.



1. Dunas de Corrubedo (Ribeira)
2. Poboado celta de Santa Tegra (A Guarda)
3. Ponte de Rande na Ría de Vigo
4. Catedral de Santiago
5. Muralla de Lugo
6. Paseo do Orzán (A Coruña)
7. As Burgas de Ourense
8. Hórreo de Carnota
9. Castro de Baroña
10. Mosteiro de Sobrado dos Monxes
11. Dolmen de Axeitos (Ribeira)
12. Ría de Pontevedra
13. Hórreos de Combarro
14. Santo André de Teixido
15. Illa da Toxa (O Grove)
16. Igrexa de Santa Comba de Bande
17. Pallozas do Cebreiro
18. Ribadavia (Festa Medieval)
19. Praza de María Pita (A Coruña)
20. Xunta de Galicia (Santiago de Compostela)

• O "hache" é o número 4, a Catedral de Santiago.
o Si, e o "efe"...

4. OS NOVOS GALEGOS

A. Estas persoas viven en Galicia por distintos motivos e teñen que aprender a lingua galega. Le os textos e di se tes algo en común con algunha delas.



HANS (holandés). Hai máis de quince anos que **vive** en Pontevedra e non **pensa** volver ao seu país. “Gústame a vida aquí, o clima, a comida, a xente...” **É** xornalista e **vía** xa moito, non só por Galicia, senón por toda España, Europa e Asia. Gústalle o galego, malia que **ten** algunhas dificultades. “O meu problema é que, despois de tantos anos, aínda **confundo** os tempos verbais do pasado. Ademais, para min é moi difícil pronunciar o erre”.

FABIÁN (arxentino). Hai seis meses que vive en Ourense. Traballa de camareiro, pero **estuda** galego porque **quere** presentarse a unhas oposicións. Só **comeza** a traballar ás seis da tarde. Cando non **vai** á academia, **pasea** pola cidade ou **practica** galego cos seus amigos. Agora xa se atreve a falar un pouquiño, pero aínda ten moito que aprender. “Cada día **descubro** palabras novas, pero ás veces cústame entender a xente e síntome ridículo cando **falo**”.



NADIA (romanesa). Ten 37 anos e hai dous que vive en Santiago. É profesora de canto e **ensina** no conservatorio de música. Ten as mañás libres, polo que aproveita para estudar galego. Logo **xanta** no comedor universitario e **traballa** toda a tarde. Aínda non **entende** perfectamente o galego. “Polas noites **vexo** a tele e **leo** un pouco. Cústame entender os xornais e revistas porque me falta vocabulario. Tampouco me acordo das palabras cando as **necesito**”. De momento, non **sabe** se volver a Romanía ou non.

• *Eu tamén paseo moito pola cidade.*

B. E ti, tes algún problema coa aprendizaxe do galego? Completa as frases segundo a túa experiencia.

1. A min cústame/cústanme
2. A min non me custa/custan
3. Para min o máis doado é/son
4. Para min o máis difícil é/son

C. Estes consellos poden axudar as persoas dos textos anteriores. Para quen cres que son?

1. Para iso **o máis axeitado é** ver a tele e escoitar a radio...
2. Creo que **tes que** ler moito, todo o que poidas: revistas, libros...
3. Para iso **o mellor é** escribir as palabras novas e que queres lembrar.
4. Creo que **o mellor é** perder o medo a falar e non ter vergoña.
5. **Tes que** pedirlle á xente que che fale máis amodiño.

• *O primeiro consello pode ser para Nadia e para Fabián, non?*

D. No texto hai algúns verbos destacados en negra. Todos están en presente. Sabes como son en infinitivo? Esríbeo no teu caderno.

E. Aquí tes un modelo de verbo regular de cada conxugación. Dos verbos anteriores, cales funcionan como os do cadro e cales non?

	falar	comer	vivir
(eu)	falo	como	vivo
(ti)	falas	comes	vives
(el/ela/vostede)	fala	come	vive
(nós)	falamos	comemos	vivimos
(vós)	falades	comedes	vivides
(eles/elas/vostedes)	falan	comen	viven

5. LETRAS E SONS



Escoita as seguintes palabras e esríbeas no teu caderno, clasificándoas segundo o son correspondente ás grafías en negra.

Grupo 1:

cego	forte	neno	bolo
colo	pedra	porta	polo
morte	gorxa	terra	medo
	cedo	pega	

/o/ tolo	/ɔ/ costa	/e/ dedo	/ɛ/ pedra

Grupo 2:

peixe	un	paxaro	algunha
éxito	pano	ningún	xadrez
caniza	aproximar	ningunha	exterior
	nación	xamón	

/f/ xente	/ks/ examen	/n/ nada	/ɲ/ unha

Abecedario

➔ Resumo gramatical p. 130

A a	F efe	M eme	Q que	V uve
B be	G gue	N ene	R erre	X xe
C ce	H hache	Ñ eñe	S ese	Z zeta
D de	I i	O o	T te	
E e	L ele	P pe	U u	

En galego, as vogais **e** e **o** poden manifestarse (medio)pechadas ou (medio)abertas, como nos seguintes pares:
certo/medo *bola/voda*

Números

➔ Resumo gramatical p. 130

0 cero	13 trece	26 vinde e seis
1 un/unha	14 catorce	27 vinde e sete
2 dous/dúas	15 quince	28 vinde e oito
3 tres	16 dezaseis	29 vinde e nove
4 catro	17 dezasete	30 trinta
5 cinco	18 dezaioito	31 trinta e tres
6 seis	19 dezanove	40 corenta
7 sete	20 vinde	50 cincuenta
8 oito	21 vinde e un/unha	60 sesenta
9 nove	22 vinde e dous/dúas	70 setenta
10 dez	23 vinde e tres	80 oitenta
11 once	24 vinde e catro	90 noventa
12 doce	25 vinde e cinco	100 cen

Artigo determinado e preposicións

➔ Resumo gramatical p. 132

	Singular	Plural
Masculino	o curso	os cursos
Feminino	a festa	as festas

Coas preposicións **a**, **con**, **de**, **en** o artigo determinado contrae formando:

	o/s	a/as
a	ao/aos	á/ás
con	co/cos	coa/coas
de	do/dos	da/das
en	no/nos	na/nas

Presente de indicativo: verbos reflexivos

➔ Resumo gramatical p. 138-139

	CHAMARSE	SENTIRSE
(eu)	chámome	síntome
(ti)	chámaste	sénteste
(el/ela/vostede)	chámase	séntese
(nós)	chamámonos	sentímonos
(vós)	chamádesvos	sentídesvos
(eles/elas/vostedes)	chámanse	séntense

Colocación do pronome

➔ Resumo gramatical p. 134

En galego, os pronomes débense colocar despois do verbo.
● *Chámome* Madalena.

Non obstante, o pronome vén antes do verbo nalgúns casos: despois de palabras que indican negación, interrogativos, conxuncións subordinantes, algúns adverbios e indefinidos.

- *On de me sento?*
- *Non se lembra das palabras.*
- *Creo **que se chama** Andrea.*
- *Sempre se levanta moi cedo.*
- *Algo me parece raro.*

Verbos irregulares máis frecuentes

SER	ESTAR	FACER	IR	TER
son	estou	fago	vou	teño
es	estás	fas	vas	tes
é	está	fai	vai	ten
somos	estamos	facemos	imos	temos
sodes	estades	faceades	ides	tendes/tedes
son	están	fan	van	teñen

Falar de intencións

Pensar + infinitivo

- *Canto tempo **pensas estudar** aquí?*
- *En principio, **penso quedar** un ano.*

Querer + infinitivo

- *Que **queres facer** nas fins de semana?*
- *Pois **quero viaxar** por Galicia e **coñecer** xente.*

Interrogativos. Datos persoais

- *Como te chamas/se chama?* ○ *(Chámome) Michael.*
- *Cantos anos tes/ten?* ○ *(Teño) 28 anos.*
- *A que te dedicas/ se dedica?* ○ *Traballo nun banco.*
- *En que traballas/traballa?* ○ *Son profesor.*

Falar de motivacións

- *Por que estudades galego? (**Por que** + verbo conxugado)*
- *Porque quero vivir en Galicia. (**Porque** + v. conxugado)*
- *Para viaxar por Galicia. (**para** + infinitivo)*
- *Polo meu traballo. (**Por** + substantivo)*

Facer recomendacións

tes que relacionarte

- *Para falar ben, **o mellor é relacionarse** cos galegos.*
- ***o máis axeitado é relacionarse***

Expresar intereses

- *Interésame/che/lle/nos/vos/lles* o curso de teatro. visitar a catedral.
- *Interésanme/che/lle/nos/vos/lles* as clases de baile.

Falar de dificultades na aprendizaxe

- *Cústame/che/lle/nos/vos/lles* a gramática. **falar.**
- *Cústanme/che/lle/nos/vos/lles* os verbos.

Sentirse + adxectivo + cando + presente

- *Síntome ridículo/inseguro cando **falo** con nativos.*

Outros recursos

- *Para min, **o mais difícil** é pronunciar o xe.*
- *Para min, (**o mais difícil**) **son** os verbos.*
- *Para min, **é moi difícil** entender películas en galego.*
- *Para min, **son moi difíciles** as palabras longas.*

6. QUE COUSAS CHE INTERESAN MÁIS DE GALICIA?

A. Prepara frases coas cousas que máis che interesan e cóntallo ao teu compañeiro.

- | | |
|--------------|-------------------|
| a historia | a xente |
| a comida | a vida nocturna |
| a arte | os monumentos |
| a literatura | o deporte |
| os bares | as discotecas |
| a política | a música |
| as praias | as zonas rurais |
| as festas | a natureza |
| os museos | a cultura popular |



- A min interésanme a cultura popular e a política.
- Pois a min a política non me interesa nada. Interésanme máis a arte e a vida nocturna.

B. Agora informa o resto da clase do que lle interesa ao teu compañeiro.

- A Andrea interésanlle a arte e a vida nocturna.

7. A FESTA



A. Anxo, un profesor de galego, organizou unha festa para os seus alumnos e alumnas e para algúns profesores. Escoita e marca na súa lista de invitados quen está na festa.

Angélica
Xosé Antón
Emilia Iria
Lúa Guillerme
Mauricio Paul
Mencía Lindsey
Margarida Lucille



B. Agora escoita outra vez e completa estas frases coa información que tes de cada unha das persoas.

1. Paul é.....
2.
3.
4.
5.
6.



C. Imaxina que ti tamén estás na festa e algunhas persoas falan contigo. Que lles respondes?

1.

2.

3.

4.

8. QUE QUERES FACER NESTE CURSO?

A. Marca as cousas que máis che interesa facer neste curso.



B. En pequenos grupos decide que tres cousas queres facer todos no curso.

- Pois eu quero falar moito na clase, escribir mellor e facer xogos, e ti?
- o A min interésame facer exercicios de gramática.

C. Agora completade o texto e comentádelle as vosas preferencias ao resto da clase.

Neste curso queremos...

9. QUEN SABE MÁIS SOBRE GALICIA?

A. En pequenos grupos intentade completar o seguinte cadro. A ver quen consegue rematar antes.



- ▶ **Un/unha escritor/a:**
- ▶ **Un/unha director/a de teatro ou de cine:**
- ▶ **Un actor/unha actriz:**
- ▶ **Un músico ou un grupo musical:**
- ▶ **Un/unha pintor/a, escultor/a ou arquitecto/a:**
- ▶ **Un prato típico ou unha bebida:**
- ▶ **Un/unha deportista:**
- ▶ **Unha festa popular:**
- ▶ **Un produto típico:**



B. Agora comprobade se os vossos compañeiros saben as mesmas cousas ca vós.

- Laxeiro...
- É un pintor.
- Si, moi ben!

C. Se non es galego, pregúntalles aos teus compañeiros que saben sobre o teu país.

- Sabes cal é a capital de Ucraína?
- Minsk.
- Non! É Kiev. É o nome dun deportista?
- Si, Shevchenko.



UNIDADE 2

Eu son así

**Nesta unidade imos presentar os nosos compañeiros de clase.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ a identificar e describir fisicamente as persoas ◆ a falar do aspecto e do carácter ◆ a expresar as semellanzas e diferenzas entre as persoas
- ◆ a preguntar sobre gustos e intereses ◆ a contrastar gustos e preferencias
- ◆ a falar de relacións persoais ◆ **o/a/os/as** + adxectivo
- ◆ **o/a/os/as** + **de** + substantivo ◆ **o/a/os/as** + **que** + verbo ◆ os posesivos

1. IRMÁNS

Estes son os irmáns Portela. Escolle un deles. O teu compañeiro vaiche facer preguntas para adiviñar cal é.

- É louro?
- o Non.
- É moreno?
- o Si.
- Leva lentes?
- o Si.



5. Xoán Portela

É roxo.
Ten o pelo liso.
Leva o pelo longo.
Ten os ollos azuis.
Ten bigote.



1. Marcos Portela

É moreno.
Ten o pelo rizado.
Ten os ollos verdes.
Leva bigote.
Leva lentes.



6. Bieito Portela

É moreno.
Leva o pelo curto.
Ten o pelo rizado.
Ten os ollos verdes.



2. Xulio Portela

É louro.
Ten os ollos azuis.
Ten barba.
Leva o pelo curto.



7. Miguel Portela

É calvo.
Ten os ollos marróns.
Ten perilla.



3. Xurxo Portela

Ten o pelo castaño.
Ten o pelo rizado.
Leva o pelo longo.
Ten os ollos verdes.
Ten barba.
Leva lentes.



8. Rafa Portela

É louro.
Leva o pelo curto.
Ten os ollos negros.
Ten perilla.
Leva lentes.



4. Ramón Portela

É calvo.
Ten os ollos marróns.
Ten perilla.
Leva lentes.



9. Pedro Portela

Ten o pelo castaño.
Ten o pelo rizado.
Leva o pelo longo.
Ten os ollos marróns.
Ten bigote.
Leva lentes.



10. Manuel Portela

É roxo.
Ten o pelo rizado.
Leva o pelo longo.
Ten os ollos azuis.
Leva lentes.

2. PRESENTACIÓNS

A. O programa *Galegos no Planeta* está realizando un *casting* para elixir a presentadora. A continuación vas ler a presentación de tres candidatas. A que fotografía cres que corresponde cada unha das descrições? Identificaas cos textos.

GALEGOS NO PLANETA



1. Bo día. Chámome Carme e son funcionaria. Estudo inglés e portugués. Gústame coñecer xente nova e pintar. As fins de semana encántame practicar deportes ao aire libre. Son a miña paixón. Teño 30 anos. Ata logoño.



B. Agora as tres candidatas falan un pouco máis delas mesmas. escoita o que din. Sabes quen fala en cada caso? Escribe o nome ao lado do número correspondente.

1.
2.
3.


C. Como cres que son estas rapazas? Completa o cadro e, logo, compara as túas respostas coas do teu compañeiro.

	CARME	OLAIA	LAURA
Parece unha persoa alegre e divertida.			
Parece bastante intelixente.			
Parece unha rapaza moi interesante.			
Parece un pouco antipática.			
Parece unha persoa bastante agradable.			
Parece moi simpática.			
Parece unha rapaza introvertida.			

- Olaia parece moi simpática, non?
- Si, e tamén moi intelixente.

3. OS MEUS AMIGOS

A. Mar está pasando unha tempada en Arxentina. Hoxe escribiulle unha mensaxe electrónica á súa irmá e envioulle unha fotografía. Podes identificar os seus amigos?



B. As estruturas que están a continuación sérvennos para identificar algo ou alguén dentro dun grupo. Podes marcar todas as que encontres na mensaxe de Mar?

- o / a / os / as + **adxectivo**
- o / a / os / as + **de** + **substantivo**
- o / a / os / as + **que** + **verbo**

4. TEMPO LIBRE

A. A revista on line *Aula de música* pregúntalles a algúns mozos galegos sobre os seus gustos musicais. Remarca nos textos as informacións coas que coincides.

Xan
24 anos
Portomarín

Que tipo de música escoitas normalmente? Gústanme moitos tipos, pero ultimamente escoito moita música folk. **Onde escoitas música?** En todas as partes: no coche, na casa, no traballo... **O teu cantante ou grupo favorito?** Encántame Fía na Roca.

Serxio
33 anos
Laxe

Que tipo de música escoitas normalmente? Clásica e jazz, sobre todo. **Onde escoitas música?** Na casa. Á miña moza tamén lle gusta a música e na casa temos moitísimos discos. **E gústavos o mesmo tipo de música?** Non, a ela interésanlle máis a música *soul* e a alternativa.

Beatriz,
28 anos
Clara,
24 anos
A Pobra

Que tipo de música escoitades normalmente? Gústanos escoitar de todo, pero preferimos o pop independente. **En inglés?** Si, pero tamén nos interesa moito o pop en galego. **Os vossos grupos favoritos?** Encántannos Radiohead, Los Planetas e Quant.


B. Encerra nun círculo todas as frases nas que aparecen **gusta/gustan, encanta/encantan e interesa/interesan**. Entendes a diferenza entre as formas? Coméntao co teu profesor.

C. Agora completa este cadro cos pronomes correspondentes.

(A min)	gústa/n.....	encánta/n.....	interésa/n.....
(A ti)	gústa/n che	encánta/n che	interésa/n che
(A el/ela/vostede)	gústa/n.....	encánta/n.....	interésa/n.....
(A nós)	gústa/n.....	encánta/n.....	interésa/n.....
(A vós)	gústa/n.....	encánta/n.....	interésa/n.....
(A eles/elas/vostedes)	gústa/n lles	encánta/n lles	interésa/n lles

5. A FAMILIA DE SOCORRO

Esta é a árbore xenealóxica dunha familia galega. Le as frases e escribe as relacións que faltan.



- Manolo é o marido de Socorro.
- Socorro é a avoa de Clara e de Daniel.
- Clara é a filla de Alberto e de Luisa.
- Daniel é o neto de Manolo e de Socorro.
- Marta é a irmá de Alberto.
- Manolo é o pai de Marta e de Alberto.

Aspecto físico

É	(un rapaz/unha rapaza)	moi	guapo/a.
	(un home/unha muller)	bastante	atractivo/a.
		un pouco*	feo/a.

Outros trazos físicos: **louro/a, moreno/a, calvo/a, alto/a, baixo/a, gordo/a, delgado/a...**

Ten	o pelo louro/castaño/negro/rizado/liso. os ollos negros/azuis/verdes/marróns. barba/bigote/perilla.
Leva	o pelo longo/curto. lentes/gorra/chapeu/traxe/gravata...
Mide	1,80
Pesa	78 quilos.

Primeiras impresións (carácter)

Parece	(un rapaz/unha rapaza) (un home/unha muller)	moi bastante un pouco*	divertido /a aburrido/a aberto/a pechado/a serio/a simpático/a tímido/a xeitoso/a interesante intelixente alegre agradable desagradable sociable
--------	---	------------------------------	---

- Que pensas de Mari?
- Non sei, **parece bastante xeitosa.**

*Úsase con adxectivos que se consideran negativos.

Gustos e intereses

➔ Resumo gramatical p. 138

(A min)	gústame/che/lle/nos/vos/lles
(A ti)	o cine/ir ao cine
(A el/ela/vostede)	
(A nós)	gústanme/che/lle/nos/vos/lles
(A vós)	os filmes de acción
(A eles/elas/vostedes)	

PREFERIR

(eu)	prefiro	(nós)	preferimos
(ti)	prefires	(vós)	preferides
(el/ela/vostede)	prefire	(eles/elas/vostedes)	prefiren

Contrastar gustos

- (A min) encántanme as discotecas.
- A min **tamén.**
- Pois eu prefiro os bares con música ambiente.
- Non me gusta nada o baloncesto.
- A min **tampouco.**
- Pois a min, si.
- Que facedes normalmente os venres pola noite?
- A min gústame ir ao cine, pero a ela encántalle quedar na casa vendo a tele.

Falar de parecidos

PARECER

(eu)	parézome	(nós)	parecémonos
(ti)	paréceste	(vós)	parecédesvos
(el/ela/vostede)	parécese	(eles/elas/vostedes)	parécense

- Eu **parézome** a meu pai. (= Meu pai e eu **parecémonos.**)
- Pois eu, no carácter, son coma miña nai.

Os posesivos

➔ Resumo gramatical p. 133

	Masculino		Feminino	
	Sing.	Plural	Sing.	Plural
(eu)	meu	meus	miña	miñas
(ti)	teu	teus	túa	túas
(el/ela/vostede)	seu	seus	súa	súas
(nós)	noso	nosos	nosa	nosas
(vós)	voso	vosos	vosa	vosas
(eles/elas/vostedes)	seu	seus	súa	súas

O posesivo diante dun nome vai obrigatoriamente con artigo, pero con nome de parentesco ten un emprego opcional:
o meu libro, a miña camisa; (o) meu home, (a) miña irmá...

Identificar

O/a/os/as + adxectivo:	Os louros son xemelgos.
O/a/os/as + de + substantivo:	O de traxe azul é o meu veciño.
O/a/os/as + que + verbo:	A que canta é miña nai.

Falar de relacións

Presentar

- É un **compañeiro/son uns** compañeiros de traballo.
- É un **amigo meu/unha** amiga **miña.**
- Son **uns** amigos **meus/unhas** amigas **miñas.**

Relacións de parentesco

pais = pai + nai	home
irmáns = irmán + irmá	muller
avós = avó + avoa	cuñado/a
fillos = fillo + filla	tío/a
neto/a = fillo/filla dos fillos	sobriño/a
xenro = marido da filla	padriño/madriña
nora = muller do fillo	afillado/afillada

Relacións de parella

Estar	casado/a	Ter	parella	Saír	cun rapaz
	solteiro/a		mozo/a		cunha rapaza
	divorciado/a*				con guén al
	separado/a*				
	viúvo/a				


*Para persoas separadas/divorciadas úsase **ex-marido** e **ex-muller**.

Valorar unha relación

(eu)	lévome		
(ti)	lévaste	ben	
(el/ela/vostede)	lévase	regular	con...
(nós)	levámonos	mal	
(vós)	levádesvos		
(eles/elas/vostedes)	lévanse		

6. BUSCAR PARELLA

A. Le estes dous anuncios da sección de contactos dunha páxina web. En parellas, elixide un deles e escribide o anuncio de alguén ideal para esa persoa.



1. ENXEÑEIRA SOLTEIRA

Chámome **Tareixa** e estou solteira. Teño 45 anos, mido 1,65 e peso 67 quilos. Son morena e teño os ollos azuis. Son enxeñeira industrial. Gústame o mar, pasar as fins de semana navegando e descubrindo bos restaurantes. Son unha persoa optimista, alegre e en xeral lévome ben con todo o mundo. Quero coñecer un home agarimoso, preferentemente moreno e maduro, de entre 40 e 45 anos para matrimonio. Non importa a súa situación económica.

2. MOZA EXPLOSIVA

Ola, queres coñecer unha moza explosiva? Chámome **Noa** e teño 22 anos. Mido 1,72 e peso 65 quilos. Son loura e teño os ollos verdes. A xente di que me parezo a Pamela Anderson. Agora traballo nunha axencia inmobiliaria. Encántame viaxar, bailar e divertirme. Quero coñecer un mozo alegre, a ser posible alto e ben feitoño, para ser amigos e aos poucos descubrir se podemos ser algo máis. Escíbeme!

B. Agora lede o voso anuncio en voz alta e os vossos compañeiros teñen que decidir se a persoa encaixa con Tareixa ou con Noa.

7. A NAI DA MIÑA NAI

Mira o vocabulario da familia que tes na actividade “A familia de Socorro”. Escribe cinco frases sobre a túa familia e despois lellas ao teu compañeiro, que ten que descubrir quen é.

- Chámase Bieito, é o pai de meu pai...
- o É o teu avó!

8. É UN HOME DUNS 65 ANOS...

Prepara a descrición dunha personaxe famosa, real ou de ficción, ou dun alumno/dunha alumna da clase. Despois, lella a un compañeiro. Sabes quen é?

- UN ACTOR, UNHA ATRIZ
- UN DEPORTISTA, UNHA DEPORTISTA
- UN CANTANTE, UNHA CANTANTE
- UN HOME DE NEGOCIOS, UNHA MULLER DE NEGOCIOS
- UN POLÍTICO, UNHA POLÍTICA
- UN ALUMNO DA CLASE
- UNHA ALUMNA DA CLASE



un neno	un mozo / un rapaz
un home / señor	un señor maior
unha nena	unha moza / unha rapaza
unha muller / señora	unha señora maior
ten 20 anos	
ten uns 40 anos =	ten aproximadamente 40 anos

- É un home duns 65 anos. Agora non é moi guapo, pero de mozo si. É un cantante moi famoso que vive en Miami, e ten un fillo tamén cantante que se chama Enrique. É de orixe galega...
- o Julio Iglesias?
- Si.

9. EU QUERO COÑECER O PRIMO DE UXÍA

A. Queres recibir unha visita de alguén doutro país ou cidade? Escolle unha persoa (un familiar, un amigo, unha amiga etc.) que coñezas e que queiras que pase uns días contigo. Prepara unha descrición da persoa que escolliches cubrindo a seguinte ficha.

Persoa elixida:	
Relación comigo:	
Nacionalidade:	
Ocupación:	
Idade:	
Aspecto físico:	
Carácter:	
Calidades:	
Gustos e afeccións:	
Habilidades :	



B. Descríbelle agora esa persoa ao resto da clase. Os teus compañeiros teñen que escoitar atentamente para logo escoller un dos convidados para coñecelo. Tamén poden facer preguntas.

- O meu convidado chámase Antón, é un primo meu e vive en Caracas. Ten 30 anos e é economista. É un rapaz moi simpático e moi divertido: gústalle moito a troula, bailar e coñecer xente nova... e tamén sabe tocar a gaita!
- E como é?
- Pois... moi ben feito.

C. Agora cada alumno debe dicir a quen quere coñecer e explicar por que.

- Eu quero coñecer o primo de Uxía, a Antón, porque aos dous nos gustan as festas e porque di que é moi feito...

10. MODELOS DE FAMILIA

A. Aquí tes cinco modelos de familias galegas. Le os textos. Cal cres que é o modelo de familia máis típico en Galicia? E o menos típico? Coméntao cos teus compañeiros.

1. Sabela ten 35 anos. É propietaria dun negocio. Ten un neno adoptado de tres anos de orixe ucráina e viven nunha casa nas aforas de Vigo.

2. Estevo e Anxélica, de 60 e 55 anos, viven en Narón. El traballa de mecánico e ela é ama de casa. Viven cos tres fillos: Aurora, de 30, Claudia, de 27, e Isaac, de 25.

3. Rexina e Marcelino viven nunha aldea do interior da provincia de Ourense. Están xubilados e viven sos. Ela ten 76 anos e el 73.

4. Alberte e Lucía viven en Cambados. Non están casados. Ela é ama de casa e el mariñeiro. Está seis meses embarcado e seis na casa. Teñen dous fillos.

5. Anxo e Bertrán están casados dende hai tres meses. Ambos son galegos e teñen un bar en Baiona. Os dous teñen 33 anos.

6. Carlos e Adriana viven en Santiago. Teñen 30 e 34 anos. El é galego e ela brasileira. Teñen un fillo. Os dous traballan de administrativos nunha empresa de construción.

B. Se non es galego, que modelos de familias existen no teu país ou na túa comunidade? En pequenos grupos, describe o modelo de familia máis típico do lugar de onde sodes.

C. Agora, le os seguintes titulares de prensa e di con que persoas da reportaxe da sección A os podes relacionar. Pode haber máis dunha opción.



A O envellecemento de Galicia castiga o mercado laboral

C

Nenos e adolescentes de familias monoparentais canguesas participan no programa Rais

B Unhas tres mil familias poderán optar a unha rebaixa do 25% no IBI da zona rural

D A metade dos fogares ourensáns acollen, polo menos, unha persoa de máis de 65 anos

E Oenugués de Vigo lanzan a primeira entidade nacional de familias do mar

F Polo menos 350 casamentos homosexuais nos primeiros meses de vixencia da lei

G A natalidade galega supón só o 4,6% da española, a metade que hai 50 anos

H A falta de regulación permitirá que as parellas de feito poidan adoptar

I As familias numerosas terán descontos no transporte



UNIDADE 3

A miña casa, o meu lar

**Nesta unidade imos deseñar unha casa ideal e buscar un
compañeiro para compartir piso.**


Para iso, imos aprender:

- ◆ a expresar existencia e localización
- ◆ a describir obxectos: formas, estilos e materiais
- ◆ a facer comparacións
- ◆ a describir barrios, rúas e vivendas
- ◆ a definir os servizos máis prioritarios na veciñanza
- ◆ o artigo indeterminado
- ◆ algúns cuantificadores
- ◆ o superlativo relativo

1. O BARRIO DO ENSANCHE

A. Este é o barrio do Ensanche. Onde están as cousas da lista? Escribe o número ao lado.

- | | |
|---|---|
| ☐ unha rúa peonil | ☐ unha tenda de roupa |
| ☐ un restaurante | ☐ bares |
| ☐ un parque | ☐ un aparcadoiro |
| ☐ contedores de lixo | ☐ unha escola |
| ☐ un caixeiro automático | ☐ unha biblioteca |
| ☐ un teléfono público | ☐ un supermercado |
| ☐ un centro comercial | ☐ unha parada de autobús |



B. Agora completa a lista con outros servizos ou establecementos que vexas no debuxo.

C. Cres que lle falta algo a este barrio? Coméntao co teu compañeiro.

Neste barrio **non** hai **ningún** ciber.
Neste barrio **non** hai **ningunha** igrexa.
Neste barrio **non** hai teatros.

D. E ti, en que barrio vives? E o teu compañeiro? Facédevos preguntas.

- Onde vives ti?
- Eu nun barrio das aforas, na rúa Eduardo Pondal. E ti?
- Eu vivo nunha aldea da periferia. E que cousas hai cerca da túa casa?

2. PROMOCIÓN INMOBILIARIAS

A. Unha axencia inmobiliaria publicou estas ofertas de pisos e casas de alugamento. Mira o plano da dereita e decide a que vivenda corresponde.

■ **Chalé** de nova construción. 367 m² en parcela de 600 m². Dous andares máis garaxe (2 prazas). Recibidor, despacho, 3 baños, lavadoiro, cociña, salón-comedor de 60 m², terraza de 40 m², 5 cuartos, rocho, sala de xogos. Fantásticas vistas. 1 500 €/mes.

■ **Vivenda unifamiliar** de 100 m² nunha urbanización a 20 minutos do centro. 4 cuartos, salón con cheminea, cociña-comedor, 1 garaxe, 2 baños e 1 aseo. 2 te-

razas, 1 balcón. Xardín e piscina comunitarios. 900 €/mes.

■ **Estudio** de 40 m². Sen amoblar. Ascensor. Ben situado e moi luminoso. 1 cuarto. Edificio antigo con encanto. Terraza. 400 €/mes.

■ **Piso** de 110 m². Moi ben comunicado. Moi tranquilo. Boa distribución: 3 cuartos, 2 baños, salón amplo e balcón. Moito sol. Preparado para entrar a vivir. 850 €/mes.



■ **Ático** de 85 m² en perfecto estado. Parqué, 2 terrazas (unha de 20 m²), 3 cuartos, cociña totalmente equipada, baño + aseo. 750 €/mes.

■ **Casa** de 220 m², cunha horta de 300 m². Faiado equipado para estudio e baixo con la-

reira e garaxe. 1 cociña, 2 baños, 1 comedor, 1 salón e 5 cuartos. A 10 minutos do centro da cidade. 1 000 €/mes.

■ **Apartamento** de 60 m², a 5 minutos da praia, 2 cuartos, 1 baño, salón de 16 m². 500 €/mes.

B. Estas son as fichas de clientes dunha axencia inmobiliaria. Cal das vivendas anteriores pode ser máis adecuada para cada un deles? Coméntao co teu compañeiro.

NOME: *Adrián Pastoriza (23)*
PROFESIÓN: *técnico en electrónica*
NIVEL ADQUISITIVO: *medio-baixo*
FILLOS: -
ANIMAIS: *un can*
AFECCIÓNS: *xogar ao fútbol e o ciclismo*

NOME: *María Amil (50)*
PROFESIÓN: *pintora*
NIVEL ADQUISITIVO: *medio-alto*
FILLOS: -
ANIMAIS: -
AFECCIÓNS: *escoitar música e ioga*

NOME: *Xusta Arias (33) e Antón Barcala (35)*
PROFESIÓN: *funcionaria e autónomo*
NIVEL ADQUISITIVO: *medio*
FILLOS: *dous (de 5 e 2 anos)*
ANIMAIS: -
AFECCIÓNS: *ir ao cine e pasear polo campo as fins de semana*

NOME: *Xurxo García (44) e Amelia Castro (38)*
PROFESIÓN: *médico e directora xeral dunha empresa*
NIVEL ADQUISITIVO: *alto*
FILLOS: *dous (de 11 e 7 anos)*
ANIMAIS: -
AFECCIÓNS: *xogar ao tenis e viaxar*

- Eu creo que Xusta e Antón poden alugar o chalé.
- Non sei, paréceme un pouco caro. Quizais a casa, non? É máis económica e...


C. E ti, en que tipo de casa vives? Como é? Onde está? Explicállelo aos teus compañeiros.

- Eu vivo nun estudio, bastante lonxe do centro. É un pouco pequeno, pero moi acolledor. Ten...

3. UNHA CASA DE TOLOS

Nesta casa de tolos os mobles están nuns lugares moi estraños. Mira o debuxo e completa as frases.

1. Hai unha
enriba da mesa.
2. Hai unha
detrás do sofá.
3. **Debaixo da**
hai un floreiro.
4. Hai unha **diante da** neveira.
5. Hai un **entre** a neveira e a cociña.
6. A está **á dereita do** cadro.
7. A está **á esquerda do** cadro.
8. O está **ao lado do** sofá.
9. **No centro da** estancia hai unha



4. SON BASTANTE DIFERENTES

A. Xaime viviu un tempo na Coruña e un tempo en Vigo. Le estas frases nas que compara as dúas cidades. En cal das dúas cres que ti poderías vivir mellor? Por que?

- | |
|---|
| 1. Vigo é máis grande que A Coruña. |
| 2. Na Coruña hai máis edificios con galerías que en Vigo. |
| 3. Vigo ten máis habitantes ca A Coruña. |
| 4. Na Coruña hai menos tráfico ca en Vigo. |
| 5. En Vigo hai tantas casas antigas coma na Coruña. |
| 6. A Coruña é menos ruidosa que Vigo. |
| 7. En Vigo hai tantos edificios altos coma na Coruña. |
| 8. Na Coruña hai menos prazas que en Vigo. |
| 9. En Vigo hai tantas zonas verdes como na Coruña. |
| 10. A Coruña non é tan industrial coma Vigo. |

B. Agora, observa as estruturas que están marcadas en negriña nas frases anteriores. Todas serven para comparar. Clasifícaa nun cadro coma este no teu caderno.

con nomes	con adxectivos
tanto ... como	

C. Pensa en dúas cidades que coñeces e escribe frases comparándoas. Usa as estruturas que acabas de clasificar na sección **B.**

- En Sanxenxo hai **máis** tráfico **ca** en Cangas.

5. PERDOA, SABES SE HAI...?

A. Nestes diálogos unhas persoas preguntan como chegar a diferentes sitios. Relaciona as indicacións que lles dan cos planos.

(A)

- Perdoe, sabe se hai algunha panadería por aquí?
- Si, a ver, a primeira... non, a segunda á dereita. Está xusto na esquina.

(B)


- Perdoa, sabes se hai unha xestoría por aquí preto?
- Preto, non. Hai unha un pouco máis lonxe, a uns dez minutos de aquí.

(C)

- Perdoa, sabes se o hospital fica preto de aquí?
- O hospital? Si, mira. Segues todo recto e está ao final desta rúa, despois da gasolinera.

(D)

- Perdoe, a Biblioteca Xeral está nesta rúa?
- Si, pero ao final. Segues todo recto ata a praza e alí está, na mesma praza, á esquerda.



B. Agora escoita e compara.

Expresar existencia e localización

➔ Resumo gramatical p. 142

Existencia: HAI

- Neste barrio **hai** un centro cultural moi importante.
- En Galicia **hai** 14 rías.

Localización: ESTAR

- O Museo do Pobo galego **está** en Santiago de Compostela.
- As illas Cíes **están** na provincia de Pontevedra.

Artigo indeterminado e preposición

➔ Resumo gramatical p. 132

	Singular	Plural
Masculino	un banco	uns parques
Feminino	unha froitería	unhas tendas

Coas preposicións **con**, **de** e **en** o artigo indeterminado contrae.

	un/s	unha/s
con	cun/cuns	cunha/cunhas
de	dun/duns	dunha/dunhas
en	nun/nuns	nunha/nunhas

Cuantificadores

Masculino Singular

ningún cine
pouco ruído
un parque
algún restaurante

bastante tráfico/xente

moito ambiente

Masculino Plural

poucos parques
algúns bares
varios restaurantes
moitos edificios

bastantes parques/zonas verdes

Feminino Singular

ningunha zona verde
pouca xente
unha parada de autobús
algunha farmacia

moita polución

Feminino Plural

poucas froiterías
algunhas farmacias
varias tabernas
moitas garderías

Moi + adxectivo

- É un barrio **moi** tranquilo.
- Ten unhas vistas **moi** bonitas.

Verbo + moito

- En Galicia chove **moito**.

Localizar

➔ Resumo gramatical p. 136



Pedir información sobre enderezos

sabes/sabe se hai unha farmacia (por) aquí preto?
Perdoa/e, sabes/sabe se o hospital está (por) aquí preto?
está moi lonxe de aquí a universidade?
onde está a praza de abastos?
a catedral está nesta rúa?

Dar información sobre enderezos

Está a uns 20 minutos a pé/en autobús/en coche/en tren...
uns douscentos metros de aquí.

Está moi/bastante/un pouco lonxe.
moi/bastante preto.
aquí ao lado/aquí mesmo.

- Perdoe, o auditorio **está moi lonxe de aquí?**
- Que va! **Está aquí ao lado, a cinco minutos andando.**

Todo recto

Á dereita/esquerda (de...)

Ao lado (de...)

Ao final da rúa

Na esquina/praza/beirarrúa...

- Perdoe, sabe se hai algunha froitería por aquí preto?
- Hai unha **ao final da rúa, á dereita, ao lado dun hotel.**

Comparar Superioridade

➔ Resumo gramatical p. 137-138

Con nomes

- A Coruña ten **máis** habitantes **ca/que** Lugo.

Con adxectivos

- Vigo é **máis** grande **ca/que** Santiago.

Igualdade

Con nomes

- Esta casa ten **tanto** espazo **tanta** luz **comas/como** a outra.
tantos balcóns **tantas** ventás

Con adxectivos

- Aquí as casas son **tan** caras **coma/como** no meu país.

Inferioridade

Con nomes

- No meu país hai **menos** balcóns **ca/que** aquí.
tanto espazo
- Esta casa **non** ten **tanta** luz **como/coma** a outra.
tantos balcóns **tantas** habitacións

Con adxectivos

- Esta casa é **menos** luminosa **que as/cás** outras.
- O seu barrio é **menos** tranquilo **que o/có** meu.
- Aquí as casas **non** son **tan** caras **como/coma** no meu país.

O superlativo relativo

➔ Resumo gramatical p. 138

- A ría de Arousa é a **máis** grande **de** Galicia.
- O Nilo e o Amazonas son os ríos **máis** longos **do** mundo.



6. O MEU LUGAR FAVORITO



A. Catro persoas fálannos dos seus lugares favoritos na casa. Escoita e completa os datos que faltan no cadro.

Nome	Lugar favorito	Actividades
 1. Ignacio		
 2. Encarna		
 3. Pedro		
 4. Xulia		

B. Cal é o teu lugar favorito na túa casa? Por que? Coméntao co teu compañeiro.

- O meu lugar favorito é o estudio porque me encantan os xogos do ordenador.
- Pois o meu é o balcón porque me gusta ver pasar a xente.

C. En que lugar da casa fas cada unha destas actividades? Esríbeo e coméntao logo co teu compañeiro.

- escoitar música
- vestirse
- ler
- estar cos teus amigos
- ver a televisión
- reunirse coa túa familia
- botar a sesta
- almorzar

- Eu, normalmente, vístome no baño. E ti?
- Depende. Ás veces vístome no meu cuarto.

7. COUSAS IMPRESCINDIBLES

A. Imaxina que o teu compañeiro e ti ides instalarvos nunha nova casa. Que cousas considerades indispensables para vivir? Elixide as cinco cousas máis necesarias. Aquí tendes algunhas ideas.



- O mais importante é a cama, non si?
- O Home claro! E unha mesa para comer e...

B. Agora explicádelle ao resto da clase os mobles e os electrodomésticos que escollestes.

- Para nós, as cinco cousas imprescindibles son...

8. PORTOMAR

A. Portomar é un exemplo imaxinario dunha típica cidade de galega. En Portomar hai catro barrios. En que barrio cres que vive cada unha destas persoas? Por que?

	1. Otilia Castro 73 anos. Xubilada. Vive co seu marido. Gústalle pasear polo parque e xogar ás cartas
	2. Ánxela Ferreiro 25 anos. Profesora de ioga. Vive con dúas amigas. Ten unha bicicleta. Gústalle a música e o mar
	3. Serxio Outeiro 40 anos. Funcionario. Vive só. Gústalle ir de cea cos amigos e facer deporte. Interésalle o cine
	4. Helena Iglesias 32 anos. Empresaria. Vive co seu compañeiro Xaquín. Gústalle xogar ao tenis e coidar o xardín. Ten dous fillos

PORTOMAR é unha cidade con moita historia. Está situada na costa e non é moi grande, pero é moderna e dinámica. En Portomar hai catro grandes barrios: o barrio Sur, o barrio Norte, o barrio Leste e o barrio Oeste.

O barrio Sur é o centro histórico. Está ao lado do mar e ten unha praia preciosa. É un barrio de mariñeiros, antigo, con poucas comodidades pero moito encanto. As rúas son estreitas e as casas pequenas; tamén hai moitas tabernas e restaurantes. Os alugueiros non son moi caros e por iso moita xente nova vive alí. Tamén viven moitos estranxeiros.

O barrio Norte é un barrio novo, elegante e bastante exclusivo. Está situado bastante lonxe do centro e do mar. Hai moitas árbores e zonas verdes. As rúas son anchas, non hai edificios altos e case todas as casas teñen un xardín. No barrio Norte hai poucas tendas, pero hai un centro comercial, un polideportivo e un club de tenis.

O barrio Leste é un barrio céntrico e bastante elegante. As rúas son anchas e hai moitas tendas de todo tipo. É un barrio moi animado de día e de noite, tamén hai cines, un teatro, restaurantes e varias prazas con moitas terrazas. Non obstante, hai poucas zonas verdes.

O barrio Oeste é un barrio con edificios altos construídos a maioría nos anos 60. No barrio non hai moita oferta cultural, pero hai dous mercados, varias escolas e moitas tendas. Está un pouco lonxe do centro da cidade, pero ben comunicado. Ten dous parques e un centro comercial.

• *Eu creo que Helena vive no barrio Norte porque...*



B. Agora vas escoitar estas persoas falando dos seus barrios. Comproba se acertaches.

C. Como é o barrio que máis che gusta da túa cidade ou vila? Fala co teu compañeiro.

9. A CASA IDEAL

A. Imaxina que es promotor inmobiliario e que queres construír vivendas na zona onde estás. Pensa, primeiro, no tipo de público ao que vas dirixirte (novos profesionais, xubilados, estranxeiros, familias con fillos...) e o seu nivel adquisitivo. Despois, busca outro compañeiro que escolleu o mesmo tipo de público ca ti.

B. Agora, en parellas, ides decidir as características da vivenda ideal para ese tipo de público.

A vivenda para sobre todo ten que...

SER	ESTAR
céntrica	no centro da cidade
luminosa	no centro histórico
(toda) exterior	un pouco lonxe do centro
tranquila	nas aforas
moi grande	nunha urbanización
non moi clara	no campo
acolledora	na costa
espazosa	na serra
cómoda	
un chalé	TER
un apartamento	moito espazo
un estudio	dous/tres cuartos
unha casa	garaxe
un loft	terraza
.....	xardín
.....	un salón grande
.....	cheminea
.....	dous/tres baños
.....	unha cociña grande
.....	piscina

• *Eu creo que para novos profesionais, unha casa ten que ser céntrica e ten que estar ben comunicada.*
 o *Si, con restaurantes e tendas cerca.*

C. Agora ides elixir un nome para o voso proxecto e preparar a presentación. Tendes que dar información sobre o tipo de público ao que vai dirixido, como son as vivendas, onde están situadas...

D. Por último, podédeslles presentar o proxecto aos vosos compañeiros.

• *O noso proxecto chámase Urbanización As Camelias. Son chalés unifamiliares, teñen catro cuartos, un xardín, piscina comunitaria...*

10. CASAS CON HISTORIA

A. En Galicia consérvanse varias casas que, por diversos motivos, son famosas. A continuación presentámosche catro vivendas moi coñecidas e visitadas en Galicia. Saberías relacionalas coas fotos?

A Casa do Alemán de Camelle:

vivenda de Man (Manfred Gnädinger), o alemán que viviu no dique do porto de Camelle ata a súa morte, co aire libre e as augas da Costa da Morte como único contorno. Aínda se conserva no lugar o “museo” construído con pedras, madeiras e restos de naufragio.



A Casa de Troia:

está na zona histórica de Santiago, na rúa co seu mesmo nome. É unha residencia estudantil típica da Compostela de principios do século XX. Inspirou a novela *La casa de la Troya*, de Pérez Lugín.



O Pazo de Trasalba:

propiedade do escritor Otero Pedrayo (1888-1976), nas proximidades de Ourense. É o museo dedicado ao escritor. Un paseo pola biblioteca, as dependencias da casa e polos xardíns do pazo configura unha interesante visita.



B. Coñeces ti algunha outra casa como as anteriores? Coméntao co teu compañeiro.



UNIDADE 4

Día a día

Nesta unidade imos coñecer os hábitos dos nosos compañeiros de clase.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a falar de hábitos ◆ a expresar a frecuencia ◆ a expresar a hora
- ◆ a expresar a secuencia das actividades ◆ a expresar a frecuencia das accións ◆ os días da semana ◆ **eu tamén/eu tampouco, eu si/eu non**
- ◆ **estar** + xerundio ◆ **estar** + **a** + infinitivo ◆ algúns verbos irregulares en presente ◆ máis verbos reflexivos

1. ESTUDAS OU TRABALLAS?



CD
20-25

A. A continuación vas escoitar seis persoas que nos falan do que fan durante o día. Podes identificar nas imaxes quen é cada unha delas? Discute cun compañeiro as túas respostas.

• *Eu creo que o catro é...*



Laura, estudante de Farmacia




Xosé, albanel



Xosefa, dentista



Raquel, condutora de autobuses



Chicho, ferreiro



Pepe, bolseiro

B. E ti que fas no teu día a día? Cántallo ao teu compañeiro.

• *Eu son profesora, érgome todos os días ás oito.*

2. A OFICINA DE XOÁN

A. Estes son os compañeiros de oficina de Xoán. Todos eles teñen costumes moi distintos. Escribe o nome de cada un deles no texto correspondente e, a continuación, completa a ficha de abaixo.

a) Sae pola mañá, anda todo o día e non para de facer recados en todas as partes da cidade: camiña e camiña. E para non perder a forma, volve correndo para a casa. Ás noites vai ao ximnasio.



c) Almorza tres veces ao día. Na casa, ás oito, café con leite e galletas; na cafetería, ás dez e media, dúas madalenas, e na oficina, ás doce e media, un bocadillo. Xanta e, máis tarde, aínda merenda dúas veces.

e) Escribe todos os luns a axenda de traballo da semana. Todas as mañás pon as cousas da mesa no seu sitio e clasifica os asuntos por orde de importancia. Tamén fai as quendas para pechar a oficina.



f) Vai ao aseo dez veces ao día e, de cada vez, está media hora diante do espello: retócase o pelo, ponse crema na cara, alisa a camisa... e trae todos os días un traxe novo.

Evaristo, o conserxe
Mónica, a recepcionista
Marta, a contable
Ramón, o comercial
Rosa, a informática
Marcos, o secretario

b) Dorme dez horas ao día. Na recepción, esperta cando alguén entra e xa está durmindo outra vez cando sae. Ás veces o teléfono soa e soa e soa...



d) É a primeira en chegar e a última en saír. Ás veces case nin ten tempo para comer. Pasa moitas horas no seu despacho e non para de facer cousas: chama por teléfono, fai as contas, escribe relatorios, concerta citas, contesta os correos...



1. é o/a máis organizado/a.
2. é o/a máis durmiñón/ona.
3. é o/a máis presumido/a.
4. é o/a máis comellón/ona.
5. é o/a máis traballador/ora.
6. é o/a máis deportista.

B. E ti? Como es? Coméntao cun compañeiro.

Eu son o/a máis
da miña familia
do meu traballo
dos meus amigos
da aula

3. UN DÍA NORMAL

A. Observa como se di a hora en galego.



A unha e dez.



As nove menos vinte.



As sete e cuarto.



As dez menos cuarto.



As oito e media.



As cinco en punto.

B. Maruxa traballa nunha axencia de viaxes en Ferrol. A que hora cres que fai todas estas actividades? Relaciona as actividades coas horas. Logo, compara as túas respostas coas dos teus compañeiros.

Érguese ás...
Almorza ás...
Sae de casa ás...
Comeza a traballar ás...
Xanta ás...
Volve ao traballo ás...
Sae do traballo ás...
Chega á casa ás...
Cea ás...
Déitase ás...



catro da tarde
dezanove da noite
nove da mañá
oito e media da noite
oito e media da mañá
doce e media da noite
dez da mañá
dúas do mediodía
nove e media da mañá
oito da tarde

• Eu creo que se levanta ás oito e media...



C. Agora escoita a Maruxa explicando como é un día normal da súa vida e comproba as túas respostas.

D. En galego algúns verbos, como **erguerse**, constrúen-se cos pronomes **me/te/se/nos/vos/se**. Podes encontrar outros verbos deste tipo nas actividades anteriores? Fai unha lista no teu caderno con todos os que encontres.

4. QUE ESTÁN FACENDO?

A. As frases seguintes fan referencia a accións relacionadas co presente, pero con matices diferentes. Marca se as accións resaltadas se presentan como algo que ocorre no momento exacto no que falamos (A), como algo habitual (B) ou como algo temporal ou non definitivo (C).

	A	B	C
1. Diga? Si. Estou saíndo da casa. En cinco minutos estou aí.			
2. Estás traballando demasiado. Necesitas unhas vacacións.			
3. Normalmente vou ao traballo en moto.			
4. Pois agora estou saíndo con Xurxo. É un compañeiro da facultade.			
5. Estou esperando a Luís. Chega no tren das dez.			
6. Estamos comendo un xamón boísimo. Queres probalo?			
7. Miña nai cociña moi ben.			
8. Señores pasaxeiros, estamos voando sobre os Pireneos, a 9000 metros de altitude.			
9. En Málaga? Moi ben, é unha cidade marabillosa. Estamos vivindo nun apartamento fantástico ao lado da praia.			
10. Creo que vou ter que facer unha dieta para enmagrecer. É que como demasiados doces.			

B. Nas accións como as de A e C encontramos unha nova estrutura: **estar + xerundio**. Escribe os xerundios que atopes nas frases anteriores e, ao lado, os seus infinitivos correspondentes. Podes deducir como se forma o xerundio?

Estar + xerundio

Cando presentamos unha acción ou situación presente como algo temporal ou non definitivo, utilizamos **estar** + xerundio.

(eu)	estou		
(ti)	estás		
(el/ela/vostede)	está	+	xerundio
(nós)	estamos		
(vós)	estades		
(eles/elas/vostedes)	están		

- **Estou dando** clases en varias escolas.

Ás veces podemos expresar o mesmo en presente cun marcador temporal: **ultimamente**, **estes últimos meses**, **dende hai algún tempo...**

- **Ultimamente dou** clases en varias escolas.

Cando queremos especificar que a acción se está a desenvolver exactamente no momento que estamos falando, só podemos usar **estar** + xerundio.

- **Non se pode poñer ao teléfono, estase duchando.**

Formación do xerundio

➔ **Resumo gramatical p. 141**

falar – falando	beber – bebendo	vivir – vivindo
voar – voando	ler – lendo	dicir – dicindo

Estar + a + infinitivo

Esta construción emprégase co mesmo valor de **estar** + xerundio (falar dunha acción en proceso no momento en que falamos ou dunha situación presente temporal/non definitiva).

(eu)	estou			
(ti)	estás			
(el/ela/vostede)	está	+	a	+ infinitivo
(nós)	estamos			
(vós)	estades			
(eles/elas/vostedes)	están			

- **Estou a dar** clases en varias escolas.
- **Non se pode poñer ao teléfono, estase a duchar.**

A hora e os días da semana

- **Que hora é?/Tes/Ten hora?**
- **A unha en punto.**
- As dúas e dez.**
- As catro e cuarto.**
- As sete e media.**
- As oito menos vinte.**
- As dez menos cuarto.**
- **A que hora** chega o avión?
- **Ás seis da mañá.** (06.00)
- Ás doce do mediodía.** (12.00)
- Ás seis e media da tarde.** (18.30)*
- Ás dez da noite.** (22.00)*
- * Nos servizos públicos dise tamén: **ás dezoito trinta, ás vinte e dúas...**

luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo
(fin de semana)

- **Sabes que día é hoxe?**
- **Hoxe? Luns.**
- **Cando chegas?**
- **O venres ás sete da tarde.**
- **Que fas os domingos?**
- **Normalmente érgome tarde e xanto coa miña familia.**

Eu tamén, eu tampouco, eu si/eu non

- **Eu sempre me deito antes das once.**
- **Eu tamén.**
- **Eu non.** Normalmente déitome á unha ou ás dúas.
- **Eu nunca me levanto cedo os domingos.**
- **Eu tampouco.**
- **Eu si.** Normalmente levántome ás oito e media ou nove.

Situar no día

Pola mañá Ao mediodía Pola tarde Pola noite

- **Pola mañá** vou á universidade e **pola tarde** traballo.

Expresar a secuencia das accións

Primeiro, ...
Despois, ...
Logo, ...

- **Eu, primeiro,** vou ao baño e **despois** dúchome... **Logo,** vístome...

Expresar a frecuencia

Todos os días / Todos os sábados / Todos os meses...
Todas as tardes / Todas as semanas...

Unha vez á semana / Unha vez ao mes...
Dúas veces á semana / Dúas veces ao mes...

Os venres / Os sábados / Os domingos...

Normalmente **Ás veces** **(Case) sempre**
A miúdo **De cando en vez** **(Case) nunca**

- **Eu vou ao ximnasio tres veces á semana,** como mínimo.
- **Pois eu non vou case nunca.**

Máis verbos en presente

Irregulares

POÑER	TRAER	DURMIR	SAÍR
poño	traio	durmo	saio
pos	traes	dormes	saes
pon	trae	dorme	sae
poñemos	traemos	durmimos	saímos
poñedes	traedes	durmides	saídes
poñen	traen	dormen	saen

Reflexivos

ERGUERSE	DUCHARSE	DEITARSE
érgome	dúchome	déitome
érgueste	dúchaste	déitaste
érguese	dúchase	déitase
erguémonos	duchámonos	deitámonos
erguédesvos	duchádesvos	deitádesvos
érguense	dúchanse	déitanse

5. HORARIOS DE TRABALLO

A. Le este artigo sobre os horarios de traballo que teñen estas tres persoas. A quen cres que corresponde cada res-posta?

V I D A E P R O F E S I Ó N S

Traballo e horarios

Cal é o teu horario de traballo?

A. Iso depende da quenda. Cando traballo de día, levántome cedo, ás sete máis ou menos. Empezo a traballar ás oito e, normalmente, volvo á casa ás seis da tarde. Ás tres paro un anaco para comer algo. Se traballo de noite, saio arredor das dez. Eses días chego á casa ás sete da mañá aproximadamente. Déitome sempre a unha hora diferente. Menos mal que os domingos non traballo. É o meu único día de descanso!

B. Depende. Algúns días traballo moitas horas e outros case non traballo. O que si, sempre me ergo tarde, ás dez ou ás once. Despois, almorzo e logo dou un paseo. Ao mediodía volvo á casa, xanto algo e vexo a tele un pouco. Logo, baixo á rúa e collo o coche. Ás veces traballo ata as nove ou as dez da noite. Cando acabo, vou á casa, preparo a cea e leo un pouco. Déitome á unha ou ás dúas máis ou menos.

C. En xeral, durmo moi pouco. Érgome ás oito e media ou ás nove menos cuarto. As clases empezan ás nove e moitas veces chego tarde. Ao mediodía, normalmente xanto cos meus compañeiros de clase no bar da facultade e, ás catro, volvemos á clase. Rematamos ás cinco ou ás seis. Despois vou á biblioteca, pero non todos os días. Pola noite gústame saír cos meus amigos e, claro, nunca me deito antes da unha.



..... Adina Castro, 20 anos, estudante



..... Xaquín Pereira, 38 anos, taxista



..... Tareixa Blanco, 41 anos, pintora

B. Con cal dos tres coincides máis en horarios? Escribe como mínimo tres frases.

- Eu tamén me deito tarde, como Adina, e ao mediodía xanto nun bar...

C. Busca unha persoa da clase que fai tres cousas á mesma hora ca ti?

- A que hora te levantas?
 - Ás oito.
- Eu tamén.

6. PRIMEIRO, DESPOIS, LOGO

A. En que orde fas estas cousas pola mañá?

- | | |
|---------------------------------------|--|
| ☐ almorzar | ☐ lavar os dentes |
| ☐ ir ao baño | ☐ vestirte |
| ☐ facer a cama | ☐ maquillarte/barbearte |
| ☐ saír da casa | ☐ ducharte |

B. Coméntao co teu compañeiro e despois informa a clase das diferenzas que che parezan curiosas.

- Eu primeiro vou ao baño e despois lavo os dentes. Logo...
o Pois eu, primeiro almorzo...

C. E as fins de semana? Fas o mesmo?

7. EU TAMÉN

 **CD 27** A. Escoita uns estudantes que contan as cousas que fan para mellorar o seu galego. E ti? Fas o mesmo? Reacciona e escribe as túas respostas.

eu tamén/eu tampouco
eu si/eu non

- ①
- ②
- ③
- ④
- ⑤
- ⑥
- ⑦
- ⑧

B. Fas outras cousas para mellorar o teu galego?

8. PREMIOS

A. Imos traballar en parellas. Cada parella vai entregarlle un dos seguintes premios a unha persoa da clase. Primeiro, tendes que decidir que premio queredes dar e, despois, preparar tres ou catro preguntas.



B. Podédeslles facer as preguntas aos compañeiros. Despois, segundo as respostas, tendes que decidir a quen lle dades o premio.

- Cantas horas dormes?
o Sete ou oito.
- E a que hora te levantas?

PREMIO AO MÁIS DURMIÑÓN	Nome:	Nome:	Nome:
Cantas horas dormes normalmente?			
A que hora te levantas?			
A que hora te deitas?			
Dormes a sesta?			

C. Agora entregade o premio.

- Nós entregámoslle o Premio ao máis Durmiñón a...
Cecile!


9. ESTATÍSTICA

A. Aquí tes, clasificadas por orde de importancia, as principais actividades ás que os galegos dedican o seu tempo libre nos días laborais. Coincide esta clasificación co comportamento dos galegos que coñeces? Se non coñeces a ningún, pensas que é válida esta información para a xente do teu país?

- *Pois a maioría dos meus amigos saen moito tomar algo e case non ven a televisión...*

EMPREGO DO TEMPO LIBRE DOS GALEGOS OS DÍAS LABORABLES

VER A TELEVISIÓN
PASEAR, FACER EXERCICIO, DEPORTE
LER (PRENSA, LIBROS ETC.)
ESCOITAR MÚSICA
ESCOITAR A RADIO
REUNIRSE COS AMIGOS FÓRA DA CASA
SAÍR TOMAR ALGO
FACER TRABALLOS MANUAIS
XOGAR COS FILLOS
NAVEGAR POLA INTERNET
ASISTIR A ESPECTÁCULOS (CINE, TEATRO,
CONCERTOS)



B. E ti? Con que frecuencia fas normalmente as actividades anteriores? Coméntao cun compañeiro.

- *Eu só fago deporte as fins de semana.*
- *Pois eu, case todos os días.*

10. GALEGOS NO ESTRANXEIRO

A. A continuación tes tres testemuñas de galegos que viven no estranxeiro. Se vives en Galicia, que diferenzas encontras entre os seus hábitos e os hábitos comúns dos galegos?



O meu nome é Asunción, vivo e traballo en Varsovia, na Administración pública. Érgome ás cinco porque vivo nas aforas, almorzo un prato de entreteto con ovos, un bolo e café con leite. Vou en tranvía ao traballo e fago xornada intensiva de sete a cinco. Normalmente non xanto, só como un sándwich. Volvo para a casa e chego ás sete, ceamos toda a familia e ás nove ou ás dez deitámonos. Como non teño tempo entre semana, fago a compra o domingo.



Chámome Martiño, son enxeñeiro e traballo no Brasil nunha multinacional. Viaxo en avión dúas ou tres veces á semana porque para ir dunha cidade a outra as distancias son moi grandes. O primeiro que fago ao levantarme é ducharme. A verdade é que me ducho tres veces ao día, porque vai moita calor. Traballo das oito á unha, xanto e pola tarde, continuo de dúas a seis. Ás veces quedo ás oito nun *shopping* cuns amigos para tomar unha cervexa ou cear algo, pero moi dificilmente me deito despois das once da noite.



Ola! Chámome Xavier e vivo en Londres. Estudo inglés e traballo de camareiro nun restaurante. Érgome todos os días ás seis e media, collo o metro e vou á clase pola mañá. Ás once chego ao restaurante e xanto, ás doce veñen os primeiros clientes para comer. Remato ás cinco da tarde, dou un paseo polo parque e ás oito xa estou de volta na casa. Ceo, vexo un pouco a tele e déitome normalmente ás dez e media.

B. Agora comenta co teu compañeiro que diferenzas encontras entre os hábitos de Galicia e os doutro país que coñezas.

- *En Francia a xente érguese máis cedo.*
- *Si, e en Xapón usan máis o transporte público.*

C. Se nunca viviches en Galicia, comenta co teu compañeiro o que máis che chama a atención dos hábitos dos galegos que apareceron ao longo da unidade.



UNIDADE 5

Cal prefires?

Nesta unidade imos facer a lista das cousas que necesitamos para pasar unha fin de semana fóra e decidir como as conseguimos.


Para iso, imos aprender:

◆ a expresar a necesidade ◆ a captar a atención das persoas ◆ a identificar e describir obxectos ◆ a preguntar polos produtos nunha tenda ◆ a preguntar o prezo e pagar ◆ a invitar ou propoñer algo ◆ a aceptar ou rexeitar un convite ◆ a dar escusas e a xustificarnos ◆ os números a partir de **100** ◆ a forma e algúns usos do imperativo ◆ os demostrativos

1. NUN BAR

A. Observa estas ilustracións. Que relación cres que teñen estas persoas entre elas? Que cres que pasa en cada situación? Coméntao co teu compañeiro.

- Eu creo que Carlos e Abel son amigos. Están nun bar e Abel quere invitar a Carlos, pero...



B. Agora escoita as conversas e comproba as túas hipóteses. Cales destas cousas fan os protagonistas de cada unha das situacións? Márcalo.

	1	2	3	4
invitar				
presentar a alguén				
pedirlle algo ao camareiro				
pagar				
interesarse pola vida de alguén				
saudar				
despedirse				
aceptar un convite				
rexear un convite				

2. EU NUNCA LEVO SECADOR DE PELO

A. Sabela vai pasar a fin de semana nun apartamento na costa. Esta é a súa maleta. Sabes como se chaman as cousas que leva?

- ___ xel de baño
- ___ camiseta
- ___ xersei
- ___ pantalóns
- ___ zapatos
- ___ traxe de baño
- ___ bragas
- ___ suxeitador
- ___ sandalias
- ___ toalla de praia
- ___ libros
- ___ lentes de sol
- ___ aspirinas
- ___ cepillo
- ___ carné de identidade
- ___ cartos
- ___ tarxeta de crédito
- ___ cepillo de dentes
- ___ pasta de dentes
- ___ protector solar
- ___ xampú
- ___ secador de pelo



B. Cando ti saes unha fin de semana, levas as mesmas cousas que Sabela? Levas outras? Coméntao co teu compañeiro.

- Eu tamén levo sempre aspirinas, pero nunca levo secador de pelo.
- o Pois eu sempre levo espertador...

C. E nas seguintes situacións? Que cousas tes que levar? Relaciona.

1. Vou de viaxe ao estranxeiro.
2. Saio de compras.
3. Quero alugar un coche.
4. Vou á praia tomar o sol.
5. Quero bañarme na piscina.
6. Vou á clase de galego.
7. Vou a unha festa de aniversario.
8. Vou cear á casa duns amigos.

- A. Teño que levar diñeiro.
- B. Teño que levar o carné de conducir.
- C. Teño que levar un traxe de baño.
- D. Teño que levar un presente.
- E. Teño que levar o Aula de Galego.
- F. Teño que levar un protector solar.
- G. Teño que levar o pasaporte.
- H. Teño que levar unha botella de viño ou unha sobremesa.

3. ESTA OU ESA?

A. Nestes diálogos aparecen algúns demostrativos que se refiren a determinados substantivos. A cal das seguintes pezas se refiren en cada caso: un **xersei**, uns **zapatos**, unhas **sandalias** ou unha **camiseta**? Relaciona as preguntas e as respostas dos diálogos.

PREGUNTAS


1. • Cal é máis barato? Este ou ese?
2. • Esta verde é un pouco pequena, non?
3. • Estes marróns, non che parecen preciosos?
4. • Estas azuis ou aquelas verdes?

RESPOSTAS

- a. o Pois, a verdade é que prefiro aqueles negros.
- b. o Non o sei... esas laranxa tamén son moi bonitas...
- c. o Este vermello.
- d. o Esa si, pero podeo buscarche outra talla.

Pregunta	Resposta	Refírense a...

B. Relaciona cada diálogo da sección **A** coa ilustración correspondente. Entendes por que se usan as diferentes formas dos demostrativos? Coméntao cun compañeiro.



C. Marca no seguinte cadro o xénero e o número dos substantivos.

	Masculino	Feminino	Singular	Plural
xersei				
sandalias				
zapatos				
camiseta				

D. Agora, marca nos diálogos de sección **A** todas as palabras que concordan en xénero e/ou en número cos substantivos **xersei**, **zapatos**, **sandalias** ou **camiseta**.

- Cal é máis barato? Este ou ese?
- o Este vermello.

4. NUNHA TENDA



A. Le e escoita este diálogo, e logo completa o cadro.

- Ola, bo día.
- o Bo día.
- Que desexa?
- o Quería un bolígrafo.
- De que cor?
- o Azul.
- Pois mire, aquí ten varios.
- o Canto custan?
- Este, 80 céntimos, e este outro, 2 euros.
- o Vale, pois levo este.

1. Que quere comprar? Como o di?	
2. Pregunta prezos? Como o di?	
3. Compra algo? Como o di?	

B. Agora completa estas preguntas.

- Canto estes zapatos?
- o Esta camiseta de aquí, canto

5. SITUACIÓNS

A. Todas estas frases son frecuentes en situacións de contacto social. En todas elas aparece un novo modo verbal: o imperativo. Poderías identificalo? Márcaos.

1. • Cóbreme, por favor!
2. • Deixa, xa pago eu.
3. • 15 euros? Teña.
4. • Pois mira, estamos tomando aquí unhas cervexas.
5. • Oia! Dous viños máis, por favor!
6. • Adeus! E chámame cando chegues, eh!
7. • E a min póñame un cortado.
8. • Toma algo, home.

B. O imperativo ten formas distintas para ti e para voste-de. Completa o cadro cos verbos que faltan.

ti	vostede
cóbrame	
.....	deixe
ten	
.....	mire
oe	
.....	chámeme
ponme	
.....	tome

Numerais

→ Resumo gramatical p. 130-131

100	cen	1000	mil/un milleiro
101	cento un/unha	2000	dous/dúas mil
102	cento dous/dúas	...	...
...	...	10 000	dez mil
200	douscentos/duascentas	20 000	vinde mil
300	trescentos/as	100 000	cen mil
400	catrocentos/as	200 000	douscentos mil
500	cincocentos/as	...	duascentas mil
600	seiscentos/as	...	...
700	setecentos/as	1 000 000	un millón
800	oitocentos/as	2 000 000	dous millóns
900	novecentos/as	10 000 000	mil millóns

3549287 = tres millóns cincocentos/as corenta e nove mil douscentos/duascentas oitenta e sete

Algúns usos do imperativo

→ Resumo gramatical p. 140-141

Invitar

- **Toma** algo connosco! (Ti) / **Tome** algo. (Vostede)
- **Deixa**, xa pago eu. (Ti) / **Deixe**, xa pago eu. (Vostede)

Captar a tención de algúen

- **Escoita**, espera que te levo. (ti)
- **Escoite**, espere que o levo. (vostede)

Introducir unha explicación ou presentar alguén

- Pois, **mira**, ultimamente non estou saíndo con ningún. (ti)
- **Mire**, preséntolle o señor Núñez. (vostede)

Entregar algo

- **Ten**. (ti) / **Teña**. (vostede)

Pagar

- **Cóbrame**, por favor! (ti) / **Cóbreme**, por favor. (vostede)

Concluir unha conversa ou animar a facer algo

- **Veña***, ata outro día.
- **Veña**, home, apúntate á festa! (ti)
- **Veña**, home, apúntese á festa! (vostede)

* **Veña** utilízase como unha expresión fixa tanto para **vostede**, coma para **ti**. Pero se nos referimos á acción do verbo **vir** utilízanse **ven** (ti) e **veña** (vostede).

Cores

branco/a		vermello/a		verde		cinza	
amarelo/a		rosa		lila		marrón	
laranxa		azul		negro/a		beixe	

- De que cor é o xerseí?
- Laranxa.

De compras

- **Teñen** auga/gorros/lentes...?
- Quería auga/un gorro/unhas lentes...
- **Canto** custa este gorro?/**Canto custan** estas lentes?
- **Levo este** gorro./**Levo este**.
- **Levo estas** lentes./**Levo estas**.

Demostrativos

→ Resume gramatical p. 133

	Masculino		Feminino		Neutro
	Singular	Plural	Singular	Plural	
aquí	este	estes	esta	estas	isto
aí	ese	eses	esa	esas	iso
alí	aquel	aqueles	aquela	aquelas	aquilo

- É teu **este** coche?
- Non, o meu é **aquel**.
- Quero mercar **aquela** saia azul.
- Pois eu, **aqueles** pantalóns marróns.

Os demostrativos contraen coas preposicións **de** e **en**.

	este(s)	ese(s)	aquel(es)	isto	iso	aquilo
	esta(s)	esa(s)	aquela(s)			
de	deste(s)	dese(s)	daquel(es)	disto	diso	daquilo
	desta(s)	desa(s)	daquela(s)			
en	neste(s)	nese(s)	naquel(es)	nisto	niso	naquilo
	nesta(s)	nesa(s)	naquela(s)			

- Traballo **naquel** edificio con cristais negros.
- Quen é o dono **deste** coche?
- Ti sabes algo **disto**?

Que + substantivo e cal/cales

→ Resumo gramatical p. 137

Que + substantivo serve para preguntar por obxectos ou cousas. Cando xa sabemos a que nos referimos, podemos usar **cal/cales** e non repetir o substantivo.

- **Que bikini** lle compro a Xulia?
- Non sei. **Cal** é o máis barato?

- **Que zapatos** lle compro a Luis?
- Non sei. **Cales** che gustan máis?

Expresar a necesidade: ter que + infinitivo

(eu)	teño	
(ti)	tes	
(el/ela/vostede)	ten	que + infinitivo
(nós)	temos	
(vós)	tendes/tedes	
(eles/elas/vostedes)	teñen	

- Hoxe teño unha cea. **Teño que mercar** algo para levar.

Fórmulas de cortesía

- **E a familia, que tal?**
- **Saúdos a Pedro!**
- **E a súa/túa muller, como está?**
- **Dálle un bico a** túa irmá!
- **Recordos á** túa/súa familia!
- **Déalle un saúdo a** súa nai!

Dar excusas e xustificarse

Cando rexeitamos unha invitación ou nos negamos a facer algo é unha norma de cortesía case obrigatoria explicalo ou xustificalo. Para iso, xeralmente empregamos **é que**.

- Vés á cea do sábado?
- Non podo. **É que** teño que estudar.

É que serve tamén para xustificar unha petición.

- Podo pechar a ventá? **É que** entra moito frío.



6. BINGO

A. Este é o teu cartón para xogar ao bingo. Primeiro tes que escribir as cifras en letras.



B. Agora imos xogar ao bingo. O teu cartón ten que ter once celas. Por iso, antes tes que riscar cinco. Fíxate ben no xénero: que di, **douscentos** ou **duascentas**?



7. QUE XERSEI PREFIRES?

Tes que elixir un obxecto de cada tipo: un xersei, unhas botas, un gorro, uns pantalóns e unhas lentes de sol. Cal prefires? Coméntao cun compañeiro

- Que xersei prefires?
- Este, o verde, e ti?
- Eu, o vermello.



8. A FEIRA NA CLASE

Imos dividir a clase en vendedores e clientes. Cada vendedor ten que atopar na clase tres obxectos do mesmo tipo e decidir que prezo teñen. Atención! O prezo mínimo dos produtos é de 15 euros e o máximo 35. Os clientes teñen que comprar tres obxectos, pero só teñen 50 euros cada un.

Cliente

Ola.
Bo(s) día(s)/boa(s) tarde(s).

Quería uns zapatos (para min/para home/para muller/para neno/para nena).

E estes canto custan?
Canto custan estes (de aquí)?

(Pois) levo estes/estes negros.
(Pois) levo os negros.

Moitas grazas.

Vendedor

Ola.
Bo(s) día(s)/boa(s) tarde(s).

Que desexa?
É/Son para vostede?
De que cor?

Si, temos estes.
Si, estes de aquí.

XXX euros.

Grazas a vostede.



9. UNHA FIN DE SEMANA EN PORTONOVO

A. Ides pasar unha fin de semana nunha casa de Portonovo. Cada un leva na maleta a súa roupa e os seus produtos de hixiene persoal. Pero, que máis queredes levar? En grupos de tres, pensade noutras cinco cousas que tendes que levar, cousas que compartiredes todos.



- Eu creo que temos que levar unha cámara de fotos.
- E unha guía das Rías Baixas!
- Si, é verdade...

B. Agora tendes que decidir como ides conseguir esas cousas. Alguén de vós ten algunha delas? Tendes que mercalas?

- Quen ten unha cámara de fotos?
- Eu.
- Vale, entón levamos a cámara de Sabela.
- E quen ten unha guía das Rías Baixas?
- Eu non.
- Pois logo temos que mercar unha.



10. MÁIS DE 3 000 TENDAS DE ROUPA EN TODO O MUNDO

A. Hai algunhas marcas galegas que teñen presenza en todo o mundo. Algunhas das máis populares internacionalmente son as do grupo Inditex. Le este artigo e sinala todas as marcas que coñeces.

B. Volve ler o texto e completa o cadro.

INDITEX EN NÚMEROS

Ano de creación:
 Número de marcas:
 Número de países nos que está presente
 Número total de tendas: 3 594

C. Coñeces outras empresas galegas noutros países?



HISTORIA

1975. ZARA abre a súa primeira tenda de roupa na Coruña.

1976. ZARA abre tendas noutras cidades de España.

1985. Creación de Inditex, nome do grupo de empresas.

1988. Inditex abre a primeira tenda ZARA fóra de España, en decembro de 1988, no Porto (Portugal).

1989-1990. Estados Unidos e Francia son os seguintes mercados nos que Inditex comeza a súa actividade, coa apertura de tendas en Nova York (1989) e París (1990).

1991. Nace a cadea de tendas de moda PULL&BEAR. Inditex compra o 65% de MASSIMO DUTTI.

1992-1994. Inditex prosegue a apertura de novos mercados internacionais: México en 1992, Grecia en 1993, e Bélxica e Suecia en 1994.

1995-1996. Inditex compra o 100% de MASSIMO DUTTI e abre novas tendas en Malta e en Chipre.

1997. Inditex abre tendas en Noruega e en Israel.

1998. Nace BERSHKA, cadea dirixida ao público feminino máis mozo. Inditex abre novas tendas en Xapón, Turquía, Arxentina, Emiratos Árabes, Venezuela, Líbano, Kuwait e Reino Unido.

1999. Inditex compra a cadea STRADIVARIUS e abre tendas en Holanda, Alemaña, Polonia, Arabia Saudita, Bahrein, Canadá, Brasil, Chile e Uruguai.

2000. Apertura de tendas en Austria, Dinamarca, Qatar e Andorra. Inditex constrúe unha espectacular sede central en Arteixo (A Coruña).

2001. Inditex empeza a cotizar en bolsa. O grupo introdúcese en Porto Rico, Xordania, Irlanda, Islandia, Luxemburgo, República Checa e Italia. Nace OYSHO, unha cadea de tendas dedicada á lencería.

2002. Inditex abre novas tendas en Suíza, Finlandia, República Dominicana, O Salvador e Singapur.

2003. Inditex abre as primeiras tendas de ZARA HOME (a oitava do grupo). O grupo tamén se introduce en Eslovenia, Eslovaquia, Rusia e Malaisia.

2004. Apertura da tenda número 2000 en Hong Kong. Ademais, ábreanse as primeiras tendas en Marrocos, Estonia, Letonia, Romanía, Hungría, Lituania e Panamá.

2005. Inditex abre as súas primeiras tendas en Mónaco, Indonesia, Tailandia, Filipinas e Costa Rica.

2006. Serbia, China e Tunisia únense á lista de mercados onde Inditex ten presenza.



UNIDADE 6

Que sabes facer?

Nesta unidade imos escoller o chofer, o cociñeiro e o guía turístico da clase para pasar unha fin de semana de acampada por Galicia. Para iso, imos aprender:

- ◆ a falar de experiencias pasadas ◆ a falar de habilidades e aptitudes
- ◆ a enumerar as calidades e os defectos das persoas ◆ o pretérito
- ◆ a perífrase **ter** + participio ◆ adxectivos de carácter ◆ algúns indefinidos

1. CALIDADES DUN AMIGO

A. Estes adxectivos serven para describir o carácter ou a personalidade. Cales cres que son positivos? Cales negativos?

antipático/a aburrido/a
 responsable impuntual
 tranquilo/a organizado/a
 sinxelo/a paciente intelixente
 irresponsable tímido/a
 xeneroso/a simpático/a
 nervioso/a desorganizado/a
 raro/a puntual
 divertido/a aberto/a impaciente
 despistado/a falador/a
 romántico/a

+	-
Calidades	Defectos

B. Cales das anteriores calidades (ou defectos) cres que tes ti?

- Eu creo que son bastante simpático, aínda que un pouco desorganizado.

C. Para ti, cales son as tres calidades máis importantes nun amigo?

- Para min un amigo ten que ser, primeiro, xeneroso, pero tamén responsable e paciente...




2. FAMOSOS



A. O programa de radio *Indiscretos* entrevista cada semana persoeiros famosos e ao final do ano os oíntes escollen a personaxe máis interesante. Escoita as entrevistas á cantante Xoana Ribas e ao arquitecto Carlos Fonte. Como cres que son Xoana e Carlos?

- Eu creo que Xoana é divertida, un pouco desorganizada...



1

Xoana

2

Carlos

B. Cal dos dous cres que é máis interesante? Por que?

3. ES UNHA PERSOA ROMÁNTICA?

A. Algunha vez fixeches estas cousas por alguén especial?

	Si	Non
1. Preparaches algunha vez unha cea romántica?	☐	☐
2. Escribiches moitos poemas de amor?	☐	☐
3. Viviches algunha historia de amor apaixonada?	☐	☐
4. Algunha vez lle cantaches unha canción de amor a alguén?	☐	☐
5. Namorácheste algunha vez a primeira vista?	☐	☐
6. Xa tiveches que mentir por amor?	☐	☐
7. Dixeches algunha vez: “Quérote”?	☐	☐
8. Declaraches o teu amor pola radio ou pola televisión algunha vez?	☐	☐
9. Fixeches algunha vez unha viaxe moi longa por amor?	☐	☐
10. Enviácheslle rosas ou bombóns a alguén?	☐	☐

B. Imos ver os resultados. Conta as túas respostas afirmativas. Es unha persoa romántica?

Entre 0 e 2 respostas afirmativas.

Es unha persoa un pouco fría. Non sabes o que significa a palabra romanticismo, pero, coidado, recorda que todo o mundo necesita un pouco de amor.

Entre 3 e 6 respostas afirmativas.

Es unha persoa bastante romántica. Gústache demostrarlle os teus sentimentos á persoa amada e facer que ela se sinta ben.

7 ou máis respostas afirmativas.

Sen dúbida, es unha persoa moi romántica, pero, coidado, vivir contigo pode ser como vivir nunha novela rosa.

C. Observaches que no test hai un novo tempo verbal? É o pretérito e serve para falar de experiencias pasadas. Subliña todas as formas de pretérito que atopes na sección A.

D. Sabes en que persoa están as formas en pretérito que acabas de subliñar? Completa este cadro con estas formas que encontraches e os infinitivos correspondentes.

Pretérito	Infinitivo
preparaches	preparar

E. Agora faille as preguntas do test ao teu compañeiro. Quen é o máis romántico dos dous?

- Preparaches algunha vez unha cea romántica?
- o Si, moitas veces. E ti?

4. NON SABES OU NON PODES?

A. Mira o debuxo. Por que o rapaz di que non? E a rapaza?



B. Cales destas cousas sabes facer ben? Márcalo e, logo, explícallo aos teus compañeiros. Quen sabe facer máis cousas?

- | | | |
|---|----------------------------------|--|
| ☐ debuxar | ☐ nadar | ☐ xogar ao xadrez |
| ☐ tocar a guitarra | ☐ esquiar | ☐ coser |
| ☐ contar chistes | ☐ cocinar | ☐ bailar |

- Eu sei tocar a guitarra, cocinar e bailar.

Falar de experiencias pasadas: o pretérito

➔ Resumo gramatical p. 139-140

	FALAR	COMER	VIVIR
(eu)	falei	comín	vivín
(ti)	falaches	comiches	viviches
(el/ela/vostede)	falou	comeu	viviú
(nós)	falamos	comemos	vivimos
(vós)	falastes	comestes	vivistes
(eles/elas/vostedes)	falaron	comeron	viviron

Irregulares máis frecuentes

SER	ESTAR	DICIR	FACER	TER
fun	estiven	dixen	fixen	tiven
fuches	estiveches	dixeches	fixeches	tiveches
foi	estivo	dixo	fixo	tivo
fomos	estivemos	dixemos	fixemos	tivemos
fostes	estivestes	dixestes	fixestes	tivestes
foron	estiveron	dixeron	fixeron	tiveron

O pretérito serve para falar de experiencias pasadas (tanto se mencionamos ou non o momento no que ocorreron).

● O ano pasado **estiven** en Marrocos.

○ Que sorte!

● Si que falas ben inglés, non?

○ É que **vivín** uns anos en Inglaterra.

O pretérito aparece tamén con algunhas expresións de frecuencia para informar do número de veces que se realizou unha acción.

moitas veces	algunha vez
varias veces	unha vez
tres veces	nunca
un par de veces (=dúas veces)	

● Estiveches **algunha vez** en América Latina?

○ Si, estiven **moitas veces** en Arxentina e **un par de veces** en Costa Rica.

● Estiveches **algunha vez** en Xapón?

○ Non, **nunca** estiven, pero quero ir algún día.

Ter + participio

Ter + participio úsase tamén para falar de experiencias pasadas, pero emprégase unicamente cando queremos resaltar o feito de que a acción se repetiu no pasado.

teño	
tes	
ten	+ participio
temos	
tendes/tedes	
teñen	

● Este artista **ten viaxado** por moitos países.

● **Teño feito** este prato moitísimas veces.

O participio

➔ Resumo gramatical p. 141

Verbos en -ar:	Verbos en -er e -ir: -ido	Irregulares
-ado	-ido	dito
falado	tido	feito
cantado	lido	escrito
mercado	comido	descrito
amado	bebido	frito
estado	vivido	revolto
viaxado	mentido	roto
invitado	saído	

Falar de habilidades

SABER + infinitivo

(eu)	sei	
(ti)	sabes	
(el/ela/vostede)	sabe	+ infinitivo
(nós)	sabemos	
(vós)	sabedes	
(eles/elas/vostedes)	saben	

● **Sabes** conducir?

○ Si, pero non podo porque non teño carné.

Cociña **moi ben**.
Cociña **bastante ben**.
Cociña **bastante mal**.
Cociña **moi mal**.
Cociña **fatal**.

● **Cociña ben** o teu pai?

○ Non, **cociña fatal**.

Adxectivos de carácter

O xénero

Polo xeral, os adxectivos poden ser masculinos (normalmente acabados en -o) ou femininos (normalmente acabados en -a). Non obstante, hai algúns adxectivos que teñen a mesma forma para o masculino e para o feminino.

Acabados en -e	Acabados en -ista	Acabados en -al
intelixente	egoísta	normal
paciente	optimista	puntual
responsable	pesimista	especial
amable	realista	leal

Indefinidos

	Afirmativo	Negativo
Persoas	alguén	ninguén
Cousas	algún(s)/algunha(s)	ningún(s)/ningunha(s)

Algún/algunha contraen coas preposicións **de** e **en**.

	algún(s)	algunha(s)
de	dalgún(s)	dalgunha(s)
en	nalgún(s)	nalgunha(s)



5. BUSCA ALGUÉN QUE...

Levántate e pregúntalles aos teus compañeiros se fixeron as cousas da listaxe. Escribe ao lado da frase o nome do primeiro que conteste afirmativamente. Non podes pasar á segunda pregunta ata que atopes alguén que conteste afirmativamente á primeira. Pero, antes, completa a lista con dúas preguntas máis. A ver quen acaba antes.

	NOME
1. Perder as chaves da casa.	
2. Ir traballar sen durmir.	
3. Saír na tele.	
4. Namorarse a primeira vista.	
5. Gañar un premio.	
6. Mentirlle a un bo amigo.	
7. Viaxar sen cartos.	
8. Atopar algo de valor na rúa.	
9.	
10.	

- *Perdiches algunha vez as chaves?*
o *Ai eu si! Moitas veces.*

6. UN TIPO MOI CURIOSO



A. Vas escoitar unha conversa entre dous amigos. Un deles confesa que é moi curioso. Por que? Anota os exemplos que dá da súa curiosidade.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

B. E o teu compañeiro? É curioso? Pregúntalle se fixo algunha vez calquera das cousas que escoitou no diálogo.

- *Algunha vez escoitaches a conversa doutras persoas nun restaurante?*
o *Non, nunca. E ti?*
• *Eu tampouco.*


C. Agora explícalle á clase algo que descubriches do teu compañeiro.

7. COUSAS EN COMÚN...

A. Escribe as cinco cousas máis interesantes que fixeches nos últimos meses: lugares que visitaches, pratos que probaches, xente que coñeciches...

1. *Coñecín un rapaz moi especial!*
.....
2.
3.
4.
5.

B. Agora algún voluntario vai anotar no encerado a información de toda a clase. Que é o que fixeron máis compañeiros?



8. ADEUS PAPÁS!

A. Estás de acordo co que suxire a introdución deste artigo?



QUERES VIVIR SÓ?

Antes de dicirles adeus a papá e a mamá, pregúntate:

- Sabes cociñar?
- Es organizado?
- Sabes poñer a lavadora?
- Es responsable?
- Sabes facer a compra?
- Sabes varrer?

• *Eu creo que para vivir só é importante saber...*

B. Pensa agora que preguntas tes que facerte antes de ir vivir a unha illa deserta. Escríbeo.

QUERES IR VIVIR A UNHA ILLA DESERTA?

Antes de dicirle adeus á civilización, pregúntate:

9. BÚSCASE CHOFER, GUÍA E COCIÑEIRO

A. Imaxínade que ides pasar uns días de acampada por Galicia. Para iso necesitas un cociñeiro, un chofer e un guía turístico. Cada un de vós escolle un dos tres traballos e escribe as razóns polas que cre que debe ser elixido.

B. Agora cada un de vós vaille explicar á clase as súas razóns. Os demais poden facerlle preguntas.

- *Eu quero ser o cociñeiro porque me gusta moito cociñar. Sei preparar pratos de todo tipo: vexetarianos, xaponeses, franceses... Ademais son moi organizado cos cartos e traballei cinco anos nun restaurante.*
- *Sabes facer pizzas?*
- *Sabes cociñar para moita xente?*
- *Cociñaches algunha vez nun cámping?*

C. Quen son os escollidos? Imos votar.



10. O TEMPO É OURO

A. É posible converter o tempo en cartos? Le o seguinte texto se queres coñecer unha alternativa ao uso do diñeiro.

BANCOS DE TEMPO

Que fai unha persoa cando non ten moito tempo para atender á familia e ao traballo?

Hoxe en día conciliar a vida laboral, familiar e social converteuse nunha proba cada vez máis difícil de superar para as persoas. Así é que a expresión “o tempo é ouro” parece que na actualidade está cobrando máis sentido ca nunca. A incorporación da muller ao traballo e as maiores esixencias competitivas de empresas e servizos públicos fan que as familias non sempre teñan as condicións ideais para atender as distintas necesidades cotiás.

Como solución a estes problemas ideáronse os **bancos de tempo** que son unha iniciativa para organizar o tempo e as habilidades das persoas como moeda de intercambio. A unidade de cambio non é, neste caso, o diñeiro, senón unha medida de tempo. Así, a xente pódese ofrecer, segundo as súas competencias, para a vendima, o coidado dos nenos ou as tarefas domésticas e recibir a cambio outros servizos dos que carece e que non sempre pode atender.

Seguindo estas iniciativas, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Innovación puxeron en marcha a proposta dun **banco de tempo**, que procura fomentar a cooperación entre a cidadanía. O proxecto é xestionado e administrado por un programa informático que leva a conta das horas prestadas e das horas debidas polos usuarios cooperantes e, ademais, rexistra as habilidades e os coñecementos de todos os que participan.

O proxecto piloto céntrase no mundo rural, onde se pretende rescatar a idiosincrasia de “botar unha man”, tan común nas tarefas do campo galego e, deste xeito, promover actitudes asociativas beneficiosas para todos os participantes.

B. Que opinas desta iniciativa? Coñeces algún caso concreto? Coméntao cos teus compañeiros.

C. Por que non poñedes en común as vosas habilidades e os servizos que queredes intercambiar e fundades un “banco de tempo” na vosa aula?

- Eu son matemático e teño libres as tardes.
- o E eu cocino moi ben e non traballo ao mediodía.

11. OPINIÓNS

A. Algúns galegos que viven fóra cóntannos como ven eles os habitantes dos países nos que residen. Que che parecen as opinións de cada un? Coñeces algunha persoa das culturas mencionadas? Que pensas dos tópicos?



Os suízos son un pouco aburridos, traballan case todo o día, pero son moi organizados. Parece un tópico, pero a verdade é que no seu país está todo moi limpo.

Carlos, 30 anos



Ás veces, os argentinos parecen moi arrogantes, pero é só polo seu xeito de expresarse, porque, no fondo, son moi simpáticos.

Ester, 20 anos



Ao principio pensas que os rusos son un pouco raros, porque non abren os presentes que lles dás. Pero logo ves que é un costume e que son moi acolledores.

María, 46 anos



Os brasileiros son moi divertidos, están todo o día de festa, non son moi puntuais, aínda que tampouco impacientes. Tamén son moi amables.

Antón, 55 anos



Os xaponeses son moi disciplinados e educados, din “grazas” por calquera cousa e sorrín seguido. Nunca poñen unha mala cara.

Marta, 32 anos

B. Coñeces tópicos sobre os galegos? Os galegos que coñeces cumpren eses tópicos? Comentádeo entre todos.



UNIDADE 7

A comer!

**Nesta unidade imos decidir o menú para unha cea con toda a clase.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ a falar de gustos e de hábitos culinarios ◆ a pedir e dar información sobre comidas ◆ a desenvolvernos en bares, cafeterías e restaurantes ◆ algúns hábitos gastronómicos dos galegos ◆ as comidas do día ◆ pesos e medidas
- ◆ a forma impersoal con **se** ◆ os pronomes complemento de **OD**
- ◆ os conectores **e**, **pero** e **ademais** ◆ algúns usos de **ser** e **estar**

1. COMO DE TODO

A. Aquí tes as ofertas da semana dunha cadea de super-mercados. Coñeces todos os produtos?

LÁCTEOS



loqures de
diferentes
sabores
unidade
0,38 €



Queixo
250 g
4 €



Leite
cartón de 1 litro
0,80 €

Maiteiga
200 g
2 €



FROITAS E VERDURAS



Mazás
1 kg
1,40 €



Leituga
unidade
1 €



Patacas
Bolsa de 3 kg
2,50 €



Melocotóns
1 kg
2,80 €



Nectarinas
1 kg
2,30 €



Tomates
1 kg
2,40 €

OVOS E CARNES



Ovos
1 dúcia
1,40 €



Filete de toureira
300 g
4 €

LIMPEZA



Deterxente
paquete de 1,5 kg
5,50 €



Xel de ducha
750 ml
2,75 €

Lixivia
600 ml
1,59 €



PAN, GALLETAS E PASTA



Madalenas
bolsa de 300 g
1,50 €



Pau
1 barra
0,90 €



Galletas
paquete de 800 g
1,80 €



Tortellini's
paquete de 250 g
1,99 €

OUTROS



Berberechos
lata de 120 g
2 €

Cerveza
catro unidades
1,80 €



Café
paquete de 250 g
2,52 €



Arroz
paquete de 1 kg
1,70 €



Azucere
paquete de 1 kg
1,20 €

B. Consomes normalmente os produtos da páxina anterior? Completa o cadro.

a miúdo ou moi a miúdo
ovos
de cando en vez
nunca ou case nunca

C. Agora coméntao co teu compañeiro.

- Eu como de todo, pero a froita non me gusta moito.
- Pois eu nunca como carne.


D. Hai outras cousas que non comes ou que non bebes nunca? Coméntao co teu compañeiro.

- Eu non bebo cervexa, non tomo alcol.

2. DE PRIMEIRO, QUE DESEXAN?



A. É a hora da comida en O Pote, un restaurante típico galego. O camareiro tómalles nota a dous clientes. Marca na carta o que piden.



B. Aquí tes outros pratos de O Pote. En que parte do menú podes enconralos: como primeiros, como segundos ou como sobremesas? Algúns poden ser primeiros ou segundos. Coméntao co teu compañeiro.

- | | |
|---|--|
| ☐ Papas de arroz | ☐ Sopa |
| ☐ Guiso de fideos | ☐ Pescada á galega |
| ☐ Xurelos fritos | ☐ Xudías con touciño entrefebrado |
| ☐ Lentellas | ☐ Tortilla de patacas |
| ☐ Canelóns | ☐ Carne ao caldeiro |
| ☐ Filete con patacas | ☐ Ovos fritos con chourizo |
| ☐ Xeadado | ☐ Froita do tempo |

- As papas de arroz é un primeiro, non?
- Non. É unha sobremesa.

3. COCIÑA FÁCIL

A. Imaxina que uns amigos te invitan esta noite a cear á súa casa e decides levar algo de comer. Aquí tes as receitas de tres pratos galegos. Cal che parece máis fácil? Cal prefires preparar?

Polbo á feira


Ingredientes (4 persoas): un polbo fresco mediano, un litro de aceite de oliva, pemento doce e picante e sal gordo. **Preparación (1 hora):** primeiro mázase o polbo (para que estea máis brando). Ponse unha pota con auga ao lume e cando rompe a ferver bótase o polbo limpo, deixándoo cocer uns tres cuartos de hora. Apágase o lume e o polbo repousa na auga un anquiño. Para a degustación, córtase o polbo en anacos, engádese aceite, pemento (doce e picante) e sal gordo por enriba. Sérvese mellor en pratos de madeira.



Lacón con grelos

Ingredientes (6 persoas): 1 quilo de lacón salgado, 300 gramos de cachucha de porco salgada, 300 gramos de orella de porco salgada, ½ quilo de chourizo galego, 1 ½ quilo de grelos, 6 patacas grandes e sal ao gusto.

Preparación (2 horas e media): colócase o lacón a desalgar en abundante auga fría, 24 h antes. Nunha pota grande, colócanse o lacón, a cachucha, a orella e os chourizos e déixanse cocer a lume baixo durante unha hora e media. Engádense os grelos e as patacas e déixase cocinar outra medio hora. Con todo ben cocido, apártase a pota do lume e déixase repousar uns 15 minutos. Córtanse os ingredientes en cachos regulares. Á hora de servir, pónense os grelos nunha fonte, as carnes enriba, as patacas ao lado e os chourizos alternados.



Oreallas de Entroido

Ingredientes (8 persoas): ½ quilo de fariña, 100 gramos de azucre, 50 gramos de manteiga fundida, 1 vaso de leite, 1 chorriño de anís, 1 ovo inteiro, 2 xemas, 2 claras montadas, unhas gotas de extracto de limón. **Preparación (unha hora e media):** bótanse todos os ingredientes nunha cunca, agás as dúas claras montadas. Mestúranse ben ata que a masa se despegue das paredes da cunca. Pásase a unha superficie enfariñada e trabállase ben. Incorpóranse as dúas claras montadas a punto de neve e trabállase ata obter unha masa compacta. Déixase repousar unha media hora. Estírase a masa moi fina e córtase en anacos que se friten cunha mestura de aceite e manteiga para que non repitan. Escórrense ben e bótase azucre por riba.



B. Marca nas receitas a palabra **se** e fíxate na forma verbal que a acompaña. Ás veces é a terceira persoa do singular e ás veces a terceira do plural. Cando cres que se usa cada unha?

4. COMIDA CASEIRA

A. Camilo é cociñeiro e os seus fillos sempre lle piden consellos. Nestas conversas hai unha serie de palabras en negriña: os pronomes complemento de obxecto directo (OD) **o**, **a**, **os**, e **as**, que empregamos para non repetir un substantivo. Sinala a que substantivo se refiren en cada caso.

- Papá, que bos están **os** teus ovos fritos? Como **os** fas?
◦ Pois mira, o principal é fritilos con bastante aceite, pero teño un truco: pelo un dente de allo e bóto no aceite.
- Como fas para que o arroz quede tan solto?
◦ É moi fácil: hai que botalo en aceite quente e darlle voltas sen parar. Despois botas o dobre de auga e cando se consome, xa está.
- As lentellas están boísimas. Como **as** fixeches?
◦ Tívenas toda a noite en remollo e logo cociñein as cos demais ingredientes a lume baixo.
- Papá, como podo facer a pasta?
◦ Pois, podes ferverla cunha folla de loureiro e unhas gotiñas de aceite de oliva.

B. Fíxacheste en que os pronomes complemento de OD aparecen en distintas formas? En que cres que consisten estas variacións? Coméntao co teu profesor.

C. Agora, completa as seguintes frases cun pronome complemento de OD.

- Hoxe as verduras teñen un sabor diferente, non?
◦ Si, é que fíxen ao vapor.
- Que pan tan rico! Onde mercaches?
◦ Fíxen eu mesma.
- E os garavanzos, onde gardo?
◦ Podes poñe no armario, ao lado do azucre.
- Trouxéchesme a cervexa?
◦ Si, gardei na neveira.

5. ADEMAIS...

A. Le estas dúas frases. As palabras remarcadas son conectores. Entendes o que significan?

*Este restaurante é moi bo, **ademais** non é moi caro.*
*Este restaurante é moi bo, **pero** é moi caro.*

B. Agora, descubre na columna da dereita a mellor opción para continuar as frases da esquerda. Logo, escribeas completas no teu caderno, engadindo o conector máis adecuado en cada unha: **ademais** ou **pero**.

- | | |
|--|--|
| 1. A sopa está moi boa, | a. teñen moita fibra. |
| 2. Normalmente tomo sobremesa, | b. non o tomo pola noite. |
| 3. Encántame o café, | c. hoxe non me apetece. |
| 4. Proba estas galletas. Son moi lixeiras, | d. fáltalle un pouco de sal, non cres? |

A forma impersonal con se

Resumo gramatical p. 141

Cando non podemos ou non nos interesa especificar quen realiza unha acción, utilizamos formas impersonais. É frecuente empregar estas formas ao dar instrucións ou ao facer xeneralizacións.

3.^a persoa do singular + se

- Na miña casa **céase** ás nove e media.
(=Na miña casa ceamos ás nove e media.)

3.^a persoa do singular + se + substantivo en singular

- En Francia **cómese** moito queixo.
(=Os franceses comen moito queixo.)

3.^a persoa do plural + se + substantivo en plural

- En Galicia **cómense** moitos embutidos.

Conectores e, pero, ademais

Os conectores serven para enlazar frases e para expresar a relación lóxica dunha frase con outra.

E engade un elemento sen dar ningún matiz.

- É unha cidade moi bonita **e** moi moderna.

Pero engade un elemento que presentamos como contraposto ao primeiro.

- É unha cidade moi bonita, **pero** o clima é horrible.

Ademais engade un elemento que reforza a intención da primeira información.

- É unha cidade preciosa e, **ademais**, a xente é moi simpática.

Bares e restaurantes

CAMAREIROS	CLIENTES
Para preguntar que quere o cliente	Para pedir nun restaurante
Que desexa/n?	De primeiro (quero) sopa, e de segundo, polo ao forno.
Que lle/lles poño?	
Para/de beber?	(Para beber), unha cervexa, por favor.
Algunha cousiña máis?	Perdoe, que hai/teñen de primeiro/segun-do/sobremesa?
Algún café/licor?	Perdoe, póñame outra auga, por favor. Perdoe, pode traerme un pouco máis de pan?
	Para pagar
	Canto é?
	Que lle debo?
	A conta, por favor.

Normalmente, nos establecementos públicos, utilízanse as formas verbais correspondentes a **vostede** ou **vostedes**.

- Que desexa?
○ Teñen cervexa sen alcohol?

Pronomes complemento de obxecto directo (COD)

Resumo gramatical p. 134

Os pronomes complemento de obxecto directo (**o, a, os, as**) aparecen cando, polo contexto, xa está claro cal é o COD dun predicado e non o queremos repetir.

	singular	plural
masculino	o	os
feminino	a	as

- Onde gardo o mel?
○ Gárdao no armario.
- Cando tomas a infusión?
○ Tómoa despois do xantar.
- E cando ves os teus pais?
○ Véxoos nas fins de semana.
- Trouxéchesme as receitas para o menú?
○ Si, téñoas no bolso.

O/os e **a/as** poden presentarse noutras formas, dependendo da terminación do verbo que os precede.

Cando o verbo co que van remata en **-r** ou **-s**, estas grafías desaparecen e os pronomes aparecen nas formas **lo(s)/la(s)**:

- Os mexillóns, temos que poñelos na pota agora mesmo.
- A cebola, debes cortala moi fina.

Cando o verbo co que van remata en ditongo, adquiren as formas **no(s)/na(s)**:

- O queixo, useino para a torta.
- Estas mazás mercounas Luís onte na feira.

O é tamén un pronome de COD neutro e pode substituír unha parte do texto:

- Que é isto?
○ Non **o** sei. Trúxo-o Manolo esta mañá.

- Sabes que van abrir un centro comercial novo?
○ Si, acabo de lelo no xornal.

Ser e estar

Resumo gramatical p. 142

Para describir ou valorar algo, usamos o verbo **ser**.

- O marisco galego **é** excelente.

Pero para comentar unha experiencia directa, usamos **estar**.

- Que bo **está** este marisco! (estouno probando)

Pesos e medidas

1 kg (**un quilo**) de arroz
 ½ kg (**medio quilo**) de azucre
 ¼ kg (**un cuarto de quilo**) de café
 200 g (**douscentos gramos**) de fariña
 1 l (**un litro**) de aceite
 ½ l (**medio litro**) de auga

Comidas do día

o almorzo **o** xantar **a** merenda **a** cea

Os verbos: **almorzar, xantar, merendar** e **cear**.

- Que almorzas normalmente?
○ Un zume e unhas torradas.



6. AS PATACAS LÁVANSE...

A. Relaciona os verbos coas ilustracións.

cortar

asar

cocer

pelar

facer á prancha

quentar

botar

lavar

conxelar

fritir



1.



2.



3.



4.



5.




6.



7.



8.



9.



10.

B. Que se fai normalmente con estes produtos? Escribeo e, despois, coméntao co teu compañeiro.

as patacas	o peixe	o melón
as laranxas	a carne	o leite
o arroz	os ovos	a pasta

- As patacas lávanse e pélanse. Pódense fritir, pódense asar, pero nunca se fan á prancha, non si?
- Non, creo que non.

7. A COMPRA DE IAGO

A. Iago acaba de chegar do supermercado. Podes identificar os produtos que mercou? En parellas, escribide frases dicindo onde puxo as cousas: no frigorífico ou no armario.

- O leite, gardouno no frigorífico.



B. Agora ides agruparvos con outra parella. Cada parella di unha frase e a outra ten que adiviñar de que se trata. Pero coidado: non podes dicir o nome da cousa senón que tendes que usar os pronomes de OD.

- Gardounas no frigorífico.
- As peras?
- Non.
- As mazás?

8. A DIETA DE ROBERTO



A. Este é Roberto Xastre, un modelo de 24 anos. Que cres que fai para manterse en forma? Cales das cousas da listaxe cres que come? Cales non? Escribeo no cadro.

verdura	sushi	carne á prancha
marisco	piña	peixe á prancha
torta	chocolate	hamburguesas
lasaña	pan integral	pan branco

Come	Non come

B. Agora vas escoitar a entrevista na que Roberto conta como se mantén en forma. Logo de escoitala, comproba as túas hipóteses.

C. E ti, cando queres coidarte, que fas? Que non comes? Que comes?

• Eu, cando quero coidarme, non como chocolate.

9. UNHA COMIDA FAMILIAR

A. Como son as comidas familiares na túa casa? Explicállelo aos teus compañeiros. Hai cousas que podes dicir que son típicas no teu país neste tipo de encontros? Aquí tes algunhas ideas.

- Tómase/Non se toma aperitivo.
- Cómesse moito/bastante/pouco.
- Pódese/Non se pode fumar durante a comida.
- Bébesse cervexa/auga/viño...
- Tómase/Non se toma café/infusión despois da comida.
- Nunca se pon a tele/música durante a comida.
- Despois das comidas hai moito tempo de sobremesa.
- Cántase/Báilase.

• Na miña casa, nas comidas familiares, normalmente cómesse moito, tómase un bo viño...

B. Sabes como son as comidas familiares en Galicia? Coméntao cos teus compañeiros e, se non o sabedes, comentádeo co voso profesor.

• En Galicia, o queixo normalmente cómesse despois da comida, como sobremesa, e en moitas partes de España cómesse como aperitivo.
o Si, é verdade e...

10. A CEA DA CLASE



A. Imaxínade que hoxe ides preparar unha cea para a clase. Organizádevos en parellas. Cada parella ten que preparar dous pratos. Decidide, primeiro, que pratos, que ingredientes levan e como se preparan.

B. Agora ides presentarllas os pratos aos vosos compañeiros. Eles vanvos facer preguntas. Ao final, entre todos ides elixir os mellores pratos, aqueles que lle gustan á maioría.

• Nós imos preparar "tamales" que é un prato típico de Venezuela. Leva masa de millo, carne, pemento, tomate, cebola e un adobo especial que aquí é difícil de atopar. Envólvese todo en follas de plátano e cócese.
o Follas de plátano?
• Si, pero non se comen.

C. Agora tendes que facer a lista da compra. Tende en conta cantos sodes.

• Temos que comprar a carne e as verduras que o resto téñoo eu na casa. 500 gramos de carne é suficiente, non si?
o Si, supoño que chega...

11. TAL TERRA ANDAR, TAL PAN COMER

A. Cales cres que son os principais atractivos turísticos de Galicia? Coméntao cos teus compañeiros.

B. Agora le este texto. Que información che parece máis relevante? A gastronomía da zona onde vives é tamén un atractivo turístico? Coméntao cos teus compañeiros.

Arroz con chícharos, patacas novas, repolo de Betanzos e mais cebolas...

Un dos aspectos máis interesantes de calquera cultura é a gastronomía. Que come a xente? Que bebe? Que produtos son típicos? Así o reflicte, por exemplo, este refrán dunha canción popular e moitas expresións da cultura tradicional. Pero en Galicia, o interese pola cociña vai máis alá, e degustar un prato autóctono ás veces non é unicamente un complemento da actividade viaxeira: son moitos os turistas que se desprazan pola xeografía galega co único obxectivo de coñecer a súa gastronomía.


É que Galicia conta con algúns alimentos que son coñecidos en moitas partes do mundo: o mexillón, o viño branco, a carne de tenreira, o lacón, os queixos, o mel e, inclusive, un tipo de pan... A maioría deles conta xa con algún indicativo de calidade que é a garantía para o consumidor de que un produto típico, como un viño ou un queixo, está feito de maneira tradicional, coas debidas materias primas, nun lugar determinado e seguindo rigorosos controis de calidade.

Pero, ademais de ter unha boa materia prima, a gastronomía galega posúe o atractivo da súa preparación única. Por isto, son moitos os hostaleiros que se preocupan de conservar a xenuína cociña galega, aínda que nos últimos anos a restauración en Galicia tamén soubo mesturar o mellor da herdanza tradicional coas novas e modernas propostas para elaborar os seus pratos máis demandados.

C. A continuación vas ver algúns produtos gastronómicos, típicos de diferentes lugares de Galicia. Probaches algún deles? Es capaz de describilos? Coméntao co teu compañeiro.

• *Eu xa probei o viño albariño. Gustoume moitísimo. E o botelo? Eu non sei o que é...*

D. Coñeces outros produtos típicos de Galicia? Sabes se se fan nalgún lugar en concreto? Que produto ou prato che gusta máis da gastronomía galega?



1. Queixo (Arzúa)



2. Augardente (A Ulla)



3. Pementos (Padrón)



4. Filloa (Lestedo)



5. Botelo (A Fonsagrada)



6. Tortas (Mondoñedo)



7. Lagostas (Burela)




8. Capóns (Vilalba)



9. Albariño (Rías Baixas)



10. Ostras (Arcade)



12. Raia (Portonovo)



13. Pan (Cea)



14. Ribeiro (Ribadavia)



15. Pataca (A Limia)



16. Mel (Trives)



UNIDADE 8

Guía de ocio

**Nesta unidade imos planificar un día de ocio nunha cidade galega.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ a falar de actividades de lecer ◆ a falar de horarios ◆ a describir lugares
- ◆ a falar do clima ◆ a relatar experiencias pasadas ◆ a falar de intencións e de proxectos ◆ os meses do ano ◆ o pretérito ◆ a perífrase **ir** + infinitivo
- ◆ algunhas expresións temporais

1. GUÍA DE OCIO

A. Esta é a *Guía de ocio da cidade de Vigo*. Le as informacións que contén e logo decide, en parellas, cal é o mellor lugar para realizar cada unha das seguintes actividades.

1. Queredes bailar ata as seis da mañá.
2. Queredes ir a un museo, pero só tendes 4 € cada un.
3. Queredes ir ao cine ver unha película en versión orixinal.
4. Queredes ir a un karaoke.
5. É a unha da madrugada dun sábado e apetecevos cear nun sitio con música.
6. Queredes facer algo pola mañá e encántavos a pintura francesa.
7. Xa é bastante tarde e tendes fame. Un de vós é vexetariano.
8. Queredes ir ao cinema cun rapaz de 10 anos.
9. Gustaríavos cear fóra, pero non queredes gastar máis de 20 € entre os dous.
10. Queredes tomar un café nun lugar con arte e historia.
11. É venres, son as dez menos vinte da noite e queredes ir ao teatro.
12. Queredes escoitar música en directo.

- Para xantar o sábado, podemos ir a O Pescador, a min gústanme moito os peixes da ría.
- o Ou tamén podemos ir de tapas...

Guía de ocio da cidade de Vigo

RESTAURANTES

O Pescador Rúa do Berbés, 7. 986 43 29 24. Mariscadas á grella, peixes da ría e arroces. Albariño e mencia. A partir das 12.30 h. Menú degustación a 30 €.

A Colexiata Rúa Oliva, 10. 986 22 73 97. Cociña tradicional galega. Especialidades: empanadas variadas e fideos con mariscos. Venres e sábados, actuacións de solistas: violín, piano e frauta. De 13 a 02 h. Pecha os domingos.

Mesón do Deza Rúa Canceleiro, 9. 986 22 88 64. De 7.00 a 24.00 h. Carnes de Lalín e peixes variados. Os domingos, durante o inverno, especial cocido de Lalín (hai que encargalo, mín. 4 persoas). Menú do día: 12 €. Tapas variadas. Pratos combinados desde 5,50 €.

Corleone Rúa Rosalía de Castro, 37. 986 22 27 70 - 986 22 67 66. De 13.30 a 16 h e de 20.30 a 24.30 h. Comida tradicional italiana. Cociña para fabricación de pastas á vista do público.

Tapas Areal Rúa México, 36. 986 41 86 43. Gran variedade de tapas. Embutidos, ensaladas, menú vexetariano, revoltos, peixes e carnes (espeto de solombo, costeletas de leitón). De 11 a 24 h.

CAFETERÍAS, BARES E DISCOTECAS

Don Balón Avda. de Balaídos, 20. 986 41 53 09. De 8 a 24 h. Almorzos e bocatería. Menú do día a 10 €.

Cafetería Agarimo Rúa Lavadores, 3. 986 22 97 60. De 8 a 2 h. Días de peche: domingos. Almorzos, cafés e infusións. Tapas especiais.

A Cova Céltica Praza da Pedra, 5. Ambiente folk. De domingo a mércores de 23.30 a 3 h. De xoves a sábado ata as 5.30 h. Exposición permanente de pintura galega. Situado na zona histórica. Concertos de grupos folk, todos os xoves a partir das 22 h.

O Castro Rúa Manuel Olivie, 31. 986 42 09 40. Karaoke, son D.B.U. e equipo de iluminación. De 23.30 a 5.30 h. Sábados e domingos ata as 6 h.

D'Roi Rúa Concepción Arenal, 1. Pop, rock, disco, jazz, blues, soul, funky, folk, house, dance, techno. De luns a sábado de 19.30 a 3 h. Pechado domingos.

Odeón Rúa Rogelio Abalde, 12. Tango, salsa, merengue, rumbas, latino. Domingos a xoves de 19 a 24 h. Café de 12 a 20 h. Pub desde as 24 ata as 6 h. Karaoke venres e sábados (22 a 24 h).

MUSEOS

MARCO (Museo de Arte Contemporáneo) Rúa Príncipe, 54. 986 11 39 00. De martes a sábado (festivos incluídos), de 11 a 21 h, domingos de 10 a 15h, pechado os luns. Horario da tenda librería: luns a sábados (festivos incluídos) de 11 a 21 h, domingos de 11 a 15 h. Prezo: 3 €. Estudiantes con carné, maiores de 65 anos, desempregados e pensionistas: 2 €. Nenos ata 8 anos: gratuíta. Familia numerosa: 1€ por persoa. Grupos a partir de 10 persoas: 1 € por visitante. Exposicións temporais: Planta Baixa: "Novos Horizontes". Artistas contemporáneos de Francia, do 1 de xuño ao 23 de setembro. Primeiro piso: "Documentos. A memoria do futuro", do 30 de marzo ao 24 de xuño. "Retratos doutro século", do 29 de xuño ao 9 de setembro".

Museo Etnográfico Liste Rúa Pastora, 22 (Travesas). 986 24 46 98. Martes a sábado: de 11 a 14 h e de 17 a 19 h. Domingo e luns pechado. As visitas fóra do horario establecido deberán concertarse previamente. Prezo xeral: 2,40 €. Menores de 12 anos, xubilados e estudantes: 0,90 €. Grupos de máis de 10 persoas: 0,60 €. Exposicións permanentes: mostras de actividades económicas, culturais, agrarias ou médicas, ligadas ao mundo rural.

Casa das Artes Rúa Policarpo Sanz, 15. 986 43 95 25 (atención ao público de luns a venres: de 9 a 14 h). Luns a venres de 18 a 21.30 h. Sábados de 11 a 14 h e de 18 a 21.30 h. Domingos e festivos de 11 a 14 h. Entrada libre. Exposición permanente: "Laxeiro y Luis Torras". Exposición temporal: "Tamara Lempicka", do 19 de abril ao 15 de xullo. Visitas guiadas: de luns a xoves ás 20 h; domingos e festivos ás 12 e ás 19 h.

Fundación Barrié de la Maza Rúa Policarpo Sanz, 31. Exposicións: "100 cartaces para un século". Do 24 de abril ao 24 de xuño. Martes a domingo, de 12 a 14 h e de 18 a 21 h. Entrada gratuíta. Conferencias: "Os galegos na construción do canal de Panamá", a cargo de Juan Manuel Pérez, o 20 de xuño ás 20 h. Entrada limitada.

TEATROS

Teatro Ensalle Rúa Chile, 15. 986 48 56 09. Horarios de oficina: de luns a venres de 11 a 14 h e de 17 a 21 h. Programación: *Zardigot*, Espello cóncavo. Venres e sábado ás 22 h; xoves e domingos ás 21 h.

Teatro Arte Libre Rúa Vázquez Varela, 19. 986 11 44 44. Programación: *Fóra de xogo*, Nove dous. Funcións: xoves a sábado 21:30 h; domingo: 19 h. Prezo: 10 €; abono de 10 entradas, 60 €; 6 €, para carné estudante, persoas xubiladas, grupos de máis de 10 ou os xoves, día do espectador.

CINEMAS

Cine Box Praza E Praza Elíptica Francisco Fernández del Riego, s/n. Tel.: 986 49 42 03. *Hostel 2*: domingos e festivos pase matinal: 12.15 h; venres, sábados e vésperas de festivos pase madrugada: 24.30 h. *Ocean's 13*: domingos e festivos pase matinal: 12.10 h; venres, sábados e vésperas de festivos pase madrugada: 24.45 h. *Piratas do Caribe. No fin do mundo*: domingos e festivos pase matinal: 11.40 h; venres, sábados e vésperas de festivos pase madrugada: 23.35 h.

Cine Salesianos Rúa Venezuela, 3. 986 43 51 40. Sala 1: *Sempre Xonxa* 17.30 h, 20.15 h e 23 h. Sala 2: *Fis-terra* 17.45 h, 20.30 h e 23 h. Sala 3: *Trece badaladas* 17.45 h, 20.30 h e 23 h. Sala 4: *Os luns ao sol* 17.45 h, 20.30 h e 23 h. Domingo ás 11 h, sesión de películas e debuxos animados para nenos, sala 3.

Gran Vía Cinemas Baixada ao Castañón, Gran Vía. 902 22 09 22. *Cidadán Kane*: 16.30 h, 17.45 h, 19 h, 20.30 h, 21.30 h e 23 h; *Casablanca*: 16.15 h e 18.15 h; *A raíña de África*: 20.30 h; *Sabrina*: 23 h. Ciclo de cine en versión orixinal, xoves ás 22 h e domingos ás 11 h.

EVENTOS DEPORTIVOS

Liga da Primeira División de Fútbol R.C. Celta de Vigo - Osasuna. Campo Municipal de Balaídos. Domingo 17 h.

Liga de Balonmán Academia Octavio Pilotes Posada - Bidasoa. Pavillón das Travesas: 19 h.

B. No lugar onde vives, tes unha oferta de ocio similar á da cidade de Vigo? Comenta as semellanzas e as diferenzas co teu compañeiro.

- Na miña vila non hai tantas discotecas.
- o Pois na miña si, e bares tamén.

C. Se vives fóra de Galicia, fíxate nos horarios da *Guía de ocio*. Hai algo que te sorprende? É igual no teu país?

- Na miña cidade as discotecas pechan máis cedo.
- o Si... e os cinemas tamén.

2. DE VACACIÓNS



A. Como adoitas pasar as vacacións? Marca a continuación as túas preferencias e coméntaas co teu compañeiro.

só	coa familia	coa parella	cos amigos	en viaxes organizadas
en barco	en tren	en coche	en avión	en bicicleta a pé
na praia	na cidade	na montaña	en países exóticos	en vilas
en verán	en inverno	en primavera	en outono	

- A min gústame viaxar en verán, coa familia ou cos amigos...
- o Pois eu, prefiro o inverno, e se pode ser con neve, perfecto.



B. Á volta de Semana Santa, unhas persoas cóntannos como pasaron estes días. Relaciona os comentarios coas fotos.



C. Agora volve escoitar e completa o cadro. Pode haber máis dunha opción.

	1	2	3	4
Viron un partido de fútbol.				
Comeron moi ben.				
Alugaron un coche.				
Foron de compras.				
Foron ao teatro.				
Sáíron de noite.				
Foron en barco.				
Estiveron en museos.				
Tiveron mal tempo.				

D. Agora fai unha lista dos países, das cidades e dos monumentos que visitaches e máis che gustaron. Logo, pregúntalle ao teu compañeiro para ver se tendes experiencias comúns.

- Estiveches en Arxentina?
- o Non, pero en Uruguai, si. Encantoume a cidade de Montevideo.

3. UN FRAGMENTO DE MENSAXE

A. Mario cambia frecuentemente de cidade, debido ao seu traballo. Este é o fragmento dunha mensaxe que lle enviou a un amigo que vive no estranxeiro, na cal lle fala das súas impresións e das cousas que fixo na última cidade á que se mudou. Podes descubrir de que cidade galega se trata? Escríbeo.



Pois este ano xa mudei de residencia catro veces. Agora estou de volta en Galicia, en . O pouco tempo que levo aquí aproveitei para coñecer mellor a cidade. Fixen moitas cousas: paseei polas rúas, subín á torre da catedral, visitei a Igrexa da Soidade e o Pazo Episcopal, coñecín o Museo Provincial e a Casa dos Mosaicos. Esta fin de semana seguí coa exploración: o sábado fun a unha exposición na Porta Miñá, andei polo paseo da Muralla e pola praza do Campo; o domingo crucei a ponte romana e bañeime nas termas dun hotel balneario. Hoxe continuei coa ruta: esta mañá estiven na praza Maior e merquei unhas postais para enviar a uns amigos e, pola tarde, volví ao paseo da Muralla para facer algunhas fotos...

B. Fíxate ben nas anotacións. Sabes en que tempo verbal están as frases? Podes sinalar os marcadores temporais que acompañan este tempo? Coméntao co teu compañeiro e logo aclarádeo co voso profesor.

C. E ti, que fixeches? Escríbeo completando as frases e despois coméntao tamén cos teus compañeiros.

Estea no..... *fun moi poucas veces ao cine...*

Estem es.....

Esta semana

Esta mañá

Hoxe

Estes días

Nunca

4. SAÚDOS DENDE BRASIL!

A. Iria é unha rapaza galega que está pasando as vacacións no Brasil, cun grupo de amigos. Le a postal que lle envía á súa familia e comenta co teu compañeiro se o está a pasar ben ou mal.

Ola a todos:

Por fin chegamos a Río, despois de pasar uns días fantásticos en Foz do Iguaçu e Porto Alegre. As cataratas son preciosas e chegamos moi preto da fronteira con Arxentina. O tempo é boísimo e a comida moi rica (hai unha variedade de froitas e zumes naturais increíble).

Agora imos pasar unha semana nesta "cidade marabillosa", que ten unha paisaxe realmente impresionante. É moi grande e moderna, con praias e edificios moi altos nas mesmas rúas. Hoxe á tarde, como o grupo está un pouco canso, só imos pasear en bus pola cidade, pero mañá imos visitar o Corcovado e o Cristo Redentor, e logo imos ir á Illa de Paquetá comer nun rodicio e pasar o resto do día. No hotel faláronnos dunha festa na Asociación Amigos do Camión de Santiago do Río e algúns do grupo imos achegarnos por alá un pouco máis tarde. Nun par de días imos viaxar a Petrópolis, unha vila fluminense con moito "encanto", como din aquí. Para a semana imos coñecer dúas cidades que tamén teñen a súa historia: Salvador de Bahía e Manaus. Pois é todo, de momento... espero que vós tamén esteades aproveitando ben o verán por aí, se non chove, claro... Moitos bicos,

Iria

B. Que vai facer Iria o resto das vacacións? Completa.

Plans	Cando?
<i>Vai dar unha volta por Río en autobús...</i>	<i>Hoxe á tarde...</i>

C. Que estrutura verbal encontramos na columna dos plans?

..... + infinitivo

D. Os seguintes marcadores temporais sêvennos para referirnos ao futuro. Podes ordenalos cronoloxicamente?

- | | |
|-------------------------------|---------------------------|
| en Semana Santa | esta tarde |
| o 25 de xullo | dentro de dous anos |
| o 1 de xaneiro | o mes que vén |
| en Nadal | o ano que vén |
| o luns que vén | o 17 de maio |
| en setembro | pasadomañá |
| a próxima fin de semana | |

E. E ti, que plans tes para o futuro? Escríbeo e logo explícallo ao teu compañeiro.

- *O ano que vén vou facer un cruceiro coa miña familia e uns amigos.*

Falar de horarios

- **A que hora abre/pecha** o banco?
A que hora abren/pechan os estancos?
A que hora comeza/acaba o filme?
A que hora comezan/acaban as visitas?
A que hora chega/sae o tren de Vigo?
- **Á unha; ás dúas/tres/sete/once e media...**
- **Está aberto de** dez **a** unha...
- **Está pechado de** dúas **a** cinco...

Relatar experiencias pasadas: o pretérito

Verbos regulares

	ANDAR	VOLVER	SAÍR
(eu)	andei	volvín	saín
(ti)	andaches	volviches	saíches
(el/ela/vostede)	andou	volveu	saíu
(nós)	andamos	volvemos	saímos
(vós)	andastes	volvestes	saístes
(eles/elas/vostedes)	andaron	volvieron	saíron

Verbos irregulares

	IR
(eu)	fun
(ti)	fuches
(el/ela/vostede)	foi
(nós)	fomos
(vós)	fostes
(eles/elas/vostedes)	foron

En galego, tamén empregamos o pretérito para falar de acciones pasadas con marcadores temporais que manteñen un vínculo co presente: **hoxe, este mes/ano, estes días, esta mañá/tarde/noite/semana/fin de semana, ultimamente, nos últimos días...**

- Hoxe **almorcei** un café con leite e unhas torradas.
- Esta fin de semana **estiven** con moitísima xente.
- Esta semana **lin** tres libros.

Describir lugares

unha praia **con** pouca xente...
unha cidade **con** moito encanto...
un local **con** música en directo...

un bar **onde** hai boa música...
un lugar **onde** se pode facer deporte...

Falar de intencións e proxectos

IR + infinitivo

(eu)	vou	
(ti)	vas	
(el/ela/vostede)	vai	
(nós)	imos	+ infinitivo
(vós)	ides	
(eles/elas/vostedes)	van	

- Que **ides facer** o sábado pola noite?
- Seguramente **imos tomar** unha copa cuns amigos.



Para falar de intencións e proxectos no futuro podemos utilizar os seguintes marcadores temporais.

esta tarde/noite/fin de semana...
este xoves/venres/domingo...
mañá/pasadomañá...
dentro dun ano/dous meses/tres semanas...
o luns/mes/ano que vén...

Tamén podemos empregar o presente do indicativo para falar de intencións e proxectos.

- Mañá **imos** de excursión a Padrón.

Falar do clima

Vai frío/calor/sol/vento/aire/néboa/bruma/bochorno...
Chove, neva...
Hai treboada/tempestade/temporal...
Está nubrado/soleado/chuvioso...
O tempo **é** bo/boísimo/regular/malo...

Meses do ano

xaneiro	xullo
febreiro	agosto
marzo	setembro
abril	outubro
maio	novembro
xuño	decembro



5. TODA UNHA VIDA

A. Aquí tes unha serie de feitos que poden darse na vida dunha persoa. Se non entendes algunha palabra, pregúntalle ao teu compañeiro ou ao profesor.

PLANTAR UNHA ÁRBORE	DIVORCIARSE	
ESCRIBIR UN LIBRO	MONTAR UN NEGOCIO	
XUBILARSE	ESTUDAR NUN PAÍS ESTRANXEIRO	
APRENDER A ANDAR EN BICICLETA	NAMORARSE	
VIVIR SÓ/SOA	IR Á UNIVERSIDADE	CASAR
ACABAR OS ESTUDOS	DAR A VOLTA AO MUNDO	
COMPRAR UNHA CASA	TER FILLOS	
APRENDER A TOCAR UN INSTRUMENTO		

B. Da listaxe anterior anota no teu caderno as cousas que xa fixeches, as que estás facendo na actualidade, as que vas facer de aquí a pouco tempo e as que cres que non vas facer nunca.

C. Agora coméntallo ao teu compañeiro. Despois explícalle á clase o que máis te sorprendeu.

- *Pois... Uxía casou dúas veces co mesmo home.*

6. O MEU LOCAL FAVORITO

A. Di como é o teu local favorito na túa cidade e noutra cidade que coñezas. Completa a ficha.

	NA TÚA CIDADE	NOUTRA
Onde está?		
A que hora abre?		
A que hora pecha?		
Que podes facer?		
Vai moita xente?		
Cando vas?		
Por que che gusta?		

B. Agora explícallo aos teus compañeiros.

- *O meu local favorito en Santiago é o café do Casino porque é moi antigo e moi bonito, está na zona vella e...*

7. UNHA BOA DISCOTECA

A. Quen de vós coñece mellor a cidade na que estamos e os seus arredores? Pensa nos lugares que coñeces e intenta completar o cadro.

	Nome	Onde está?
Unha discoteca con boa música.	<i>Sound</i>	<i>no centro</i>
Un bar onde podes conectarte á internet.		
Unha zona de terrazas.		
Un parque tranquilo.		
Un lugar onde se pode facer deporte.		
Unha tenda con roupa barata.		
Un bar onde podes ler.		
Unha biblioteca agradable.		
Unha boa tenda de discos.		
Unha aldea/vila con encanto.		
Un ximnasio.		
Un bar con boas tapas.		
Unha excursión que vale a pena.		
Un paseo ao lado dun río.		

B. Agora coméntao cos teus compañeiros.

- *Eu coñezo un bar no que dan unhas tapas moi boas.*
- *E onde está?*
- *Na zona vella.*

C. Descubriches algo novo? Dos lugares que coñecen os teus compañeiros, decide a cal queres ir, cando e explícallo á clase.

- *Creo que vou ir a Sound esta fin de semana. Marcos xa estivo e di que a música é moi boa.*

8. GUÍAS TURÍSTICOS

A. Aquí tes unha guía de Santiago de Compostela. En grupos de tres, imaxínade que sodes guías turísticos e que tendes que organizar un día en Santiago para un dos seguintes grupos de turistas.

- un grupo de xubilados
- un grupo de 35 estudantes de 18 anos
- unha parella que está de lúa de mel
- un grupo de nenos de 10 a 14 anos

Onde a choiva é arte. Cidade aberta, cálida e hospitalaria, afeita a recibir peregrinos desde a Idade Media, ten tamén unha cara moderna no ocio que cómpre non perder de vista.

O IMPRESCINDIBLE

Pasear pola zona vella, que fai de Santiago unha cidade Patrimonio da Humanidade. Cómpre visitar a catedral, a súa praza do Obradoiro e pasear polas rúas, agocharse da choiva baixo os soportais e, se o tempo o permite, tomar un café nalguna das prazas arredor da catedral, como a da Quintana dos Mortos ou calquera outra rúa da zona vella. Visitar a Alameda, desde onde hai unha magnífica vista do concello e da catedral. E para visitar museos, o Centro de Arte Galega contemporánea (CEGAC) e o Museo de Pobo Galego, situados a carón do parque de Bonaval.



SANTIAGO DE COMPOSTELA

TAPAS

Para tomar tapas, o máis recomendable é facelo na zona vella, nas rúas do Franco e da Raíña, onde están todos os bares con especialidades galegas: polbo á feira, empanada, pementos de Padrón, mariscos... Algúns dos máis famosos son **O Orella**, onde podes tomar orella de porco, o **SantYago**, **Os Caracois**, o **Central**, todos eles na rúa da Raíña. Son bares moi animados onde se mestura moita xente nova, estudantes, peregrinos e turistas.

ONDE COMER

A Barrola, con comida galega de boa calidade e a bo prezo; o **Enxebre**, ao lado da catedral; **El Pasaje**, con especialidade en mariscos e carnes; **A Alameda**, con especialidade en empanada; a **Casa Marcelo**, comida galega moderna, ten unha estrela Michelin.

PARA TOMAR COPAS

Pódese facer na zona nova ou na zona vella da cidade. Nesta última, os locais máis emblemáticos son: **A Casa das Crechas**, con música celta, cita obrigada para os amantes da cultura folk; **A Carrilana**, máis tranquilo e con boas terrazas no verán; **A Borriquita de Belén**, concertos de jazz e mojitos; o **Meia**, música actual, na Algalia de Abaixo; o **Forum**, para o mellor baile; o **Paraíso perdido**, para sentar tranquilamente, é todo un clásico na noite compostelá.

EXCURSIÓNS

➤ **Rías Altas**: visita ás rías de Betanzos e da Coruña. Betanzos é unha vila medieval con interesantes monumentos e A Coruña conta cunha zona histórica onde se atopa a praza de María Pita. As súas famosas galerías da Mariña e a Torre de Hércules son outros dous atractivos desta excursión.

➤ **Costa da Morte-Fisterra**: visitas a Noia, Muros, Carnota, Corcubión e Fisterra. É un dos lugares máis abruptos da costa galega, cheo de lendas ancestrais e famoso polos múltiples naufraxios ao longo do tempo, cunha paisaxe engaiolante e con praias infinitas.

➤ **Rías Baixas-Salnés**: visita ás rías baixas de Arousa e Pontevedra, máis resgardadas e moi famosas por ser grandes produtoras de mexillóns. Inclúe un percorrido en barco pola ría de Arousa, ademais dun paseo a Pontevedra, Combarro, Sanxenxo, A Lanzada, O Grove, A Toxa e Cambados.

➤ **Outras excursións**: Ribeira Sacra-Canóns do Sil, Sur de Galicia-Portugal, Lugo, Camiño de Santiago, pazos e xardíns históricos. Para facelas, cómpre contactar coa empresa Compostela Visión, en calquera oficina de turismo. Saídas todos os días, de xoves a domingo, ás 9 e ás 12 da mañá, durante o verán. No inverno, consultar horarios nas oficinas de turismo.



B. Agora ídeslle presentar as vosas propostas ao resto da clase. Xustificádeas tendo en conta os posibles gustos do grupo de turistas, prezos...

- *Nós preparamos un día para os xubilados. Pola mañá van ir a...*

9. MÁIS MÚSICA

A. En Galicia celébranse moitos acontecementos musicais durante o verán. Aquí tes tres deles. Cando se celebran? En que lugares? Sabes onde están?

B. Cal deles che interesa máis? Por que? Busca na túa clase dous compañeiros aos que lles interese o mesmo festival.

XX Festival Internacional do Mundo Celta

Catro apaixonantes días de xullo serán testemuñas do XX Festival Internacional do Mundo Celta. Ortigueira converterase, como cada verán, no corazón da Europa atlántica para acoller esta festa folk, declarada de Interese Turístico Internacional. Os mellores concertos de música de raíz, as actividades complementarias, a feira de artesanía, exposicións ou obradoiros tradicionais congregarán milleiros de persoas chegadas desde Galicia, España e do estranxeiro. Mercedes Peón, Milladoiro, Kepa Junkera, Flook ou Kroke brillan nun cartel que inclúe ata unha vintena de macroconcertos gratuítos.

Jazz IMAXINA SONS

O Festival Internacional de Jazz **SONS** amosará desde o 21 de 1 de xullo a actualidade do jazz, amplo número de concertos, con propostas musicais que apostan pola orixinalidade. Poderanse ver grupos musicais que realizan a súa actividade no ámbito galego. Tamén atenderá á actualidade jazzística no resto de España, en especial ás tendencias máis actuais; e, por último, haberá unha importante presenza estranxeira no jazz europeo, sen renunciar a actuacións do latino ou americano. Este certame converterá Vigo durante dúas semanas na referencia dos festivais á vangarda do jazz, cun ambiente cultural e festivo único.

IMAXINA

xuño ata o a través dun numerosas pola innovación e

AS FESTAS DE RIBEIRA



Este ano as festas en honra a santa Uxía contarán coa presenza das dúas orquestras de referencia no ámbito musical galego. A orquestra **Panorama** e a **París de Noia** animarán o día central das festas de Ribeira, desde as primeiras horas da noite ata ben entrada a madrugada. Non só está garantida a calidade musical, senón tamén o espectáculo, a diversión e as ganas de bailar ata moi, moi tarde. Ademais, a comisión de festas agasallará a todos os asistentes coa tradicional queimada ao finalizar a verbena. Para que a diversión non decaia, **agosto comeza en Ribeira!**



UNIDADE 9

Estamos moi ben

Nesta unidade imos interesarnos polos problemas dos compañeiros e ofrecerlles axuda.

Para iso, imos aprender:

♦ *as partes do corpo* ♦ *a dar consellos e suxestións* ♦ *a falar de estados de ánimo* ♦ *a describir dores, molestias e síntomas* ♦ *a dar as condolencias e mostrar solidariedade* ♦ *algúns usos de **ser** e **estar*** ♦ *o futuro*

1. O CORPO PERFECTO

A. Os lectores dunha revista galega escolleron as partes do corpo que máis lles gustan dos famosos. Sabes a cal deles pertencen? Escribeo.

MABEL RIBERA

LUÍS TOSAR

BRAD PITT

PAULA VÁZQUEZ

NICOLE KIDMAN

TOM CRUISE

LAURA PONTE

NAOMI CAMPBELL

MARILYN MONROE

JOHN TRAVOLTA

DENZEL WASHINGTON

ARNOLD SCHWARZENEGGER



O pelo de

.....
.....



Os ollos de

.....
.....



O nariz de

.....
.....



A boca de

.....
.....



O queixo de

.....
.....

A cara de




Os ombros de

.....



As costas de

.....
.....



O peito de

.....
.....

Os brazos de

.....
.....



As mans de

.....
.....

As pernas de

.....



B. Cal é a parte do corpo na que te fixas primeiro nunha persoa? Cal é a parte do corpo que che gusta máis?

• Eu fíxome máis nos ollos, é a parte máis espiritual...

2. LINGUAXE CORPORAL

A. Le este artigo sobre a linguaxe corporal. Sorpréndechede algunha información? Coñeces algunha persoa das culturas que se mencionan no texto? Compórtase desa maneira?

SEN PALABRAS

Cando conversas con alguén, non só te comunicas coas palabras: o teu corpo tamén envía mensaxes. Pero a linguaxe corporal non é igual en todos os lugares; americanos do norte e do sur, mediterráneos e nórdicos, eslavos, africanos, árabes, asiáticos de Oriente Extremo etc., todos temos, ademais do noso idioma, outra lingua. Le atentamente as seguintes informacións: poden axudarche nos teus contactos con persoas doutras culturas.

MIRA AOS OLLOS

Os ollos expresan todas as emocións: pola mirada podemos saber se unha persoa está alegre, triste, preocupada etc. Para os galegos, alguén que mira directamente aos ollos dos demais é, xeralmente, unha persoa segura e sincera.



MANS QUE FALAN

As persoas de culturas latinas e mediterráneas usan máis as mans e tocan máis os demais que os anglosaxóns ou algúns asiáticos (coma os xaponeses). Para os galegos, en xeral, tocar o interlocutor demostra cariño, pero tamén é certo que hai persoas que se senten molestas cando as tocan. Por outra banda, case nunca é aconsellable participar nunha conversa coas mans nos petos porque iso pode interpretarse como unha falta de respecto.



MÁIS PRETO

A distancia é algo relativo: depende da cultura de cada un. Os latinoamericanos, por exemplo, séntense cómodos falando con persoas que están a menos de 50 cm, mentres que un estadounidense normalmente necesita un metro, aproximadamente, para non sentirse "invadido".

XESTOS QUE MOSTRAN IMPACIENCIA OU ABURRIMENTO

Se unha conversa non che interesa, a outra persoa pode notalo polos teus xestos. Nas culturas occidentais, en xeral, levantarse todo o tempo, cruzar as pernas varias veces ou mirar constantemente o reloxo son signos evidentes de aburrimiento. Por iso, cando estás sentado é recomendable situarse nunha posición cómoda e descansada para así respirar mellor. Ademais, se moves os pés constantemente durante a conversa, o outro pode interpretar que estás nervioso, cansado ou impaciente.

SORRÍ, POR FAVOR

Sorrir nunha conversa transmite confianza e alegría, pero non hai que esaxerar. Se sorris demasiado, algunhas persoas poden ter a impresión de que non es totalmente sincero.



B. Na túa cultura existen xestos ou movementos característicos? Hai algunha cousa importante que un estranxeiro que visita o teu país ten que aprender?

● Non debes...

3. ESTÁ MAREADA



A. Estas cinco persoas teñen algún problema de saúde.

Escoita as conversas e escribe que problema ten cada unha.



3. Ten



1. Dóelle



2. Dóenlle



5. Está



4. Ten dor de

B. Agora decide en que columna da táboa de abaixo se poden colocar estas estruturas para falar de síntomas ou de dores.

a cabeza	pés	tose	os oídos
cabeza	o estómago	febre	náuseas
as moas	estómago	as costas	doente
moas	mareado/a	costas	diarrea
os pés	catarro	oído	pálido

Dóelle	Dóenlle	Ten dor de	Ten	Está


C. Estes son os consellos que lles dan ás persoas da sección A. A cal cres que corresponde cada un?

- ☐ Para iso o máis doado é poñelos en auga e sal.
- ☐ Por que non sentas e descansas un pouco?
- ☐ Para iso a camomila vai moi ben.
- ☐ Deberías tomar unha aspirina e descansar un pouco.
- ☐ Tes que tomar, antes de durmir, un vaso de leite quente con mel.



D. Escoita e comproba.

E. Nalgunhas conversas, as persoas fan unhas hipóteses sobre o presente. Sabes en que tempo verbal están? Anota no teu caderno todas as formas que aparecen neste tempo verbal e logo coméntao co teu profesor.



4. É OU ESTÁ?

Estas son Begoña e Diana. Fíxate en que nas dúas descrições aparecen os verbos **ser** e **estar**. En que tipo de informacións cres que se usan un e outro? Logo, completa o cadro de abaixo.



BEGOÑA

É galega.
É unha rapaza moi responsable.
É moi xeitosa.
Está facendo un máster.
Está un pouco nerviosa porque mañá ten un exame.
Está bastante cansada porque a noite estudou ata tarde.
Na foto é a que **está** á esquerda.

DIANA

É italiana.
É arquitecta.
Está traballando nun estudio de arquitectura.
É unha rapaza moi simpática e sociable.
É moi alta.
Está moi contenta co seu traballo.
Está un pouco cansa porque ultimamente traballa moito.
Na foto é a que **está** á dereita.

Na descrición (nacionalidade, orixe, aspecto físico, profesión, carácter...) úsase o verbo

Para falar de características que presentamos como temporais úsase o verbo


Para falar da localización ou da posición úsase

Para falar de accións que se desenvolven no presente úsase + xerundio.

Partes do corpo

En galego, en xeral, para falar das partes do corpo non se usan os posesivos, senón os artigos.

- Marga lava moito **o pelo**.
- O neno abriu **os ollos**.
- Carlos ten **unhas mans** moi grandes.



Dores, molestias e síntomas

Dóeme/che/lle/nos/vos/lles	Nome en singular a cabeza/o estómago/...
Dóenme/che/lle/nos/vos/lles	Nome en plural os pés/os xeonllos/...

Ter + **dor de** cabeza/costas/oído...

Ter + **tos/febre/frío/calor/náuseas/mala cara/mal aspecto...**

Estar + **mareado/a, resfriado/a, canso/a, pálido/a...**

- *Que lle pasa, señora Casal?* **Ten** moi mala cara.
- **Dóeme** moito **a** cabeza e **estou** un pouco mareada.

Dar consellos

	Consellos impersoais o máis doado é facer deporte. vai (moi) ben almorzar froita.
(Para adelgazar)	Consellos persoais ten/tes que comer menos. debe/s facer máis deporte. debería/s camiñar máis. pode/s facer unha dieta. intente/a comer menos doces.
(Se quere/s adelgazar)	

O futuro

VERBOS REGULARES			VERBOS IRREGULARES	
FALAR	COMER	VIVIR	DICIR	FACER
falarei	comerei	vivirei	direi	farei
falarás	comerás	vivirás	dirás	farás
falará	comerá	vivirá	dirá	fará
falaremos	comeremos	viviremos	diremos	faremos
falaredes	comeredes	viviredes	diredes	faredes
falarán	comerán	vivirán	dirán	farán

O futuro fórmase engadindo as mesmas terminacións ao infinitivo dos verbos regulares e á base modificada dos irregulares. Usámolo para facer hipóteses sobre o presente e o futuro.

- Non oio ningún ruído. Que **fará** o rapaz?
- Non te preocupes, muller. **Estará** xogando no seu cuarto.

Ser e estar

SER

Identificar, definir e escribir, presentando as características como algo permanente e obxectivo.

- O señor Núñez?
- **É** ese de aí.
- Carlos **é** un amigo meu do colexio.
- Yuri **é** sueco, pero os seus pais son rusos.
- Estes tomates **son** da miña horta.
- Merche **é** dentista e Sabela, xornalista.
- O mozo de Eva **é** un rapaz moi simpático. Ademais **é** moi amable e moi aposto.

ESTAR

Presentar as características de algo ou de alguén como temporais ou subxectivas.

- Xosé **está** un pouco raro ultimamente: **está** triste, de mal humor, e ademais **está** moi delgado.
- Falar da localización e da posición.
- Onde **está** Karl?
- Non sei, creo que **está** no seu cuarto.
- **Está** preto o teatro real?
- **Está** de pé.
sentado.
deitado.
agachado.

Hai adxectivos que poden combinarse con **ser** e con **estar**, mantendo o mesmo significado.

- **Es** impaciente (=sempre)
- **Está** impaciente (=neste momento ou ultimamente)
- **É** moi tranquilo (=sempre)
- **Está** moi tranquilo (=neste momento ou ultimamente)

Algúns adxectivos van unicamente co verbo **ser**.

- **É** moi intelixente.

Algúns adxectivos van unicamente co verbo **estar**.

- **Está** contento.

Os participios, como adxectivos, van sempre con **estar**.

- A porta **está** aberta.
- As ventás **están** pechadas.

Os adverbios **ben** e **mal** van sempre con **estar**.

- **Está** moi ben.
- Non **está** nada mal.

Os substantivos van sempre con **ser**.

- Antonio **é** un rapaz estupendo.



5. XESTOS

A. Que xestos, que movementos fas cando estás enfadado, nervioso, contento, impaciente, triste...?


- Cando estou enfadado, creo que poño a boca así e cruzo os brazos...

B. Agora ides actuar. Un por un, tendes que mostrar un estado de ánimo ou unha emoción. Os demais teñen que acertar de cal se trata.

- Estás nervioso?
 - o Non.
- Enfadado?
 - o Si!

6. HAI MOITA XENTE

Que xestos fas cando dis estas frases ou cando alguén non te oe e queres expresar estas cousas? Todos os da clase facedes os mesmos?



7. POR QUE ESTÁ TAN CONTENTA?

Mirade estas imaxes. Como vos parece que están estas persoas? Podedes imaxinar as razóns? En parellas intentade describilas. Coincidides cos demais compañeiros?

- A muller está moi contenta porque...



10. A PEQUENOS MALES, GRANDES REMEDIOS

A. Le o seguinte texto sobre os remedios naturais. Algunha vez utilizaches algún produto natural para aliviar algún malestar físico? Coméntao co teu compañeiro.

Remedios naturais

O uso de remedios naturais para previr doenzas ou curalas é tan antigo como o home mesmo. Antes dos avances da medicina, constituíron a única axuda para combater as diferentes enfermidades e, en Galicia, formaron parte das diversas receitas achegadas pola secular tradición dos curandeiros.

Hoxe en día aínda se seguen a utilizar como complemento aos medicamentos. Case todos os produtos naturais (verduras, froitas ou vexetais) teñen atribuídas propiedades curadoras, algunhas demostradas e outras non tanto. Inclusive, nos últimos anos, sóubose que as bebidas alcohólicas como a cervexa ou o viño tinto contiñan propiedades beneficiosas para o organismo, se o seu consumo é moderado.

As vantaxes que ofrecen son moitas, xa que, ademais dos efectos positivos que provocan no organismo, non presentan contraindicacións nin implican efectos secundarios para o corpo humano.

B. A continuación tendes algúns produtos naturais aos que se lles atribúen diferentes propiedades benéficas. Tamén se empregan coas mesmas finalidades na túa cultura? Se non, existen equivalentes?

• *Eu creo que o mel é bo para os constipados.*



A cenoria

É moi boa para a pel, xa que a protexe dos raios do sol. Ademais serve para hidratala e bronceala.



O allo

É un purificador do sangue que axuda a mellorar a circulación e a artrite. Recoméndase para a carie e as dores de moas. Produce, non obstante, mal alento.



A laranxa

Ten moita vitamina C. O seu zume é moi bo para aliviar os síntomas da gripe e tamén para previla. É boa tamén para evitar o estrinximento, pero un uso excesivo pode producir o efecto contrario.



O arroz

É moi bo se o cociñamos sen ningún condimento para combater as diarreas e as descomposicións intestinais.



A herba luísa

É unha planta moi aromática que ten propiedades dixestivas. A súa infusión é moi boa para estimular as ganas de comer e axudar a facer a dixestión.



O mel

Úsase para calmar as irritacións da gorxa e superar os constipados, normalmente acompañado dunhas gotas de limón. É moi doce

C. Coñeces, ademais destes, algún outro remedio natural? Para que serve? Coméntao co resto da clase.



UNIDADE 10

Gustoume moito

Nesta unidade imos facer unha lista das cousas máis interesantes do lugar no que estamos.

Para iso, imos aprender:

- ◆ *a expresar o desexo de facer algo* ◆ *a falar de experiencias e valoralas*
- ◆ *máis usos do pretérito* ◆ **xa** e **aínda non**
- ◆ ***gustaríame/che/lle/nos/vos/lles*** + infinitivo

1. A CORUÑA

A. Le este artigo sobre A Coruña. A cal dos catro lugares dos que se fala che gustaría ir? Coméntao co teu compañeiro.

A CORUÑA



A Torre de Hércules

É o faro romano máis antigo do mundo, data do século II. Converteuse no símbolo da cidade e está situada na súa costa norte. Conta cun parque escultórico e nos seus arredores tamén se pode visitar o Obelisco Millennium.

O Domus

Obra do arquitecto xaponés Arata Isozaki, é o primeiro museo interactivo dedicado ao estudo do home. Ademais de aprender sobre a especie humana, tamén se pode pasar un momento agradable participando nos seus xogos interactivos.



O Coliseo

A súa inauguración data do 19 de maio de 1991. A construción ten un deseño vangardista e é un recinto de múltiples usos, xa que acolle todo tipo de espectáculos: teatrais, musicais, eventos deportivos e feiras sectoriais. Incluso é a praza de touros da Coruña.



Praza de María Pita

É o centro neurálxico da cidade. É unha praza rectangular que data do século XIX e acolle o Concello da Coruña. No centro ten a estatua de María Pita e rodean o concello edificios porticados, coas características galerías da cidade. Nos soportais pódese tomar un café ou unha cervexa nas diferentes cafeterías, bares ou restaurantes da praza.

- A min gustaríame ir á Torre de Hércules porque me encantan os espazos naturais.
- Pois a min gustaríame tomar algo tranquilamente na praza de María Pita...

B. Agora contalles aos teus compañeiros cales son os tres lugares imprescindibles da túa cidade: un museo, un edificio, un establecemento (un bar, un restaurante etc.)

- Se ides a Bruxelas tendes que ver o Atomium, que é un monumento ao átomo, e a Grande Place...

2. CULTURA GALEGA




A. Unha revista recomenda algunhas obras para coñecer mellor a cultura contemporánea galega. Vas escoitar tres conversas, nas que dúas persoas falan destas obras. Trata de entender, en primeiro lugar, que obra están comentando e escribe o título no cadro.

LIBROS



Trece badaladas

Novela de Suso de Toro que foi Premio Nacional de Narrativa en 2003. Ambientada nas rúas compostelás, é un relato de intriga que mestura as vacilacións espirituais dun prometedor director dunha promotora de cine e o secular misterio que agocha a construción da catedral de Santiago e o sepulcro do Apóstolo.



1	
2	
3	



B. Volve escoitar as conversas e completa o cadro.

	Gustoulle?	Que cousas di da obra?
1		
2		
3		



FILMES



O lapis do carpinteiro

Esta película, baseada no libro homónimo de Manuel Rivas, foi dirixida por Antón Reixa. Relata unha historia de amor nos difíciles anos da posguerra española entre Daniel Barca, un médico socialista, e Marisa Mallo, filla dun home de negocios próximo ao réxime. Daniel é preso e Marisa loita polo seu amor, resistindo ás presións familiares.

MÚSICA



Todos os mundos

Álbum no que Carlos Núñez recompila o mellor da súa música. Ademais dos tons folks característicos da súa música, incorpora outros ritmos como a polca ou o flamenco. Incluso inclúe composicións de estilo pop, como "El pozo de Arán", que foi nº. 1 nos 40 Principales.



C. Coñeces a axenda cultural da túa cidade? Que che gustaría facer? Coméntao cos teus compañeiros.

unha festa

unha conferencia

unha obra de teatro

unha exposición

un concerto

un filme

• Estes días hai unha obra de teatro moi boa...

3. XA ESTIVECHES EN LUGO?

Sabes para que empregamos **xa** e **aínda non**? Consúltao co teu profesor e logo completa os diálogos co que sexa máis axeitado.

- **Xa** estivestes na catedral de Lugo?
 - Si, eu si.
 - Pois eu É bonita?
- terminaches de comer?
 - pero termino axiña.
- Probaches o cocido de Lalín?
 - Si, o probei e está riquísimo.
- **Xa** mercaches o último libro de María do Cebreiro?
 - pero penso mercalo. Encántame como escritora.

4. GUSTARÍAME...

A. Podes completar os diálogos expresando desexos adecuados a cada situación? Fíxate no exemplo.

1. • Onte vin un documental sobre reciclaxe e **gustaríame** *saber máis sobre o tema*
◦ Pois podes ir ao concello. Seguro que teñen información.
2. • Meu pai xubilouse o mes pasado e abúr rese moito.
◦ E non **lle gustaría**?
É unha boa maneira de manterse ocupado.
3. • Estou un pouco deprimido estes días. Non sei que me pasa.
◦ **Gustaríache**? Pódeche ir ben.
4. • O mes que vén Marta e mais eu facemos 20 anos de casados e **gustaríanos** Por suposto, estás invitado.
◦ Que ben! Felicidades. Conta comigo.
5. • Somos comerciais e a verdade é que xa estamos un pouco cansos de viaxar tanto.
◦ **Gustaríavos** non? Un pouco máis de paciencia e seguro que atopades algo.
6. • Boa tarde. Somos os avogados da señora Pereiras.
◦ Pasen por aquí, por favor. **Gustaríalles** mentres esperan? Hai auga, refresco e café.

B. E a ti, que che gustaría facer na actualidade? Coméntao co teu compañeiro.

- *A min gustaríame conseguir un ascenso na empresa onde traballo.*
- *Pois a min gustaríame máis cambiar de traballo, comezar algo novo e diferente...*

5. CAEUME XENIAL

A. Aquí tes tres mensaxes que Sabela lles escribiu aos seus amigos. Marca todas as frases nas que fai algunha valoración (de experiencias, de lugares, de persoas etc.).

Asunto: Que tal?

Ola Raquel!

Que tal por Londres? Eu, por aquí, feliz. Non imaxinas o que fixen o venres pasado... Collín o tren e fun a Ourense pasar a fin de semana con Xavi. Foi fantástico! Saímos cear, paseamos moito e estivemos cos seus amigos. Paseino fenomenal. Ah, tamén coñecín os seus pais e caéronme moi ben, son moi simpáticos. Unha fin de semana perfecta! E ti, que me contas? Como che vai todo? Escríbeme.

Bicos desde Santiago,
Sabela

Asunto: olaaaaa

Ola Paco!

Que tal a vida en París? Por Santiago, todo moi ben. Ultimamente saio bastante con Santi e con Laura. O luns leváronme ao restaurante do seu irmán. A verdade é que non me gustou moito e pareceume un pouco caro. Onte fun con eles ao cine ver o último filme de Medem. Encantoume. Pareceume moi orixinal. Víchelo?

Xa ves, por aquí todo está coma sempre. Cando vés?

Sabela

Asunto: exposición

Ola Félix!

Que tal? Onte fun á inauguración da exposición de cerámica da túa amiga Celiña. Teño que dicir a verdade: non me gustou nada! É horrible. Pero non todo foi negativo, coñecín o seu irmán Xosé, que me caeu xenial e... hoxe imos cear... Que me dis?

Bicos,
Sabela

B. Entendes por que di **os seus pais caéronme moi ben** pero **Xosé caeume xenial**? Coméntao co teu profesor.

C. Agora relaciona estas frases.

1. Onte coñecín a Luís e a Mar. Son moi simpáticos.
2. Onte coñecín a Alfonso. É moi simpático.
3. Onte coñecín os pais de Pau. Non son moi simpáticos.
4. Onte coñecín a Fede. Non é moi simpático.

- ☐ A. Non me caeu moi ben.
- ☐ B. Caéronme moi ben.
- ☐ C. Caeume moi ben.
- ☐ D. Non me caeron moi ben.

Outros usos do pretérito

Empregamos o pretérito:

– Cando queremos preguntar se algo se realizou ou non.


- **Estiveches** na catedral?
- **Fuches** a Illa da Toxa?
- **Viches** o último filme de Xavier Villaverde?

– Para falar de accións ou experiencias realizadas no pasado, informando do momento no que estas ocorreron. Neste caso, usamos marcadores como **onte**, **antonte**, **o outro día**, **o mes/ano pasado**, **hai un mes/dous anos**, **en 1988...**

- **Cheguei** a Galicia en 1999.
- **Onte estiven** na casa de Maruxa.
- **O outro día fun** á catedral.
- **Vin** esta película hai un mes.

Xa e aínda non

Tamén usamos o pretérito para referirnos a accións no pasado cos marcadores **xa** e **aínda non**, para expresar, respectivamente, a realización ou non destas.



Expresar o desexo de facer algo

(A min)	gustaría me	
(A ti)	gustaría che	
(A el/ela/vostede)	gustaría lle	
(A nós)	gustaría nos	+ infinitivo
(A vós)	gustaría vos	
(A eles/elas/vostedes)	gustaría lles	

- **Gustaría**che ir ao circo esta tarde?
- Si, moito.
- Esta fin de semana **gustaría**me facer algo diferente.

Valorar no pasado

PARECER

(A min)	pareceu/parecéron me	
(A ti)	pareceu/parecéron che	
(A el/ela/vostede)	pareceu/parecéron lle	+ adxectivo
(A nós)	pareceu/parecéron nos	
(A vós)	pareceu/parecéron vos	
(A eles/elas/vostedes)	pareceu/parecéron lles	

COUSAS

- **Que tal** a obra de teatro?
Que che/lle pareceu a obra de teatro?
- **Encantoume.**
Gustoume moito.
Gustoume bastante.
Non me gustou moito.
Non me gustou nada.
(**Pareceume**) **increíble/un pouco aburrida/horrible/...**
- **Que tal** os libros?
Que che/lle pareceron os libros?
- **Encantáronme.**
Gustáronme moito.
Gustáronme bastante.
Non me gustaron moito.
Non me gustaron nada.
(**Parecéronme**) **increíbles/un pouco aburridos/horribles/...**

PERSOAS

- **Que che/lle pareceu** Luís?
- **Caeume moi ben.**
Caeume ben.
Non me caeu moi ben.
Caeume un pouco/moi mal.
(**Pareceume**) **moi simpático/un pouco tímido/...**
- **Que che/lle pareceron** os pais de Luís?
- **Caéronme moi ben.**
Caéronme ben.
Non me caeron moi ben.
Caéronme un pouco/moi mal.
(**Parecéronme**) **moi simpáticos/un pouco tímidos/...**

ACTIVIDADES

- **Que tal** a festa de aniversario?
- **Paseino/pasámolo moi ben.**
Paseino/pasámolo bastante ben.
Non o pasei/pasamos moi ben.
Paseino/pasámolo moi mal.

6. MAROLA, UXÍA E ALLARIZ



A. Vas escoitar tres conversas. De que falan en cada unha delas? Escribeo no cadro.

1 Marola	
2 Uxía	
3 Allariz	



B. Escoita de novo as conversas e escribe unha frase que resuma a opinión que se formula en cada unha.

1 Marola	
2 Uxía	
3 Allariz	

C. Pensa nun lugar (unha cidade, un país, unha rexión) que te impresionou cando estiveches por primeira vez. Despois, pregúntalles aos teus compañeiros se estiveron nese lugar e se lles causou a mesma impresión.

- Eu estiven hai dous anos en Venecia e encantoume. Pareceu-me a cidade máis bonita do mundo. Alguén estivo alí?
- o Eu estiven hai tres anos e...

7. COUSAS EN COMÚN

A. En parellas, tendes que atopar un libro e unha película que vistes os dous e que vos gustaron.

- Liches "O señor dos aneis"?
- o "O señor dos aneis"?
- Si, o libro de Tolkien: "The lord of the rings".
- o Ah, si, si que o lin. Gustoume moito.

B. Agora explicádello ao resto da clase. Os vossos compañeiros teñen a mesma opinión?

- Os dous lemos "O señor dos aneis" e...

Vin/lino/a/os/as

Vin/lino/a/os/as hai moito tempo/o ano pasado...

Non o/a/os/as vin/lin

8. SOÑAR É GRATIS

A. En parellas, imaxínade que tendes moitos cartos e que podedes crear o local dos vossos soños: un bar, unha discoteca, unha galería de arte etc. Decidide que tipo de local é e completade a ficha.

Que é:
Como se chama:
Onde está:
Que cousas hai/fan/teñen:
Outras características:


B. Agora ides explicarlles aos vossos compañeiros como é o voso local. Os demais poden facer preguntas porque despois, entre todos, ides decidir cal é o mellor deles.



- O noso local é un restaurante vexetariano que se chama "A leituga feliz". Está nun parque e é moi bonito. Temos unhas ensaladas moi boas, e cultivamos as nosas propias verduras. É todo da casa...

9. O PEOR SÁBADO NA VIDA DE TRISTÁN

A. Tristán é unha persoa moi negativa. O sábado pasado fixo moitas cousas, pero nada lle gustou. En parellas, escribide a mensaxe electrónica que Tristán lle enviou a un amigo para explicarlle como lle foi o día. A ver quen o fai máis divertido.



B. Feliciano é o irmán xemello de Tristán, pero é totalmente diferente. É alegre, optimista e sempre está de bo humor. En parellas, imaxinade como sería a súa mensaxe explicando o que fixo o sábado pasado.

10. AS NOSAS MELLORES EXPERIENCIAS

A. En grupos de tres, pensade nas cousas máis interesantes que fixestes na cidade na que estades. Debedes escoller as catro cousas imprescindibles que todo o mundo debe facer cando viaxa a esta cidade. Aquí tedes algunhas ideas.



- Xa estivestes no Museo do Pobo Galego? Eu creo que é unha das cousas máis interesantes da cidade, non?
- o Si, eu xa fun e encantoume.
- Pois eu aínda non fun.
- o Pois tes que ir.

B. Agora presentádelle as vosas propostas ao resto da clase. Tendes que xustificar a vosa elección e dar información sobre as cousas que recomendades.

- Aquí hai moitas cousas interesantes, pero as catro que máis nos gustaron son: o restaurante Casa Manolo, o Museo de Arte Contemporánea (...) Casa Manolo é un restaurante típico da cidade, con comida caseira e...


11. AGASALLOS

A. Imaxina que entras na sección cultural dun centro comercial galego e atopas estes discos, libros e filmes. Cales che gustaría comprar? Por que? Coméntao co teu compañeiro.



Sempre Xonxa

Un clásico dentro do cine galego. É un repaso polos mitos da Galicia emigrante, da Galicia máxica e da Galicia rural que dá un paso adiante, a través da loita constante dos seus habitantes.



Hotel Tivoli

Esta divertida comedia preséntanos varias historias, seguindo o aleatorio itinerario dun isqueiro. Os diferentes espazos urbanos encadran as diversas formas de amor e de relacionarse que se mostran entre as personaxes máis diversas. Antón Reixa reúne o mellor da representación galega como Luís Tosar ou Mabel Rivera.



O bosque animado

Filme baseado na obra homónima de Wenceslao Fernández Flórez. Conta como a paz dunha fraga galega rómpese coa chegada dun novo habitante, o Poste, e os animais únense para tentar recuperar a harmonía. Esta película recibiu numerosos premios, entre eles o Goya ao mellor filme de animación.

Milladoiro

Iacobus Magnus

Este disco de Milla doiro serviu para conmemorar o Ano Xubileo de 1993. Todos os temas seguen unha orientación tradicional da música galega, xa que é un percorrido sonoro polo mundo mítico das peregrinacións a Compostela.



Varios

artistas

Unión bravú

Unha das mellores mostras de rock bravú. Mestura a tradición popular das orquestras de verbena e as charangas dos acordeonistas co rock máis combativo e festivo.



Faltriqueira

Faltriqueira

É o primeiro disco destas pandeireteiras de Pontedeume. Está constituído só por voces femininas, que actualizan e innovan a partir dos ritmos e as melodías máis autóctonas.



Ramón Raña

O crime da rúa da Moeda Vella

Compostela e, en concreto a súa rúa da Moeda Vella, serven de espazo para esta novela, onde o roubo dun violín Stradivarius dá lugar a unha serie de tramas que mesturan o amor, o crime e o mundo da droga.



Rosa Aneiros

Resistencia

Nesta novela de amor entre Dinís e Filipa, recrease a historia de Portugal, que vai acompañando a relación amorosa entre os dous protagonistas. A ditadura de Salazar e Marcelo Caetano e as revoltas obreiras nas fábricas enmarcan os amores de dous rapaces condicionados pola súa xenealoxía.



Manuel Rivas

Que me queres, amor?

Libro de dezaseis relatos curtos que presentan unha visión entre trágica e poética da realidade. O título do conto que abre o libro *A lingua das bolboretas* deulle título a unha película que adapta tres das narracións do libro.



B. Que libro, que disco e que película lle recomendarías a un estranxeiro que visita o teu país? Coméntao co teu compañeiro.



UNIDADE 11

Antes e agora

Nesta unidade imos decidir cal foi a época máis interesante da historia.
Para iso, imos aprender:

♦ a falar de hábitos, costumes e circunstancias no pasado ♦ a situar accións no pasado e no presente ♦ a argumentar e a debater ♦ algúns usos do copretérito ♦ **xa non** e **aínda**

1. GALICIA NA ÉPOCA DE FRANCO

A. Sabes como era Galicia na época de Franco? Completa estas informacións sobre algúns aspectos desta época.

1. Non existía
2. Había miles de
3. Moitas películas, e libros estaban prohibidos.
4. Existía a.....
5. A televisión e os outros..... estaban controlados polo goberno.
6. eran ilegais.
7. Os preservativos e..... estaban prohibidos.
8. vivían no exilio e non podían volver a España.
9. Estaba prohibido ensinar



galego

obras de teatro

o divorcio

medios de comunicación

centos de galegos

os partidos políticos

presos políticos

pena de morte

demais anticonceptivos

B. Agora, relaciona estes titulares coas informacións anteriores.

A **Aprobada a Lei de amnistía**
(outubro de 1977)

B **Executados Salvador Puig Antich e Heinz Chez**
(marzo de 1974)

C **Aprobada a Lei do divorcio**
(xullo de 1981)

D **A Constitución recolle a oficialidade das linguas catalá, galega e éuscara.**
(outubro de 1977)

E **As farmacias comencan a vender pímulas anticonceptivas**
(marzo de 1978)

F **Ernesto Sábato homenaxea os exiliados galegos na Arxentina**
(marzo de 2006)

G **Créase o Centro Dramático Galego**
(setembro de 1984)

H **Legalízase o Partido Comunista de España**
(abril de 1977)

I **Este mes empeza a emitir a Televisión de Galicia, a primeira canle en galego.**
(xullo de 1985)

2. TURISTAS OU VIAXEIROS

A. Aquí tes un fragmento dun artigo sobre as viaxes. Estás de acordo co que di?

Viaxar...
xa non
é unha
aventura


- Eu estou de acordo. Para min viaxar xa non é unha aventura.
- Pois eu non estou de acordo. Para min...

B. Agora, le este cuestionario e marca as respostas coas que estas máis de acordo en cada caso.



A comezos do século pasado, os primeiros turistas (ingleses, alemáns, franceses...) descubrían o mundo. Todo era exótico e novo: a lingua do lugar, a comida, as cidades, as paisaxes.

Cada lugar era unha sorpresa e unha experiencia única. Pero iso cambiou radicalmente: hoxe en día o turismo move a diario millóns de persoas en todo o mundo, pero moi poucos o viven como unha auténtica aventura.



1 Viaxar é sempre unha experiencia enriquecedora. A xente que viaxa é máis interesante.

- ☐ a) Estou de acordo. As persoas que non viaxaron son menos interesantes.
- ☐ b) Si, viaxar é fantástico, pero hai xente interesantísima que non viaxou nunca.
- ☐ c) Pois eu creo que hai xente que viaxa moito, pero que non aprende nada nas súas viaxes.

2 Hoxe en día é moi difícil descubrir lugares novos e vivir aventuras.

- ☐ a) É certo, todos os lugares parecen iguais en todo o mundo, os restaurantes, os aeroportos, os hoteis, ata a xente!
- ☐ b) Ben, iso depende, se es aventureiro de verdade, podes encontrar experiencias novas en calquera lugar.
- ☐ c) Non estou de acordo. Para min, subir a un avión xa é unha aventura.

3 Agora a xente pode viaxar moito máis ca antes e iso é positivo.

- ☐ a) É verdade, hoxe en día todo o mundo viaxa e iso é moi bo.
- ☐ b) Non sei, creo que a xente viaxa máis, pero non quere descubrir cousas novas.
- ☐ c) Si, todo o mundo viaxa, pero iso tamén ten efectos negativos; por exemplo, no ambiente.

4 Antes todo era máis romántico. A xente viaxaba en barco, en tren... e esa viaxe era parte da aventura. Agora todo é demasiado rápido.

- ☐ a) Si, antes as viaxes duraban moito, iso formaba parte do encanto.
- ☐ b) Iso depende de como viaxas. Aínda hai maneiras románticas de viaxar.
- ☐ c) Pois eu creo que as viaxes son aínda moi lentas. Pérdese moito tempo.

5 Pódense vivir aventuras sen ir moi lonxe.

- ☐ a) Si, claro, a aventura pode estar na túa propia casa.
- ☐ b) Ben, creo que iso depende do carácter de cada un.
- ☐ c) Para min non. Eu creo que se realmente queres vivir unha aventura, tes que romper coa rutina e ir lonxe.



C. Nun programa de radio, unha xornalista especializada en viaxes dá a súa opinión sobre os temas anteriores. Escóitaa. Coincide contigo?

3. HOXE EN DÍA

A. Sabes algunha cousa sobre a Illa de Arousa? Coméntao cos teus compañeiros.

- *A Illa de Arousa é o único concello insular de toda Galicia.*
- *Si, claro, e está en...*

B. Unha persoa contounos unhas cousas sobre a Illa de Arousa. Le as frases. Refírense á actualidade ou ao comezo do século XX?

Hoxe en día a Illa de Arousa é un lugar de turismo nos meses de verán.
 Entón non había ponte e só se podía viaxar na motora.
 Na actualidade a illa conta cun importante festival de música no mes de agosto.
 Antes non había cafeterías, só tabernas.
 Nestes momentos a principal festa é a Festa do Mexillón.
 Daquela aínda non existía como concello, pertencía a Vilanova de Arousa.
 Naqueles tempos aínda non existía o Céltiga, o seu equipo de fútbol.
 Agora o deporte acuático por excelencia na illa son as regatas de dornas.

C. Que palabras (verbos e expresións) che axudaron a saber se se trata do presente ou do pasado? Sublíñaas.

4. AOS 18 ANOS

A. Aquí tes unha serie de informacións sobre a vida de Anxo, un home de 70 anos. A que etapa da súa vida cres que pertence cada unha? Márcalo no cadro.


1. **Aos 18 anos** aínda non sabía de que quería traballar.
2. **Cando** era pequeno, sempre recollía animais da rúa e levábaos á casa: gatos, cans, paxaros...
3. **Cando** ía á universidade, en Santiago, saía moito de noite e ía moi pouco á clase.
4. **Cando** vivía en Lugo, coa súa segunda muller, tiña unha casa en Sanxenxo, onde veraneaba.
5. **Cando** tiña 55 anos, traballaba moito: era o director dunha empresa multinacional e viaxaba por toda Europa.
6. **De neno** era moi tímido e non tiña moitos amigos; encantáballe ler e quedar na casa cos seus irmáns.

infancia	xuventude	madurez

B. Fíxate nas estruturas marcadas en negriña. Escribe agora ti tres frases sobre tres momentos da túa vida.

5. AS FOTOS DA AVOA

A. Lupe está mirando unhas fotos con súa avoa, que ten 98 anos. Sabes a que conversa corresponde cada foto?



A • Mira esta foto na praia.

- Na praia?
- Si, nos meus tempos a praia era moi diferente. Cando iamos, cambiabamos a roupa en casetas como esta e logo bañabámonos. Non tomabamos nunca o sol. Estar morena non estaba de moda.
- E isto son os traxes de baño? Eran enormes, non?
- Si, e sempre tiñan dúas pezas: camisa e pantalón.

B • Mira este é un amigo do teu avó.

- Que gracioso!
- Si, chamábase Xaime e era o mellor amigo do teu avó.
- Que elegante, non?
- É que antes non faciamos tantas fotos coma agora, e o día que iamos ao fotógrafo poñiamos a mellor roupa.

C • E este é teu pai.

- Que guapo! Cantos anos tiña aquí?
- Dous. Era un neno guapo, si. E moi bo.

B. Nos diálogos, algúns verbos están nun novo tempo do pasado: o copretérito. Sublíñaos. Para que cres que se usa este tempo? Márcalo.

- ☐ Para describir circunstancias ou cousas habituais no pasado
- ☐ Para falar de feitos que só ocorreron unha vez.

6. XA NON TOMO CAFÉ

A. Pensa nas cousas que facías antes e que xa non fas (hábitos ou características que cambiaron) e escríbeas.

Antes Agora **xa non**

.....

B. Pensa nas cousas que facías antes e que aínda fas (hábitos ou características que non cambiaron) e escríbeas.

Antes e **aínda**

.....

Copretérito

Entre outros usos, o copretérito serve para describir os hábitos, os costumes e as circunstancias dun momento pasado. O copretérito é o equivalente do presente (habitual), pero referido ao pasado.

Verbos regulares

	-AR ESTAR	-ER TER	-IR VIVIR
(eu)	estaba	tiña	vivía
(ti)	estabas	tiñas	vivías
(el/ela/vostede)	estaba	tiña	vivía
(nós)	estabamos	tiñamos	vivíamos
(vós)	estabades	tiñades	viviades
(eles/elas/vostedes)	estaban	tiñan	vivían

Verbos irregulares

	SER	IR
(eu)	era	ía
(ti)	eras	ías
(el/ela/vostede)	era	ía
(nós)	eramos	íamos
(vós)	erades	iades
(eles/elas/vostedes)	eran	ían

- Cando **eramos** nenos, **vivíamos** nunha casa moi grande. **Estaba** nunha zona tranquila un pouco lonxe do centro.

Marcadores temporais para o pasado

de neno/a
novo/a
aos 15 anos
cando tiña 30 anos
era novo/a
estudiaba

- Como eras **de neno**?
○ Era un neno moi normal, creo.

Para referirmos a unha época da que xa falamos anteriormente, podemos empregar as seguintes expresións.

nesa/naquela época/daquela
naqueles tempos
entón

- Eu, de neno, lía moito. Como **naquela época** non tiñamos televisión na casa...

Marcadores temporais para o presente

hoxe en día
actualmente

nestes momentos
agora

- Antes a xente non viaxaba moito porque era caro; **hoxe en día** é moito máis barato.

Argumentar e debater

Presentar unha opinión

- Eu penso/creo que...

Dar un exemplo

- Por exemplo...

Dar un elemento novo para reforzar unha opinión

- Ademais, naquela época...

Aceptar unha opinión

- Estou de acordo.
- (Si), é certo/verdade.
- (Si), claro/evidentemente.

Rexeitar unha opinión

- Pois, eu non estou de acordo (con iso).
- Eu creo que non.

Mostrar acordo parcial e matizar

- Pois, si, pero...
- Iso depende.
- Xa, pero...

Eu penso que, nos anos 60, a música era moito mellor que agora.



Pois, depende, porque tamén había música moi comercial...

Xa non/aínda + presente

Usamos **xa non** para expresar a interrupción dunha acción ou dun estado.

- **Xa non** vivo en Ourense.
(= Antes vivía en Ourense e agora **non**.)

Usamos **aínda** para expresar a continuidade dunha acción ou dun estado.

- **Aínda** vivo en Ourense.
(= Antes vivía en Ourense e sigo vivindo alí.)



7. CANDO TIÑA DEZ ANOS

A. Como eras aos 10 anos? Pensa en que aspectos eras diferente respecto a agora e escribe un pequeno texto contando as cousas máis interesantes.

- Que cousas che gustaban e cales non
- Como eras fisicamente
- Que cousas facías
- Os teus amigos
- ...

Cando tiña dez anos, vivía cos meus pais nunha pequena vila cerca de Vigo. Levaba lentes e trenzas e tiña o cabelo moi rubio. Tiña un gato moi chusco que se chamaba Miquiño e encantábame bañarme na praia. O meu grupo de música favorito era...

B. O profesor vai recoller os textos e vains repartir entre todos. Sabes de quen é o papel que che tocou?

8. ESTÁS DE ACORDO?



A. Ides oír unha serie de afirmacións sobre diferentes temas. Tomade notas.

1	
2	
3	
4	
5	

B. Agora, en parellas, decide se estades de acordo coas afirmacións anteriores ou se tendes algunha cousa que dicir ao respecto. Estades os dous de acordo en moitas cousas?

9. GRANDES INVENTOS

A. Algúns inventos e descubrimentos foron moi importantes para a vida e o benestar da xente. En parellas, pensade cal credes que foi o máis importante e por que. Antes deste invento, que cousas eran imposibles ou moi diferentes?



A invención do **teléfono**

O descubrimento do **lume**

A invención da **máquina de vapor**

A aparición da **internet**

O descubrimento da **penicilina**

A invención do **avión**

A invención da **roda**

O descubrimento da **electricidade**

A invención da **imprenta**

A invención da **televisión**

Outros:


(Non) había.....
A xente (non) podía.....
A xente (non) tiña que.....
(Non) se podía.....

B. Agora, comentádeo cos demais compañeiros.

- A nós parécenos moi importante a invención do avión. En primeiro lugar, porque, antes dos avións, a xente viaxaba moito menos que agora e as viaxes eran moito máis lentas. Por exemplo, as viaxes en barco de Europa a América duraban dúas semanas e eran moi duras. Ademais...

12. HISTORIA DE GALICIA

Aquí tes oito viñetas que mostran algunhas cousas que pasaban en Galicia en varios momentos da historia. E hoxe en día? Que podes dicir da Galicia actual? Escribe o texto do último cadro.





UNIDADE 12

Unha vida de película

**Nesta unidade imos escribir unha biografía imaxinaria.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ a relatar e relacionar acontecementos pasados ◆ a falar da duración
- ◆ a perífrase **comezar a** + infinitivo ◆ o contraste entre o pretérito e o copretérito ◆ algúns marcadores temporais para relatar ◆ **estar** + xerundio no pasado

1. CONVERSAS DE CINE



A. A continuación vas escoitar catro conversas sobre catro personalidades moi importantes do cine galego. A quen se refiren en cada unha delas?



..... **Margarita Ledo Andión, directora**



..... **Miguelanxo Prado, debuxante de cómics e guionista**



..... **Mabel Rivera, actriz**



..... **Chano Piñeiro, director**



B. Escoita de novo as conversas e di se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións.

	Verdadeiro	Falso
Sempre Xonxa foi a primeira longametraxe que se emitiu na Televisión de Galicia.		
Miguelanxo Prado non traballou nunha serie de animación con Spielberg.		
Mabel Rivera foi a actriz principal de <i>Mamasunción</i> .		
Margarita Ledo dirixiu o documental <i>A Nosa Terra</i> .		
Os méritos de Chano Piñeiro foron tamén recoñecidos despois da súa morte.		
Mabel Rivera obtivo a Medalla de Galicia por <i>Mar adentro</i> .		

2. LUÍS TOSAR

A. Luís Tosar é, probablemente, o actor galego de cine máis coñecido. Que sabes sobre el? Viches algunha das súas películas? Coméntao cos teus compañeiros. Logo, le o texto.

- Eu viño en "Os luns ao sol".
- o Si, eu tamén, gustóume moito.

DATOS PERSOAIS

Data de nacemento: 13 de outubro de 1971
Lugar de nacemento: Cospeito (Lugo)
Horóscopo: Libra
Cor dos ollos: marrón
Cor do cabelo: negro

CURIOSIDADES

- Gustaríalle ter traballado nalgunha das películas de Martin Scorsese.
- Participou activamente na plataforma Nunca Máis para protestar pola catástrofe do *Prestige*.
- Confesa non ser moi cinéfilo e encántalle observar a vida, as xentes.
- Forma parte do dúo musical The Magical Brothers.

FILMOGRAFÍA (Longametraxes)

1998 <i>Atilano, presidente</i>	2003 <i>La flaqueza del bolchevique</i>
1999 <i>Celos</i>	2003 <i>O agasallo de Silvia</i>
1999 <i>Flores de otro mundo</i>	2003 <i>O lapis do carpinteiro</i>
2000 <i>Besos para todos</i>	2004 <i>A vida que che espera</i>
2000 <i>La comunidad</i>	2004 <i>Inconscientes</i>
2000 <i>Leo</i>	2004 <i>O ano da carracha</i>
2000 <i>Sei quen es</i>	2005 <i>Galatasaray-Dépor</i>
2000 <i>El corazón del guerrero</i>	2005 <i>O don da dúbida</i>
2001 <i>Un asunto pendiente</i>	2005 <i>La noche del hermano</i>
2001 <i>Sin noticias de Dios</i>	2005 <i>El mundo alrededor</i>
2001 <i>Lena</i>	2005 <i>Las vidas de Celia</i>
2002 <i>Trece badaladas</i>	2005 <i>Cargo</i>
2002 <i>Os luns ao sol</i>	2006 <i>Hotel Tívoli</i>
2002 <i>Semana Santa</i>	2006 <i>Corrupción en Miami</i>
2003 <i>Te doy mis ojos</i>	

B. Agora, en grupos, despois de ler o texto e sen miralo, ides tentar lembrar os datos máis importantes da vida de Tosar. Escribídeo.

En 1971
 En Santiago
 En 1998
 En 2002
 En 2003
 En 2006

LUÍS TOSAR

Luís Tosar é un dos actores galegos con máis proxección e máis versatilidade, xa que ten caracterizado personaxes moi dispares. Por conta das películas que fixo, continúa crescendo ano a ano.

Luís Tosar naceu en Lugo en 1971. Desde moi novo, na época do instituto, xa mostraba interese pola actuación, de xeito que participou en grupos de teatro e coincidiu, como compañeiro, co director Jorge Coira, con quen máis tarde fixo algunhas curtas.

De mozo foi tamén a voz do grupo musical **Los Huana**. Esta afección pola música seguíuna mostrando anos máis tarde, coa creación do dúo cómico-musical **The Magical Brothers**.

A finais dos 80 trasladouse a Santiago para estudar Historia e continuou a frecuentar o mundo do teatro, froito do cal chegou a colaborar co dúo **Mofa e Befa** e con compañías de teatro como **Ollomol** **Tranvía** ou o **Centro Dramático Galego**.

Na televisión o seu recoñecemento chegoulle en 1998, cando interpretou a Andrés Domínguez, o xuíz de Portozás, na serie *Mareas Vivas*, que se converteu nun éxito televisivo sen precedentes. Logo do recoñecemento na televisión, veulle a oportunidade no cinema. Debutou nese ano coa longametraxe *Atilano, presidente*. A partir dese momento, a súa progresión foi imparable. Traballou cos mellores directores de cinema españois, como Iciar Bollaín ou Pedro León de Aranoa. Con este último traballou no filme *Os luns ao sol*, en 2002, polo cal obtivo o Premio Goya ao mellor actor de elenco. Un ano máis tarde interpretou o papel principal do filme de Iciar Bollaín, *Te doy mis ojos*. A súa actuación foi tamén recoñecida e obtivo ese ano o Premio Goya ao mellor actor.

Luís Tosar participou tamén nas producións galegas máis importantes dos últimos anos, como *Trece Badaladas* ou *O lapis do carpinteiro*, baseada na obra de Manuel Rivas e dirixida por Antón Reixa. Con este último volveu coincidir no filme *Hotel Tívoli*. Pero o éxito de Tosar non ten fronteiras, e en 2006 deu o salto a Hollywood para interpretar un narcotraficante colombiano no filme *Corrupción en Miami*, de Michael Mann.

3. UN CURRÍCULO

Aqui tes o currículo de Lucía. Leo e, logo, completa as frases.



DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos: Lucía Ferro Cea
- DNI: 20122810-X
- Lugar e data de nacemento:
Porto do Son, 12/06/1976

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 1995-2000: Universidade de Santiago de Compostela.
Licenciatura en Filoloxía Inglesa.
- 1996-1997: Estudante Erasmus en Anglia University, Cambridge (Gran Bretaña).
- 2001-2002: Universidade de París-Cluny (Francia). Máster en Tradución.

EXPERIENCIA LABORAL

1996-2000: camareira en The King's Pub, Cambridge.
1998-2000: profesora de galego na Academia GLE, Santiago.
2001-2002: tradutora en Edicións Mariñas, Vigo.
2002-Actualidade: tradutora na ONU, Xenebra (Suíza).

IDIOMAS

- Inglés: nivel avanzado, oral e escrito.
- Francés: nivel avanzado, oral e escrito.
- Alemán: nocións básicas.

OUTROS DATOS DE INTERESE

- Amplos coñecementos de informática e dominio de programas de edición.
- Disponibilidade para viaxar.

1. Estudou na Universidade de Santiago de Compostela de a
2. Chegou a Cambridge en 1996 e ao seguinte volveu a Santiago.
3. Traballou como profesora de inglés durante anos.
4. Comezou a carreira en 1995 e despois concluíuna.
5. Traballou como tradutora nunha editorial de Vigo ata
6. Traballa como tradutora na ONU desde

4. MISTERIO NO PARQUE

A. Nesta conversa, Santi conta unha estraña experiencia que viviu recentemente. Cres que hai unha explicación para o que pasou? Coméntao co teu compañeiro.

- Sabes que? O outro día vin a Marcos no parque.
- Marcos? Que dis? Se está en Arxentina.
- Xa o sei, pero vino.
- Ah si? E onde?
- Pois mira, como facía moi bo tempo, decidín ir dar unha volta na bici. Saín da casa e fun polo paseo ata o parque. Non había case ninguén e estábame de marabilla. De repente vin unha persoa detrás dun carballo. Arrimeime un pouco máis e vino: levaba unha camisa verde a cadros e tiña un libro na man. Era Marcos, sen dúbida. Cando me viu, comezou a correr, entrou nun lugar onde había moita maleza e desapareceu. Fun detrás del, pero cando cheguei xa non había ninguén. Ben, había unha parella de namorados, pero el xa non estaba.
- Ou sexa, que non era el.
- Non sei. Eu creo que si. Pero o máis forte é que ese mesmo día Marcos chamoume. Supostamente desde Arxentina.
- Veña, home!
- Eu creo que todo foi un soño...

B. No texto aparecen dous tempos do pasado: o pretérito e o copretérito. Márcaos de maneira diferente.

C. Fíxate nestas frases. Con cal dos dous tempos presentamos a información como un feito que fai avanzar a acción? Con cal narramos as circunstancias, o que rodea a acción? Coméntao co teu profesor.

... **facía** moi bo tempo, **decidín** ir dar unha volta...
... non **había** case ninguén e **estábame** de marabilla... de repente **vin** unha persoa...
... **vino**: **levaba** unha camisa verde a cadros...
... **entrou** nun lugar onde **había** moitos arbustos...

5. ESTABA CHOVENDO E...

Le estas frases. Por que cres que usamos o copretérito nas de enriba e o pretérito nas de abaixo?

Estaba chovendo e non saín da casa.
Estaba estudando piano cando chegaron seus pais.
Estabamos bailando e, de repente, chamaron á porta.
Estaba tomando o sol na praia e durmíuse.

Estivo chovendo de 12 a 7 da tarde.
Estivo estudando piano cinco anos, pero logo deixouno.
Estivemos bailando toda a noite ata que chamou a veciña.
Estivo catro horas seguidas **tomando** o sol e queimouse.

Principais formas irregulares do pretérito (repaso)

Polo xeral, os verbos que teñen a raíz irregular no pretérito teñen as mesmas terminacións.

estar	estiv-	
dicir	dix-	en
facen	fix-	eches
ter	tiv-	o
poder	puid-	emos
poñer	pux-	estes
querer	quix-	eron
traer	troux-	
saber	soub-	

Os verbos **ir** e **ser** teñen a mesma forma no pretérito.

	IR/SER
(eu)	fun
(ti)	fuches
(el/ela/vostede)	foi
(nós)	fomos
(vós)	fostes
(eles/elas/vostedes)	foron

Pretérito/copretérito

Cando falamos de acontecementos que ocorreron no pasado, podemos empregar os dous tempos. O pretérito presenta a información como un acontecemento que fai avanzar a historia. O copretérito serve para describir: a historia detense e “miramos” o que pasa arredor dos acontecementos.

- **Visitou** Cangas por primeira vez en 1988. **Era** verán e **facía** moita calor.
- **Aprendín** a cociñar na casa. Miña nai **era** unha cociñeira excelente.

Estar + xerundio no pasado

Usamos estar en pretérito ou copretérito + xerundio para expresar as accións pasadas no seu desenvolvemento.

Pretérito

- Onte **estiven falando** con Manolo.
- O mércores, **estivemos traballando** todo o día.
- Francisco **estivo** dous anos **preparando** oposicións.

Copretérito

- Cando **estaba falando** con Manolo, chegaron meus pais.
- O mércores, cando me chamaches, **estaba traballando**.
- Francisco non veu ao meu aniversario porque **estaba preparando** oposicións.

Se queremos expresar a ausencia total dunha acción durante un período de tempo, podemos usar **estar sen** + infinitivo.

- **Estiven toda a fin de semana sen saír** da casa.

Marcadores temporais para relatar

Unha vez

Un día/O outro día

(E) entón/(E) nese/naquel momento

Logo/Despois/Máis tarde

De repente

- **O outro día** pasoume unha cousa increíble. Cheguei á casa, abrín a porta **e, entón**, oín un ruído raro. **Logo**, cando estaba preparando a cea, oín outro ruído **e, de repente**, chamaron á porta...

Comezar a + infinitivo (en pasado)

(eu)	comecei	
(ti)	comezaches	
(el/ela/vostede)	comezou	a + infinitivo
(nós)	comezamos	
(vós)	comezastes	
(eles/elas/vostedes)	comezaron	

- **Comecei a traballar** nunha multinacional hai dous anos.

Relacionar acontecementos do pasado

- Casáronse en 1997 e **tres anos despois** divorciáronse.
- Acabou a carreira en xullo e **ao mes seguinte** encontrou traballo.

Falar da duración

- Vivo en Vigo **desde** febreiro.
- Estiven na casa de Alfredo **ata** as seis da tarde.
- Traballei nun xornal **de** 1996 **a** 1998.
(= Traballei nun xornal **desde** 1996 **ata** 1998.)
(= Traballei nun xornal **do** 96 **ao** 98.)
- Traballei como xornalista **durante** dous anos.

Ir e marchar

- O domingo **fun** a unha exposición moi interesante.

- Ola, esta Margarita?
○ Non, **marchou*** hai un anaco.

*Marchar = abandonar un lugar



6. UNHA HISTORIA DE AMOR


A. Ordena esta historia de amor.



UN MES MÁIS TARDE PASARON UNHA FIN DE SEMANA NA PRAIA E DECIDIRON IR VIVIR XUNTOS.



DURANTE ESTE TEMPO, MENTRES FRECUENTABA O HOSPITAL, ROSA FÍXOSE MOI AMIGA DO DOUTOR PENA, O MÉDICO DE ALEXANDRE.



DOUS DÍAS DESPOIS CHAMOUNA. QUEDARON. FORON AO CINE E CEARON XUNTOS.



O 3 DE MAIO DE 2005 ALEXANDRE COÑECEU A ROSA NUNHA DISCOTECA. NAMORÁRONSE A PRIMEIRA VISTA.



O 8 DE XUÑO DE 2005 ALEXANDRE TIVO UN ACCIDENTE E PERDEU A MEMORIA. QUEDOU DOUS ANOS EN COMA NUN HOSPITAL.



EN 2007. UN DÍA ROSA FOI AO HOSPITAL COA SÚA AMIGA BEATRIZ. ESE DÍA ALEXANDRE FINALMENTE ESPERTOU E CANDO VIU A BEATRIZ NAMOROUSE DELA.

B. Que cres que pasou despois? En parellas, escribide un final para esta historia.

7. TODA UNHA VIDA



A. No programa de radio *Toda unha vida* entrevistan a Mercedes Ribeiro, propietaria dunha cadea de hoteis. Escoita a conversa e escribe que fixo Mercedes en cada un destes lugares.

1. Mallorca (1981)

2. París (1981-1985)

3. A India (1985-1987)

4. Londres (1990-1997)

5. Eivisa (1997-actualidade)

B. Agora escribe os nomes dos tres lugares máis importantes da túa vida, e despois explícalle ao teu compañeiro por que son importantes para ti.

- Os tres lugares máis importantes da miña vida son Baños de Molgas en Ourense, porque é lugar onde nacín, Barcelona porque ali traballo e casei e China porque ali adoptamos a nosa filla.

8. RAMÓN SAMPEDRO

A. Ramón Sampedro foi unha persoa moi coñecida en Galicia e fóra dela. Sabes algo sobre a súa vida? En parellas, tentade imaxinar cales das seguintes cousas son verdade. Márcaas.

- ☐ Naceu nos anos 40 en Ribeira, A Coruña.
- ☐ Foi mariñeiro e poeta.
- ☐ Comezou un procedemento legal para poder morrer con dignidade e sen culpar a ningún.
- ☐ Morreu en 1998.
- ☐ Conseguiu legalizar a eutanasia en España.
- ☐ Pedro Almodóvar fixo unha película sobre a súa vida.
- ☐ Javier Bardem gañou un Oscar por interpretar o papel de Ramón Sampedro.
- ☐ Quedou tetraplético por un accidente na praia.

B. Le agora esta breve biografía de Ramón Sampedro e comproba as túas hipóteses.

Ramón Sampedro naceu en 1943, en Xuño, A Coruña. Aos dezanove anos enrolouse nun barco noruegués porque quería coñecer mundo, pero seis anos despois tivo un accidente ao tirarse de cabeza á auga desde unha rocha e quedou tetraplético. Dende aquel



momento, viviu prostrado nunha cama e dependendo dos coidados da súa familia e amigos. Véndose nesa terrible situación, Ramón decidiu pórle fin á súa vida, pero a parálise total do seu corpo impedíalle facelo polos seus propios medios. Comezou entón un procedemento legal para conseguir o seu obxectivo e converteuse no primeiro español en solicitar a eutanasia activa. Foi unha demanda que se estendeu durante anos, que recibiu amplo eco nos medios de comunicación nacionais e internacionais, pero que non alcanzou os resultados previstos. En 1996, Ramón publicou os seus escritos agrupados no libro *Cartas desde el infierno* (Planeta) e, a título póstumo, o libro de poemas *Cando eu caía* (Edicións Xerais). Cando xa estaba cansado de esperar unha resposta á súa demanda, decidiu levar a cabo un plan para terminar coa súa vida sen incriminar a ningún dos seus achegados. Morreu o 12 de xaneiro de 1998, por envelenamento con cianuro potásico.

No ano 2004, Alejandro Amenábar levou ao cine a historia de Ramón coa película *Mar adentro*, protagonizada por Javier Bardem no papel de Ramón Sampedro. A película, moi eloxiada por público e crítica, recibiu varios premios, entre eles o Oscar á mellor película estranxeira e 14 premios Goya do cine español.

9. A TÚA BIOGRAFÍA

A. Imaxina que pasaron 20 anos con respecto á data de hoxe e tes que escribir a túa biografía. Escribea pensando en todos os proxectos que tes e nas cousas que queres facer. Ten en conta que nos próximos anos pode haber moitos cambios (políticos, tecnolóxicos, sociais etc.). Escribea no teu caderno.

Nacín en Hamburgo en 1982.
Terminei os meus estudos de Arte Dramático en Londres en 2004.
Dous anos despois, Pedro Almodóvar contratoume para unha película e ao ano seguinte recibín o meu primeiro Óscar.
En Hollywood coñecín a Leonardo di Caprio e casamos. Fomos de lúa de mel a Marte...



B. Agora cada un de vós vailles ler a súa biografía aos demais. Ao final, entre todos imos decidir quen tivo a vida máis interesante.

10. CINEMA EN SERIE

A. As series de televisión son un dos pasatempos favoritos dos galegos e moitas das personaxes e situacións xa forman parte do seu imaxinario colectivo. A continuación tes a descrición do argumento de cinco delas. Sabes a cal se refire en cada caso?

- A** O bar Suízo é o escenario das disparatadas e divertidas historias que aparecen en cada un dos capítulos. Miro Pereira, o dono, e Antón, o seu cuñado, sempre están a tramar plans que case nunca saen ben. Balbina, a muller de Miro, o avogado Pereira ou o repartidor *Paspallás* son outros dos personaxes, a miúdo vítimas das absurdas andanzas de Miro e Antón.
- B** Portozás, nome ficticio de Laxe, é a vila por onde desfilan unha coral de personaxes que, desde o xuíz ao percebeiro, pasando pola alcaldesa, configuran un cadro típico das vilas mariñeiras galegas. Ningún detalle se descoida nesta recreación da Galicia marítima: os dialectalismos da fala danlle unha cor moi especial a esta ficción que conxuga o humor e a tenrura.
- C** O retorno á década dos 60 a través das tensións de tres familias de diferente procedencia social é o argumento desta serie. En Santalla, unha vila do rural galego, a historia avanza entre as tramas de poder e as complexas relacións que se establecen entre os Cabanas, labregos e propietarios dunha tenda de ultramarinos, os Lamela, saga de caciques, e os Freire, unha familia indiana procedente de Venezuela.
- D** Esta serie está ambientada na comarca do Salnés, na ría de Arousa, e no seo da poderosa familia dos Lantaño, propietaria das prestixiosas bodegas Brandán. Ao longo dos capítulos, a capacidade de sorpresa non ten límites, xa que os negocios mestúranse coas paixóns, a falta de escrúpulos, as loitas polo poder e as traizóns.

B. A continuación tenta clasificar estas series. Con cal dos seguintes termos relacionas cada unha?

comedia	
intriga	
costumista	
histórica	

C. E no teu país hai algunha serie similar ás anteriores? Coméntao cos teus compañeiros.

D. Agora, en parellas, create as personaxes e o argumento dunha serie de televisión.

- Podemos ambientala nos traballadores dun supermercado.
- o Ou nun equipo de fútbol...

1 Libro de familia



2 Rías Baixas



3 Mareas Vivas



4 Pratos combinados






**Máis
exercicios**

UNIDADE 1

O galego e ti

1. A. Completa o texto conxugando en presente os infinitivos do recadro.



Catherine Miller é inglesa e hai catro anos que na Coruña. 30 anos e nunha axencia de turismo. moi cedo todos os días e nunha cafetería. Polas noites galego, a tele e aínda un pouco antes de deitarse. moi ben galego e gústalle moito Galicia. De momento, non volver ao seu país.

B. Por que non escribes un texto con información parecida sobre ti? Escríbeo no teu caderno.

2. Continúa esta serie de números con tres números máis.

- tres, seis, nove,
- doce, catorce, dezaseis,
- trinta, corenta, cincuenta,
- vinte, trinta e cinco, cincuenta,
- noventa e dous, oitenta e dous, setenta e dous,

3. Busca palabras en galego que teñan os seguintes sons.

Grupo 1

/o/ tolo	/o/ costa	/e/ dedo	/ε/ pedra

Grupo 2

/ks/ exame	/j/ xente	/n/ nada	/ɲ/ unha

4. Completa as seguintes frases colocando o artigo adecuado despois da preposición (**o, a, os, as**). Lémbrete dos casos de contracción (marcados en **verde**) e fai as adaptacións necesarias.

Ex. María é veciña **de do** amigo de Andrés.

- Eu déitome normalmente **a** dez da noite.
- Xoán é o encargado **de** albaneis da empresa.
- Arturo sempre camiña **ata** campo de fútbol.
- Ola. Traio unhas cervexas **para** festa.
- Todos os días almorza **con** noiva.
- Pasa o día **entre** casa e o traballo.
- Xoán ve moitos programas **de** tele.
- Para aprender galego, fala moito **con** compañeiros de clase.
- Por** mañás sempre vou **a** cafetería.
- En** clases cústame moito facer os exercicios de gramática.

5. Escribe as formas que faltan.

	XANTAR	ENTENDER	CONFUNDIR
(eu)	xanto		confundo
(ti)		entendes	
(el/ela/vostede)	xanta		confunde
(nós)		entendemos	
(vós)	xantades		confundides
(eles/elas/vostedes)		entenden	

6. Coloca os verbos na forma correcta e os pronomes no lugar adecuado.

- Non, eu non Xoán. (**chamarse**)
- Ás veces raro cando non falo na miña lingua. (**sentirse**)
- Antón, a ti por que tanto os libros de física? (**interesar**)
- Nós sempre no mesmo sitio. (**sentarse**)

- os exercicios de gramática? (**gustar**, a ti)
- Xurxo non nada cómodo no novo traballo.
(**sentirse**)
- A túa xefa María ou Antía? (**chamarse**)
- Creo que a Anxo non falar en público. (**gustar**)
- Tais moito nas aulas de física. (**aburrirse**)
- moi ben cos meus compañeiros de traballo.
(**entenderse**)


7. Subliña a opción correcta en cada unha das seguintes frases.

1. **Cústame/cústanme** aprender os verbos en galego.
2. **Cústame/cústanme** algúns sons do galego como o “xe” e o “ene velar”.
3. A Carla e a min **cústanos/cústannos** moito entender á xente.
4. A case todos nos **custa/custan** falar rápido.
5. A Mireia tamén lle **custa/custan** pronunciar as palabras moi longas.

UNIDADE 2 Eu son así

1. A. Le as opinións de Susa sobre catro persoas. Cres que a relación que ten con elas é boa ou mala? Márcalo en cada caso.

1. Susa lévase ☐ ben / ☐ mal con Luís.
2. Susa lévase ☐ ben / ☐ mal con Carme.
3. Susa lévase ☐ ben / ☐ mal con Sabela.
4. Susa lévase ☐ ben / ☐ mal con Brais.



B. Agora pensa nas persoas que coñeces. Con quen te levas regular? Con quen te levas ben? Con quen te levas mal? Escríbeo e, logo, explícallo aos teus compañeiros.

Eu lévome (moi) ben/regular/mal/fatal con...

• *Eu lévome moi ben co meu pai, pero...*

.....

.....

.....

.....


2. Describe fisicamente estas persoas. Escribe unha frase para cada unha.



Catuxa



Lola




Serxio



Suso




Mario



Iago



Roberto



María

Catuxa..... *é loura, ten o pelo longo...*

Lola

Serxio

Suso

Mario

Iago

Roberto

María

máis ejercicios

3. A que se refiren estas persoas? Fíxate en se usan **gusta**, **gustan**, **interesa** ou **interesan**.

1. Pois a min si que me gustan.
a) as festas b) o carnaval
2. Non me interesa nada.
a) os temas deste curso b) a gramática
3. Gústame, gústame moito.
a) esta escola b) as clases de galego
4. Pois aos meus irmáns non lles gusta.
a) as discotecas b) bailar
5. Si, si... interésannos moitísimo.
a) estes proxectos b) facer unha viaxe
6. Gústanme bastante.
a) pasear cos meus cans b) os cans

4. Continúa estes diálogos, de acordo coa expresión da icona.

1. A Antón gústalle moito a música dos anos 60.

😊 Xoán A min tamén.

 Luísa

 Mercedes

2. A miña prima encántalle durmir ata tarde os domingos pola mañá.

☹ Xoán

😊 Luísa

😊 Mercedes

3. Aos meus pais non lles gusta nada a televisión.

 Xoán

😊 Luísa

☺ Mercedes

4. A min non me interesa moito a política.

😊 Xoán

 Luísa

 Mercedes

5. Escolle cinco persoas desta lista e escribe unha frase sobre cada unha delas.

(O/Ao) Meu pai/ (A/Á) Miña nai	Ten
(O/Ao) Meu irmán/(A/Á) Miña irmá	
(O/Ao) Meu avó/ (A/Á) Miña avoa	Chámase
(Ao) Meu mozo/ (A/Á) Miña moza	
(O/Ao) Meu amigo/(A/Á) Miña amiga	É
(O/Ao) Meu xefe/ (A/Á) Miña xefa	
(O/Ao) Meu/ (A/Á) Miña compañeiro/a de piso	Gústalle
	
	Vive
	

6. Le de novo o texto da actividade 2 da unidade e escribe un texto parecido coa túa descrición, no teu caderno.

7. Consideras que es unha persoa cos gustos “típicos” do teu país? Escribe cinco frases falando de diferentes temas de interese: deporte, ocio, televisión, comidas, bebidas, vacacións...

Aos brasileiros, en xeral, gústalles moito o fútbol, pero a min non me gusta nada.

1.

2.

3.

4.

5.



UNIDADE 3

A miña casa, o meu lar

1. Escolle a opción correcta en cada caso.

- Sabes se hai (1) supermercado por aquí cerca?
- Si, hai (2) na esquina.

- | | |
|--------------------------------|--------------------------------------|
| (1) a. Ø
b. ningún
c. un | (2) a. un
b. ningunha
c. algún |
|--------------------------------|--------------------------------------|

- Perdoa, hai (3) farmacia por aquí?
- Pois non, non hai (4)

- | | |
|------------------------------------|--|
| (3) a. a
b. algún
c. algunha | (4) a. unha
b. ningunha
c. algunha |
|------------------------------------|--|

- Non hai (5) caixairo automático por aquí!
- Claro que hai. Mira, nesa esquina hai (6)

- | | |
|--------------------------------------|----------------------------------|
| (5) a. algún
b. ningún
c. unha | (6) a. un
b. algún
c. algo |
|--------------------------------------|----------------------------------|

- Perdoa, sabes se hai (7) panadería por aquí cerca?
- Si, oh! Hai (8)!

- | | |
|---------------------------------------|---------------------------------------|
| (7) a. a
b. ningunha
c. algunha | (8) a. moitas
b. ningunha
c. un |
|---------------------------------------|---------------------------------------|

- Neste barrio non hai (9) droguería?
- Si, si, hai (10) na praza, ao lado do supermercado.

- | | |
|--|-------------------------------------|
| (9) a. algunha
b. ningunha
c. un | (10) a. un
b. unha
c. algunha |
|--|-------------------------------------|

- Sabes se hai (11) quiosco cerca de aquí?
- Pois creo que non hai (12)

- | | |
|---------------------------------|-------------------------------------|
| (11) a. Ø
b. ningún
c. un | (12) a. algún
b. ningún
c. un |
|---------------------------------|-------------------------------------|

2. Mira o debuxo e le as frases. Di se son verdadeiras ou falsas e corrixe as que sexan falsas.




	V	F
1. O cine está á esquerda da escola.	☐	☐
2. O ximnasio está ao lado do banco.	☐	☐
3. O museo está lonxe do restaurante.	☐	☐
4. O cine está nunha esquina.	☐	☐
5. A biblioteca está á dereita da farmacia.	☐	☐
6. O hospital está preto do ximnasio.	☐	☐
7. O restaurante está ao lado do bar.	☐	☐
8. O mercado está lonxe do museo.	☐	☐


máis exercicios

3. Escribe unha pregunta posible para estas respostas.

1. •
 ◦ Cerca non. Hai un, pero está un pouco lonxe.
2. •
 ◦ Si, pero ao final da rúa.
3. •
 ◦ Non, non moito. A uns dez minutos a pé.
4. •
 ◦ Si, sigue todo recto por esta rúa. Está ao final.
5. •
 ◦ Ao lado do mercado.
6. •
 ◦ Non, non hai ningunha.
7. •
 ◦ Un pouco, a uns quince minutos en coche.
8. •
 ◦ Si, hai un ao final desta rúa.

4. Estas son as casas de Pepe e Moncho. Escribe polo menos cinco frases comparándoas.

PEPE apartamento de 90 metros cadrados. 300 euros ao mes 3 cuartos terraza de 25 metros cadrados 2 balcóns 1 baño moita luz a 10 minutos do centro	
---	---

MONCHO ático de 100 metros cadrados 500 euros ao mes 4 cuartos terraza de 20 metros cadrados 2 balcóns 2 baños moita luz a 30 minutos do centro	
--	---

A casa de Pepe ten menos cuartos cá de Moncho.

5. A. Pasa ao plural as seguintes palabras.

rapaz	
hospital	
león	
mércores	
anzol	
útil	
avestruz	
tenis	
portugués	
pintor	
somalí	
sol	

B. Agora pon en plural estas frases. Atención! Ás veces non o podes cambiar todo.

1. Hai unha clase importante o luns.

.....

2. A parada de autobús está preto.

.....

3. O enderezo está no papel azul.

.....

4. Hai un camiión aquí diante.

.....

5. É un moble moi útil.

.....

6. Esta luz prateada ilumina máis o cuarto.

.....

7. A cadeira amarela é nova.

.....

8. O bar está moi lonxe.

.....

9. É un amigo marroquí.

.....

10. A torre desta igrexa é preciosa.

.....

UNIDADE 4 Día a día

1. Completa o cadro:

	LEVANTARSE	DEITARSE	VESTIRSE
(eu)	levántome		vístome
(ti)	levántaste	déitaste	
(el/ela/vostede)			
(nós)		deitámonos	
(vós)	levantádesvos		vestídesvos
(eles/elas/vostedes)		déitanse	

2. Que fas normalmente...

1. ... os sábados pola mañá?

.....

2. ... os domingos ao mediodía?

.....

3. ... os venres pola noite?

.....

4. ... os luns pola mañá?

.....

5. ... os xoves pola noite?

.....

6. ... os martes pola tarde?

.....

7. ... todos os días?

.....

8. ... as fins de semana?


.....

máis exercicios

3. A que hora fas normalmente estas cousas?

1. erguerte: *érgome ás...*
2. almorzar:
3. saír da casa:
4. chegar ao traballo/á clase:
5. xantar:
6. saír do traballo/da clase:
7. cear:
8. deitarte:

4. Esta é unha clase un pouco especial. Que están facendo? Escríbeo.



1. Vanesa *está pintando as uñas.*
2. Mateo
3. Oxana
4. A profesora
5. Yuri

6. Miguel
7. Hans
8. Iria
9. Nadia
10. John

5. Escríbelle unha mensaxe electrónica a un amigo e cóntalle o que estás a facer estes días.

UNIDADE 5
Cal prefires?

1. Fíxate en Manuel, Antón, Alicia e Iris. Que roupa leva cada un? Márcalo no cadro.



Manuel



Antón



Alicia



Iris

	Manuel	Antón	Alicia	Iris
unha gorra				
unha chaqueta				
uns pantalóns				
unha camiseta				
unha blusa				
uns zapatos				
unhas sandalias				
unhas botas				
uns tenis				
un chapeu				
un reloxo				
unhas lentes de sol				
un vestido				
unha saia				
uns pendentes				
un bolso				
unhas medias				
un xersei				

2. Que leva Elisa na maleta? Ecríbeo.




Unha saia amarela,

3. Marta pregunta os prezos de moitas cousas. Que frases usa? Escríbeas.

Canto custa este traxe(s) de baño
 custan esta sandalias
 estes paraugas
 estas zapatos
 mochila/s
 xersei/s
 camiseta/s




1. Canto custan estas camisetas?



2.


máis exercicios




3.



4.



5.



6.



7.

4. Podes escribir en letra os números que faltan?

100

101 cento un/unha

102

110 cento dez

120

160 cento sesenta

200 douscentos/duascentas

244

300 trescentos/as

310

400 catrocentos/as

500 cincocentos/as, quiñentos/as

566

600 seiscientos/as

700 setecentos/as

766

800 oitocentos/as

888

900 novecentos/as

999

1000 mil

1012 mil doce

1150 mil cento cincuenta

1456

10 000 dez mil

10 013

10 870 dez mil oitocentos/as setenta

20 000

70 345

100 000

400 000

489 000

1 000 000 un millón.....

1 010 000 un millón dez mil

1 120 000

3 444 000 tres millóns catrocentos/as corenta e catro mil

7 500 029

5. Escribe, no presente, as formas verbais que faltan.

	ti	vós	vostede	vostedes
SABER	sabes			
TER		tendes		
COMPRAR			compra	
VIVIR	vives			
ESTAR				
IR		ides		
SER			é	
FACER	fas			
QUERER				queren
COMPRENDER		comprendedes		

6. Agora, escribe as formas verbais que faltan no imperativo.

	ti	vós	vostede	vostedes
TER		tende		
COMPRAR			compre	
VIVIR	vive			
TOMAR				
DEIXAR		deixade		
MIRAR			mire	
COBRAR	cobra			
FALAR				falen
COLLER		collede		

7. Completa as seguintes frases usando o demostrativo adecuado (**este, esas, aquela...**). Non esquezas as contraccións coas preposicións **de** e **en**.

- O dicionario está aí, **en** estante.
- Alá, **en** caixas, están os libros que precisas.
- Eu uso **de** sal de aquí.
- Estou canso **de** costumes tan absurdos que tendes aí.
- Está un pouco lonxe, **en** casa que se ve alá ao final.
- Mellor, toma **de** leite de aquí que non ten tona.
- As túas cousas están dentro **de** armarios de aí.
- **En** ficheiros de aquí están as receitas que buscas.

UNIDADE 6 Que sabes facer?

1. Escribe a frecuencia (**moitas veces, varias veces, X veces por semana/mes/ano, case nunca, nunca**) coa que fas estas cousas.

ler poesía

viaxar ao estranxeiro

ver a televisión

visitar familiares

ir ao cine

saír de noite

ler o xornal

ir cear fóra

ir a un museo

Normalmente vou ao cine unha vez por semana...

2. Este é o estudio de Carolina Fortes. Que podes dicir sobre as súas experiencias pasadas?



Viaxou por todo o mundo.

3. Que calidades son as máis importantes para ti nestas persoas?

1. Unha nai ten que ser.....

2. Un/unha compañeiro/a sentimental ten que ser.....

3. Un/unha profesor/a ten que ser

4. Un compañeiro de viaxe ten que ser

5. Unha xefa ten que ser

4. Que pasou este ano? Escribeo.

1. Anxo e Carlos (**viaxar**) por toda Europa.

2. Ana e eu (**casar**) e (**ter**) un neno.

3. Meus pais (**xubilarse**) e (**comprar**) unha casa na aldea.

4. No meu traballo (**ter**) un aumento de salario.

5. A miña irmá (**deixar**) o mozo.

6. O meu amigo Xesús (**gañar**) un premio literario moi prestixioso.

7. Tareixa (**cambiar**) de traballo. Agora está nunha escola.

máis ejercicios

3. Relaciona as preguntas coas respostas.

1. Onde están as laranxas?	a. Non, normalmente prefiroa cocida.
2. Como prefires os amorodos?	b. Metino no frigorífico.
3. Como fas a carne?	c. Tómoos sempre só.
4. Onde mercas o polo?	d. Mércoo no súper.
5. Rebozas sempre a pescada?	e. Púxenas na neveira.
6. Onde está o xamón?	f. Non os compro nunca. Tráíooos da aldea.
7. Onde compras os ovos?	g. Case sempre a fago á prancha.
8. Como tomas o café?	h. Pois fritiunos miña nai.
9. Que pementos tan ricos!	i. Deixeiño ao lado do aceite.
10. Non atopo o sal.	j. Sempre os como con azucre.

[illegible]

4. Completa estas frases de maneira lóxica.

1. Mauro é moi simpático, e ademais
2. Mauro non é moi simpático, pero
3. A sopa non está boa, pero
4. Vivo nun sitio moi bonito, e ademais
5. Vivo nun sitio moi bonito, pero

6. Fai un traballo moi interesante, pero
-
7. Fai un traballo moi interesante, e ademais
-
8. Fai moito deporte, e ademais
-

5. As celebracións son diferentes en cada país: vodas, aniversarios, despedidas de solteiro/a... Cales che gustan máis? Como se celebran no teu país?

A min gústame o Entroido...

UNIDADE 8

Guía de ocio

1. Mira os anuncios da *Guía de ocio* na actividade 1 desta unidade. Busca polo menos un lugar...

1. ... que está aberto de martes a domingo.
.....
2. ... que abre da unha da tarde ás dúas da madrugada.
.....
3. ... que está pechado os domingos.
.....
4. ... que os domingos abre a partir das sete da tarde.
.....
5. ... que ten horario especial os sábados (aberto ata as seis da madrugada).
.....
6. ... onde hai karaoke.
.....
7. ... que é gratis para os nenos menores de 8 anos.
.....
8. ... onde serven ceas ata as dúas da madrugada.
.....
9. ... onde se pode comer por menos de 12 euros.
.....
10. ... que ofrece dúas exposicións.
.....

2. Como é o clima nestes países? Escribe frases.

Gran Bretaña	China	Finlandia	Grecia
Egipto	Canadá	Etiopía	Cuba
Estados Unidos	Rusia		

**chove/non chove moito
fai moito frío e neva
ten un clima tropical
o clima é temperado
fai calor e non chove
hai moitos climas diferentes**

En Gran Bretaña chove moito.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

3. Coloca os verbos na forma correcta.

1. • Onte Edith e mais eu (**ir**) ao teatro.
 - Ai, si? E que (**ver**)?
 - Unha obra moi divertida dun grupo de teatro universitario. (**Encantar**, a nós)
2. • Andrés, (**estar**) algunha vez nas Illas Cíes
 - Non, nunca. (**Estar**) moitas veces en Vigo, pero nunca nas Cíes.
3. • Que tal onte? Que (**parecer**, a vós) a exposición? (**Gustar**, a vós)?
 - A min non (**gustar**) demasiado.
 - A min tampouco (**parecer**) moi boa, a verdade.

Guía de ocio da cidade de Vigo

RESTAURANTES

O Pescador Rúa do Berbés, 7. 986 43 29 24. Mariscadas á grella, peixes da ría e arroces. Albariño e mencia. A partir das 12.30 h. Menú degustación a 30 €.

A Calorista Rúa Oliva, 10. 986 22

CAFETERÍAS, BARES E DISCOTECAS

Don Balón Avda. de Balaídos, 20. 986 41 53 09. De 8 a 24 h. Almorzos e bocatería. Menú do día a 10 €.

Cafetería Agarimo Rúa Lavadores, 3. 986 22 97 60. De 8 a 2 h. Días de noite: domingos. Almorzos, cafés e

máis exercicios

4. • O mes pasado o meu home e mais eu (**ir**)
de vacacións a Arxentina.
- E que tal?
- Bu! Fantástico. (**Pasar**) moi ben.
5. • Coñeces o restaurante As cuncas?
- Eu non, non (**estar**) nunca.
- Eu si. (**Ir**) hai dúas semanas e non (**gustar**)
..... nada. Ademais, (**parecer**)
carísimo.
6. • E ti, Marcos, (**estar**) algunha vez no
MARCO en Vigo?
- Si, si que (**estar**) (**Estar**)
por primeira vez cando o inauguraron e despois (**volver**)
..... hai dous anos.
7. • Que che (**parecer**) o concerto de onte?
- Ai, filla, non (**gustar**) nada!
8. • Que tal o venres? A onde (**ir**, ti)?
- (**Ir**) a un bar da zona vella, O Porrón.
- Ai, xa sei, gústame moito. E que (**parecer**)?
- (**Encantar**)

4. Imaxina que che tocou unha viaxe de 15 días a unha paradisíaca illa caribeña. Que cousas vas facer alí?



Vou tomar o sol todos os días,


.....

.....

.....

.....

5. Aquí tes uns fragmentos do diario da viaxe de Carme a Arxentina. Subliña as experiencias (o que fixo) e os plans (o que vai facer). Logo, escríbeo nos cadros.



EXPERIENCIAS

PLANS

Estamos moi ben

1. Le esta carta dirixida ao consultorio da revista *Saúde* e escribe unha resposta. Que lle recomendas ao mozo que a escribiu?

Ola!

Son un mozo de 27 anos e escribollo para pedirllas un consello. O ano pasado tiven un accidente de coche e estiven máis de dous meses no hospital. Despois pasei catro meses máis na casa, sen traballar, sen saír moito e... engordei 20 quilos! Agora estou bastante recuperado do accidente (só teño algunhas dores nas costas), pero 20 quilos de máis son moitos quilos. Tentei adelgazar de todos os xeitos posibles: comprei un aparato que anuncian na televisión para facer ximnasia na casa, tomei infusións adelgazantes a base de herbas naturais e, todos os días, antes do bocado das 11 e antes do bocado da tarde, tomo un deses batidos de chocolate que din que adelgaza... pero nada. Que podo facer?

This image shows a full page of white paper with horizontal dashed lines, typical of primary school handwriting practice paper. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

2. Escolle a forma máis axeitada en cada caso.


1. Non se atopa ben, cabeza.
a. ten dor de b. dóenlle c. dóelle
2. Mónica non se atopa ben, veu en barco desde Cangas e está moi
a. mareada b. mareado c. mareo
3. Camiñou cinco horas cuns zapatos novos. Agora os pés.
a. ten dor de b. dóenlle c. dóelle
4. Tes unha aspirina? a cabeza!
a. teño dor de b. dóenme c. dóeme
5. Comeron moito e agora aos dous
o estómago.
a. teñen dor de b. dóenlle c. lles doe
6. Mario ten que ir ao médico, está moi
a. estresante b. estresado c. estrés

3. Completa as frases co presente de **ser** ou **estar**.

1. Alicia unha muller abraiante.
2. Quero quedar na casa: moi canso.
3. A porta aberta! Quen a deixou así?
4. Onde o xersei amarelo? o que máis me gusta e non o atopo.
5. Quen esa rapaza que está sentada aí?
6. A casa moi desordenada; os meus fillos un desastre.
7. A miña xefa unha muller moi dinámica pero traballa demasiado e sempre cansa.
8. unha vila moi bonita, pero moi lonxe da cidade.

máis exercicios

4. Coloca neste debuxo os nomes das partes do corpo sinaladas. Podes empregar o dicionario.




5. Completa as frases coa forma correcta do futuro.

1. Chaman á porta, quen (**ser**) a estas horas?
2. • Perdoe, ten hora?
o Non, non teño, pero (**ser**) as oito máis ou menos.
3. • Se teus pais saen agora de Madrid, a que hora (**chegar**) ?
o Pois sen correr moito, (**estar**) aquí sobre as sete, supoño.
4. Deille as indicacións a Miguel para vir ata aquí, pero non sei se (**saber**) chegar. É tan despistado!
5. • E iría non saíu hoxe con vós? Que raro, co que lle gusta ir de viños!
o Si que é raro. (**Ter**, ela) un exame ou algo así.
6. • Onte fun ver o último filme de George Clooney. Sae guapísimo.
o Ai! Que (**ter**) ese home que lle gusta a todo o mundo?
7. • Xa sabes se os Cambre se van desculpar con vós?
o Pois mañá quedamos para tomar un café con eles, que queren falar con nós; pero quen sabe o que (**dicir**) !

UNIDADE 10

Gustoume moito

1. Este é o diario de Ricardo. Leo e completa as frases de abaixo usando **parecer**, **gustar**, **encantar** ou **caer ben/mal**.



MARTES 6 DE MARZO

Foi á clase de lingua. *Pareceulle moi interesante.*

Tentou ler un artigo de economía.

Foi á unha exposición de fotografías.

Foi ver ao cine *O bosque animado*.

Foi a un restaurante novo.

Coñeceu unha amiga de Laia e Alberte.

2. Relaciona estas frases coa súa continuación lóxica.

1. Ana e Andrés caéronme moi ben,
2. Os cadros da exposición non me gustaron moito,
3. O restaurante encantoume,
4. A irmá de Xaime caeume moi ben,
5. O museo non me gustou moito,
6. Pareceume mal o que dixo Arturo,

- a. non son especialmente bos.
- b. son moi simpáticos.
- c. é un maleducado.
- d. é moi divertida.
- e. non é moi interesante.
- f. a comida é boa e o ambiente, moi agradable.

1	...	2	...	3	...	4	...	5	...	6	...
---	-----	---	-----	---	-----	---	-----	---	-----	---	-----

3. Que dirías en cada unha destas situacións?

1. Ás dúas un amigo díxoches: "Vou comer". Agora son as catro da tarde. O teu amigo volveu. Que lle preguntas?

a) Xa comiches?

b) Comiches?

2. O teu amigo volveu dunha viaxe a Londres. Ti sabes que non lle gusta moito a pintura. Que lle preguntas?

a) Xa viches a National Gallery?

b) Viches a National Gallery?

3. Non che gustan os filmes de Almodóvar. Pregúntanche: "Viches o último filme de Almodóvar?" Se ti non pensas ir, que respondes?

a) Non, non o vin.

b) Non, aínda non o vin.

4. Esta noite tes unha cea na túa casa. Un amigo ofrécese para axudarche coas compras, pero ti non necesitas axuda. Que lle dis?

a) Non, grazas. Xa o comprei todo.

b) Non, grazas. Compreino todo.

5. Gústache moito a pintura. En Santiago pregúntanche: "Vistaches xa a última exposición do Museo de Arte Contemporánea?" Se ti pensas ir, que respondes?

a) Non, non a visitei.

b) Non, aínda non.

4. Que che gustaría facer...

1. ...hoxe?

Gustáriame

2. ...a próxima semana?

.....

3. ...despois deste curso de galego?

.....

4. ...o ano que vén?

.....

5. ...dentro de dez anos?

.....

6. ...despois de xubilarte?

.....

5. Fai unha breve descrición do teu libro, disco e película favoritos.

Título: **LIBRO**

Escritor:

Descrición:

Título: **DISCO**

Cantante/grupo:

Descrición:

Título: **FILME**

Director:


Descrición:

UNIDADE 11 Antes e agora


1. Completa coas formas de copretérito.

	traballar	facer	saír
(eu)	traballaba		
(ti)			
(el/ela/vostede)		facía	
(nós)			
(vós)			
(eles/elas/vostedes)			saían

2. Observa estas dúas imaxes de Fernando e descríbeas. En que cousas cres que cambiou? Escríbeo no teu caderno.



3. Pensa en alguén da túa familia: teu pai, a túa avoa... Pensa onde vivía cando era novo, como era a súa casa, que cousas facía para pasalo ben, como era a vida naquela época... Despois, escribe un texto comparando as vosas vidas e explicando que cousas che parecen mellores ou peores.



4. Xa non ou aínda? Escolle unha destas formas e completa as frases segundo a túa opinión.

1. Antes as viaxes entre Europa e América duraban semanas.
Na actualidade
2. A finais do século XX había moitas guerras en diferentes partes do mundo. Actualmente
3. A finais do século XX China era o país máis poboado do mundo. Hoxe en día

4. Antes as mulleres estaban discriminadas en moitos países.

Na actualidade

5. Antes en Galicia a xente fumaba en todos os lugares. Agora

.....

6. Cando eu era adolescente, o deporte máis popular na maioría dos países era o fútbol. Agora

.....

5. Le as seguintes opinións. Estás de acordo con elas? Escribe agora o que opinas ti.

Si, é certo...

Ben, iso depende de...

Ben, si, pero...

Non estou de acordo. Para min...

Non sei, creo que...

Estou (totalmente) de acordo...

1. Ler novelas é a mellor forma de descubrir o mundo. A xente que le novelas é moito máis curiosa.

.....

2. Non podes ser un verdadeiro amante da música se non che gusta a música clásica.

.....

3. Antes a xente tiña máis fillos. Hoxe en día, en cambio, formar unha familia non é tan importante.

.....

UNIDADE 12

Unha vida de película

1. Completa coas formas verbais que faltan.

	TER	POÑER	SER
(eu)			fun
(ti)			
(el/ela/vostede)			
(nós)			
(vós)	tivestes		
(eles/elas/vostedes)			

2. Completa as frases con información persoal sobre o teu pasado.

- Comecei a estudar galego
.....
- Hai un ano
.....
- Viaxeí por primeira vez a outro país
.....
- En 2002
.....
- Nacín en
.....
- Onte
.....
- foi a última vez que fun a unha festa.

8. A semana pasada
.....

9. estiven
enfermo/a.

10. O sábado pasado
.....


3. Completa as frases con **desde, hai, ata, de... a..., dende... ata...**

- Vivín en Milán 1997 1999.
- Estudo galego o pasado setembro.
- Encontrei traballo dous meses.
- Traballei como recepcionista xaneiro
..... xullo de 2007
- Estiven en Porto a semana pasada.
- Terminei a carreira catro meses.
- Esperei por ti no bar as sete e logo marchei
para casa.
- Saio con Miriam xaneiro deste ano.



4. Fai un resumo dos feitos máis importantes da túa vida. Podes utilizar os elementos do cadro azul.

despois
ao/áseguinte
aos/ás
durante
dende
hai
ata
de... a...



5. Recordas que estabas facendo cando...

1. ... caeron as torres xemelgas en Nova York ?

.....
.....

2. ... se realizaron as últimas Olimpíadas en Atenas?

.....
.....

3. ... afundiou o *Prestige*?

.....
.....

4. ... se celebrou o último Ano Xacobeo en Santiago de Compostela?

.....
.....

6. Como eran estas persoas ou cousas?

A miña primeira mestra.

A miña primeira mestra chamábase Ester. Era simpática e risoña. Contábanos moitos contos e...

Un xoguete que tiñas de pequeno/a.

.....
.....

Un amigo/a da infancia.

.....
.....

Unha peza de vestir que che gustaba moito de neno/a.

.....
.....

7. Imaxina que che pasou algo sorprendente. Escribe unha carta explicándoo. Aquí tes unha serie de elementos que che poden axudar, pero, se o necesitas, podes modificalos, usar outros ou cambiar as persoas. Utiliza tamén os marcadores temporais necesarios.

Circunstancias
Chovía/ía sol...
Non tiña diñeiro...
Era moi guapo/a, feo/a, raro/a...
Tiña moita fame...
Estaba namorado/a de...
Sentíame mal...
Tiña moito sono...
Quería ir/volver...

Acontecementos
Cheguei tarde a...
O teléfono soou
Alguén chamou á porta...
Non espertei...
Apareceu un...
Tiven que...
Encontrei unha carteira/un can...
Quedei durmido no bus/tren/metro...
Caín en...
Alguén me...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

8. Continúa estas frases.

1. O outro día estaba na casa e, de repente,
.....
2. O sábado pola noite quería ir bailar, pero ao final
.....
3. Estaba camiñando para o traballo cando, de súpeto,
.....
4. Agasallei a Pedro cun videoxogo, pero
.....
5. Cando vivía alí non coñecía moita xente porque daquela
.....
6. Ao final mudamos da casa vella porque
.....
7. Cando era neno quería xogar ao fútbol, pero logo
.....
8. Perdín o tren das nove porque
.....
9. Coñecín un mozo pola internet, pero ao final
.....
10. Estaba lendo a prensa nunha cafetería e, de repente,
.....

Ola, chámome -----

Son de -----

e agora estudo

Resumo gramatical

O alfabeto

- O alfabeto galego compoñe das seguintes 23 letras. Estas teñen xénero masculino: o **a**, o **b**, o **c** etc.

A a	F efe	M eme	Q que	V uve
B be	G gue	N ene	R erre	X xe
C ce	H hache	Ñ eñe	S ese	Z zeta
D de	I i	O o	T te	
E e	L ele	P pe	U u	

- Ademais destas letras, na ortografía galega úsanse estes dígrafos (combinacións de dúas letras), que representan un único son:

ch (ce hache)	gu (gue u)	ll (ele dobre)
nh (ene hache)	qu (que u)	rr (erre dobre)

- Os signos **j** (iota), **ç** (cedilla), **k** (ka), **w** (uve dobre) ou **y** (i grego) soamente se encontran en palabras estranxeiras, como, por exemplo *jazz*, *Valençá do Minho*, *Kafka*, *wáter-polo* e *whisky*.
- As vogais **e** e **o** poden manifestarse (medio)abertas e (medio)pechadas, por exemplo:

Abertas

Nome das letras: **e**, **efe**, **ele**, **eme**, **ene**, **eñe**, **o**, **erre**, **ese**.
 Algunhas formas verbais da segunda e terceira conjugación, no presente do indicativo: **bebes**, **bebe**, **serves**, **serve**, **dormes**, **dorme**, **foxes**, **fixe**...
 Substantivos rematados en **-el** ou **-ol** e os seus plurais: **tonel-toneis**; **caracol-caracois**.

Pechadas

Nome das letras: **be**, **ce**, **de**, **gue**, **pe**, **que**, **te**, **xe**, **zeta**.
 Algunhas formas verbais da segunda conjugación, no presente de indicativo e no imperativo: como **bebo**, **como**, **beba**, **bebas**, **coma**, **comas**...
 Substantivos rematados en **-edo**, **-eo**, **-eza**, **-or**, e a maior parte das acabadas en **-és**: **dedo**, **feo**, **beleza**, **orador**, **santiagués**.

Letras e sons

- Polo xeral, a cada letra correspóndelle un son e a cada son correspóndelle unha letra, pero hai algúns casos especiais.
- As grafías **c**, **qu** e **z** están en distribución complementaria: o son [k] represéntase por **c** diante de **a**, **o**, **u** e ao final de sílaba: **casa**, **conto**, **cunca**, **acto**; e por **qu** diante de **e** e **i**: **queixo**, **quilo**.
- C** e **z** representan o son [θ] da seguinte forma: **c** diante de **e** e **i** (**cero**, **cinco**); **z** diante de **a**, **o**, **u** e ao final de sílaba (**pra-za**, **cazo**, **Arzúa**, **capaz**, **voz**). En resumo, temos as grafías: **ca**, **que**, **qui**, **co**, **cu** (para [k]) e **za**, **ce**, **ci**, **zo**, **zu** (para [θ]).
- O **ch** pronúnciase [tʃ]: **chama**, **cachelo**, **chicho**, **chusma**...
- O **g** corresponde ao son [g] e só aparece diante de **a**, **o** e **u** ou ante algunhas consoantes: **gando**, **goma**, **gusta**, **ignorar**, **globo**, **grade**. Para transcribir este son ás vogais **e** e **i**, emprégase o dígrafo **gu**: **guerra**, **guitarra**. Se queremos que o **u** soe como vogal neste ambiente, debemos empregalo coa diérese: lingüística.
- O **h** nunca se pronuncia, pero mantense naquelas palabras que etimoloxicamente xa o tiñan: **home**, **haber**, **herba**, **horta**, **prohibir**...

- O dígrafo **nh** representa a consoante nasal velar, en posición interior, antevocálica: **unha**, **algunha**, **ningunha**, **dunha**...
- O **l** e o **ll** corresponden, respectivamente, aos sons [l] e [ʎ]. **Ll** só aparece diante de vogais (**palla**, **colleita**, **allo**), ao paso que **l** pode aparecer tamén ao final de sílaba e ante outras consoantes (**leite**, **mel**, **malsán**, **galpón**, **salnésán**).
- O **r** pode representar os sons [r] e [ʀ], mentres o **rr** só representa o son [ʀ]. Emprégase exclusivamente o **r** no comezo de palabra (**rúa**, **ramaxe**), ao final de sílaba (**cor**, **parte**, **troular**) e despois de consoante (**venres**, **prato**, **traste**). No primeiro caso, correspóndelle o son [r] e nos dous últimos, o [ʀ]. En posición intervocálica empréganse tanto **r** (representando o son [r]) como **rr** (representando o son [ʀ]): **para/parra**, **toro/torro**, **foro/forro**, **caro/carro**.
- O **v** e o **b** representan un único son. Só **b** aparece en grupos consonánticos con **l** e **r** (**blusa**, **problema**, **bloque**, **branco**, **brétema**), seguindo o **m** (**tumba**, **cambra**, **zombi**) ou diante doutras consoantes (**obsoleto**, **obtusos**, **abnegado**, **obxecto**). Nos demais contextos as dúas letras distribúense seguindo a etimoloxía de cada palabra (**bala/vala**, **saber/ver**, **bico/viño**, **abono/avogado**, **bulbo/vulto**).
- O **x** corresponde a dous sons: [ʃ], nas palabras patrimoniais ou préstamos adaptados ao galego: **xamón**, **xente**, **xersei**, **xullo**; o grupo consonántico [ks], antes de consoantes ou ao final de palabras (**experimento**, **texto**, **tórax**, **sílex**) e tamén entre vogais en palabras de procedencia culta como **existencia**, **sexo**, **boxeo**.

Numerais

Cardinais

0 cero	31 trinta e un/trinta e unha
1 un/unha	32 trinta e dous/trinta e dúas
2 dous/dúas	40 corenta
3 tres	50 cincuenta
4 catro	60 sesenta
5 cinco	70 setenta
6 seis	80 oitenta
7 sete	90 noventa
8 oito	100 cen
9 nove	101 cento un/cento unha
10 dez	102 cento dous/cento dúas
11 once	200 douscentos/duascentas
12 doce	300 trescentos/trescentas
13 trece	400 catrocentos/catrocentas
14 catorce	500 cincocentos/cincocentas
15 quince	600 seiscentos/seiscentas
16 dezaseis	700 setecentos/setecentas
17 dezasete	800 oitocentos/oitocentas
18 dezaioito	900 novecentos/novecentas
19 dezanove	1000 mil
20 vinte	100 000 cen mil
21 vinte e un/vinte e unha	1 000 000 un millón
22 vinte e dous/vinte e dúas	1 000 000 000 un billón
30 trinta	

- Ata o 20, todos os números escríbense cunha soa palabra: **dezaseis**, **dezasete**...
- A conxunción **e** só se usa entre decenas e unidades: **corenta e oito** (48), **douscentos vinte e sete** (227), **mil cincocentos oitenta e nove** (1589).

- O **un**, o **dous** e todas as centenas concordan en xénero co substantivo ao que se refiren: **un** rapaz/**unha** rapaza, **dous** nenos/**dúas** nenas, **douscentos** euros/**duascentas** libras. Pero: **cen** euros/**cen** libras.
- As centenas concordan en xénero co substantivo ao que se refiren: **custa douscentos euros/custa duascentas libras**.
- **Cen** só se usa para unha centena completa (100). Se é seguida de decenas ou unidades, convértese en **cento**: **cento dous** (102), **cento oitenta** (180), pero **cen mil** (100 000).
- 1000 dise **mil**, pero **dous mil**, **tres mil** etc.
- Cos millóns úsase **de**: **trinta millóns de** habitantes (30 000 000), pero non se coloca a preposición se hai algunha cantidade despois do millón: **trinta millóns de** habitantes (30 000 010).

Ordinais

1.º/1. ^a	primeiro/primeira
2.º/2. ^a	segundo/segunda
3.º/3. ^a	terceiro/terceira
4.º/4. ^a	cuarto/cuarto
5.º/5. ^a	quinto/quinta
6.º/6. ^a	sexto/sexta
7.º/7. ^a	sétimo/sétima
8.º/8. ^a	oitavo/oitava
9.º/9. ^a	noveno/novena
10.º/10. ^a	décimo/décima
11.º/11. ^a	undécimo/undécima
	décimo primeiro/-a
12.º/12. ^a	duodécimo/duodécima
	décimo segundo/-a
13.º/13. ^a	décimo terceiro/terceira
14.º/14. ^a	décimo cuarto/cuarto
15.º/15. ^a	décimo quinto/quinta
16.º/16. ^a	décimo sexto/sexta
17.º/17. ^a	décimo sétimo/sétima
18.º/18. ^a	décimo oitavo/oitava
19.º/19. ^a	décimo noveno/novena
20.º/20. ^a	vixésimo/vixésima
21.º/21. ^a	vixésimo primeiro/-a
30.º/30. ^a	trixésimo/trixésima
32.º/32. ^a	trixésimo segundo/-a
40.º/40. ^a	cuadraxésimo/cuadraxésima
43.º/43. ^a	cuadraxésimo terceiro/-a
50.º/50. ^a	quincuaxésimo/quincuaxésima
60.º/60. ^a	sesaxésimo/sesaxésima
70.º/70. ^a	septuaxésimo/septuaxésima
80.º/80. ^a	octoxésimo/octoxésima
90.º/90. ^a	nonaxésimo/nonaxésima
100.º/100. ^a	centésimo/centésima
1000.º/1000. ^a	milésimo/milésima

- Todos os numerals ordinais admiten morfemas de xénero e de número. Nas formas compostas estes morfemas só se unen ao último elemento (**trixésimo quinta**).

O grupo nominal

- O grupo nominal componse do nome, ou substantivo, e dos seus determinantes e cualificativos: artigos, demostrativos, adxectivos cualificativos, frases subordinadas adxectivas etc. As partes do grupo nominal concordan en xénero e número co substantivo.

Nome ou substantivo

- É o núcleo da frase nominal e, dunha forma xeral, é o que designa as cousas. Así, todo o que pode ser collido, sentido, visto, sexan seres animados, inanimados ou conceptos abstractos, denomínase nome ou substantivo.
- O substantivo é **común** cando designa seres dunha especie de forma xenérica (**home**, **libro**, **ordenador** etc.) e **proprio** cando denota un ser específico, de forma individualizada (**Sanxenxo**, **Lisboa**, **Helena** etc.).

Xénero

- En galego só hai dous xéneros: masculino e feminino.
- En xeral, son masculinos os substantivos rematados en **-o** e femininos os rematados en **-a**, pero hai excepcións (**o fantasma**, **a moto**, **o diadema**, **a tribo** etc.).
- Os substantivos que terminan en **-ista** ou **-e**, teñen a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a artista**, **o/a estudante**, **o/a cantante** etc.
- Os adxectivos que rematan en **-ista**, **-e** ou **-z** tamén teñen a mesma forma para os dous xéneros: **optimista**, **individualista**, **intelixente**, **alegre**, **feliz**, **capaz**, **perspicaz** etc.

Son **masculinos**: os nomes das letras (**o xe**, **o hache**); os substantivos de orixe grega terminados en **-ema** e **-oma** (**o problema**, **o cromosoma**); os nomes que acaban en **-me** (**o acedume**, **o abdome...** agás **a servidume**, **a mansedume**, **a negrume** e **a pesadume**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é masculina (**o plataneiro**, **o marmeleiro...** agás **a figueira**).

Son **femininos**: os nomes acabados en **-axe** (**a mensaxe**, **a viaxe**, **a equipaxe...** agás **o traxe**, **o paxe**, **o garaxe**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é feminina (**a maceira**, **a laranxeira...** agás **o castiñeiro**).

Formación do feminino

- En xeral, fórmase o feminino dos substantivos e adxectivos cambiando o **-o** final por un **-a** ou engadindo un **-a** ás terminacións **-r**, **-ín**, **-z** (no caso de substantivos) e vogal tónica: **alto/alta**, **traballador/traballadora**, **bailarín/bailarina**, **rapaz/rapaza**, **nu/núa**, **cru/crúa** etc.
- Os substantivos e adxectivos rematados en **-án** forman o feminino en **-á** (**curmán/curmá**, **irmán/irmá**, **compostelán/compostelá**, **catalán/catalá**, **cidadán/cidadá**, **san/sa**, **truán/truá**); ou en **-ana** (**folgazán/folgazana**, **larpán/larpana**, **paspán/paspana**, **papán/papana** etc.).
- Os rematados en **-és**, fano en **-esa**: **fregués/freguesa**, **vigués/viguesa**, **chínés/chinesa**; agás **cortés**, que é invariable.
- Dos substantivos rematados en **-ón**, algúns fan o feminino en **-oa**, pero tamén poden presentar outras formas: **anglosaxón/anglosaxoa**, **león/leoa**, **patrón/patroa**, **ladrón/ladra** ou **ladra** etc.; e algúns substantivos e adxectivos fano en **-ona**: **lambón/lambona**, **chorón/chorona**, **papaleisón/papaleisona**, **pasmón/pasmona** etc.

- Os adxectivos xentilicios rematados en vogal tónica presentan a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a marroquí, o/a somalí, o/a israelí, o/a hindú** etc.
- Hai palabras que presentan formas de feminino moi peculiares: heroe/**heroína**, tsar/**tsarina**, sacerdote/**sacerdotisa**, profeta/**profetisa**, poeta/**poetisa**, xudeu/**xudía**, rei/**raíña**, galo/**galiña**, príncipe/**princesa**, abade/**abadesa**, barón/**baronesa**, actor/**actriz**, emperador/**emperatriz**...

Número

- A categoría do número sérvenos para expresar a oposición entre o singular e o plural. O plural dos substantivos e dos adxectivos fórmase da seguinte maneira:
 - Palabras rematadas en vogal, ditongo ou **-n** engádeselles **-s** (**cadeira/cadeiras, marroquí/marroquís, xersei/xerseis, limón/limóns** etc.).
 - Palabras rematadas en **-r** e **-z** engádeselles **-es** (**muller/mulleres, fogar/fogares**). No caso de **-z**, este cámbiase por **c** antes de facer o plural (**vez/veces, luz/luces**).
 - Palabras agudas rematadas en **-s** forman o plural engadindo **-es** (**deus/deuses, autobús/autobuses**).
 - Palabras rematadas en **-s** ou **-x**, ben sexa grave, esdrúxula ou que formen grupo consonántico, permanecen invariables á hora de formar o plural (**mércores, lapis, lux, unisex, luns**).
 - Palabras graves ou monosilábicas rematadas en **-l** forman o plural engadindo **-es** (**sol/soles, difícil/difíciles, túnel/túneles** etc.).
 - Palabras agudas de máis dunha sílaba rematadas en **-l** forman o plural substituíndose o **-l** por **-is** (**papel/papeis, español/españóis, civil/civís, caracol/caracois** etc.).
 - No caso de palabras que rematan en consoantes distintas das aquí vistas, que son, na maioría, estranxeirismos ou cultismos, fórmase o plural engadíndolles **-s** (**club/clubs, pub/pubs, clip/clips, robot/robots, álbum/álbums** etc.).

Artigo

- Existen dous tipos de artigos en galego: o determinado e o indeterminado.

Artigo determinado

- Os artigos determinados (**o, a, os, as**) utilízanse cando falamos de algo en concreto, que é único ou que xa se mencionou antes.
 - Imos alugar **a** casa de meus pais
 - Trouxeron **o** coche de sempre.
- Tamén o empregamos cando nos referimos a un aspecto ou a unha parte dun país ou dunha rexión: **o Exipto antigo, a Galicia actual**.
- Coas formas de tratamento e cos títulos usamos o artigo en todos os casos, agás para dirixirnos ao noso interlocutor.
 - A** señora González vive preto de aquí, non?
 - Señora González, onde vive vostede?
 - O** doutor Fidalgo traballa neste centro.
 - Doutor Fidalgo, chámalo por teléfono.

- O artigo determinado contrae coas preposicións **a, con, e de** e coa conxunción comparativa **ca**, formando:

	o	a	os	as
a	ao (ó)*	á	aos (ós)*	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
ca	có	cá	cós	cás

* Aínda que na escrita poida representarse de dúas formas, a única pronuncia correcta é a de **ó/ós**.

- Existe tamén unha **segunda forma do artigo determinado (lo, la, los, las)** que se emprega obrigatoriamente tras da preposición **por** e do adverbio **u**.
 - Imos **polo** monte.
 - U-los** mozos que chegaron?
- Ademais destes contextos, a segunda forma do artigo poden aparecer nos seguintes casos:

- Despois das formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**:
 - Non **compartímo-la** mesa con eles. (Compartimos + a)
 - Debes **deixa-los** libros no estante. (deixar + os)
- Despois dos pronomes enclíticos **-nos, -vos, -lles**, e dos pronomes tónicos **nós** e **vós**:
 - Déuno-lo** diñeiro que faltaba. (Deunos + o)
 - Vó-los** tres seguídeme. (Vós + os)
- Despois de **ambos/as, entrambos/as, todos/as, tras, (e) mais**:
 - Ámbalas** estudantes eran de Porriño. (Ambas + as)
 - Entrámbolos** dous fixemos o traballo. (Entrambos + os)
 - Tódolos** días facía o mesmo. (Todos + os)
 - Vinos **tralo** hórreo. (Tras + o)
 - Fomos eu e **maila** tía de Luísa. (E mais + a)

Artigo indeterminado

- Usamos os artigos indeterminados (**un, unha, uns, unhas**) para mencionar algo por primeira vez, cando non sabemos se existe ou para referirnos a un exemplar dunha categoría.
 - Queremos mercar **unha** casa en Sanxenxo.
 - Trouxeche **un** coche novo?
- Tamén empregamos o artigo indeterminado cando identificamos alguén pola súa profesión ou cando o valoramos.
 - A súa muller é **unha** xornalista moi coñecida.
- O artigo indeterminado contrae coas preposicións **con, de** e **en**:

	un/s	unha/s
con	cun/cuns	cunha/cunhas
de	dun/duns	dunha/dunhas
en	nun/nuns	nunha/nunhas

Casos de omisión do artigo

- En xeral, os artigos non se usan cos substantivos propios (nomes de persoas, de continentes, de países e de cidades), agás cando forma parte do nome: **A Habana, O Cairo** etc. O seu uso é opcional con algúns países: (**A**) **India**, (**O**) **Brasil**, (**O**) **Perú** etc.
- Tampouco empregamos o artigo cando falamos dunha categoría ou de substantivos non contables:
 - Tes **coche**?
 - Merca **sal** cando vaías ao súper.
 - Necesito **leite** para facer a sobremesa.

Os demostrativos

- Serven para referirse a algo, con referencia á súa distancia no espazo ou no tempo, con respecto á persoa que fala. Están en relación cos adverbios de lugar **aquí** (preto de quen fala), **aí** (preto de quen escoita) e **alí/alá** (lonxe de ambos).

	Masculino		Feminino		Neutro
	Singular	Plural	Singular	Plural	
aquí	este	estes	esta	estas	isto
aí	ese	eses	esa	esas	iso
alí/alá	aquel	aqueles	aquela	aquelas	aquilo

- **Este** avión á bastante novo, pero **aquel** estacionado alí é vellísimo.
- Coas formas neutras referímonos a algo descoñecido ou que non queremos ou non podemos identificar cun substantivo.
 - Que é **isto**? Non entendo nada.
 - **Iso**? É a tradución do informe anual.
- Cando acompañan un substantivo, os demostrativos funcionan como determinantes ou adxectivos, concordando co devandito substantivo en número e xénero. Xeralmente van diante, a non ser que haxa outro determinante que ocupe esta posición:
 - **Estas** lentes son graduadas.
 - As cadeiras **esas** comprámolos nas rebaixas.
- Cando os demostrativos aparecen sos, substituíndo os substantivos, denomínanse **pronomes**.
 - **Estes** son os que procuraba.
 - Gústanme **aquelas** brancas. Podo levalas?
- Os demostrativos contraen coas preposicións **de** e **en**:

	este(s)/ esta(s)	ese(s)/ esa(s)	aquel(es)/ aquela(s)
de	deste(s)/ desta(s)	dese(s)/ desa(s)	daquel(es)/ daquela(s)
en	neste(s)/ nesta(s)	nese(s)/ nesa(s)	naquel(es)/ naquela(s)

- Traballo **naquel** edificio con cristais negros.
- Quen é o dono **deste** coche?
- A mesma contracción ocorre cos demostrativos neutros:

	isto	iso	aquilo
de	disto	diso	daquilo
en	nisto	niso	naquilo

- Ti sabes algo **disto**?

Os posesivos

- Os posesivos utilízanse para identificar algo ou alguén referíndose ao seu posuidor. Concordan en xénero e número coa cousa posuída e varían segundo o posuidor (eu = **miña** casa; ti = **túa** casa...)

	Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural
(eu)	meu	meus	miña	miñas
(ti)	teu	teus	túa	túas
(el/ela/vostede)	seu	seus	súa	súas
(nós)	noso	nosos	nosa	nosas
(vós)	voso	vosos	vosa	vosas
(eles/elas/vostedes)	seu	seus	súa	súas

- Cando acompañan o substantivo, xeralmente diante destes, os posesivos funcionan como determinantes ou adxectivos:
 - Gústame o **meu** traballo.
- Cando van sos, substituíndo un substantivo xa mencionado ou coñecido polo interlocutor, os posesivos funcionan como pronomes:
 - Este libro é **meu**.
- Como determinante ou adxectivo, o posesivo vai obrigatoriamente con artigo determinado, pero en certos contextos o artigo pode aparecer elidido:
 - Con nome de parentesco:
 - Onte falei con **meu** pai.
 - **Miña** muller traballa toda a tarde.
 - En exclamacións ou vocativos:
 - **Meus** amigos! Non sei como agradecervos...
- As formas do masculino singular (**meu, teu, seu, noso, voso**) poden ser usadas coa preposición **de** para indicar pertenza exclusiva (Xa tiña moitas terras **de seu** cando casou); ou co significado de “por si mesmo” ou “pola súa natureza” (Coñézote e sei que es xeneroso **de teu**).

Os pronomes persoais

- Os pronomes persoais son palabras que designan as persoas que participan no discurso. A forma dos pronomes persoais cambia segundo a súa función na oración. O pronome persoal é **tónico** se funciona como suxeito, e **átónico** se ten outras funcións.

Pronomes persoais en función de suxeito

1. ^a pers. singular	eu	● Eu teño frío, e ti?
2. ^a pers. singular	ti	● Ti tes a culpa de todo.
3. ^a pers. singular	el, ela	● El é músico e ela cantante.
1. ^a pers. plural	nós	● Nós chegamos ás 5 en punto.
2. ^a pers. plural	vós	● Vós deixastes a porta aberta cando saístes onte.
3. ^a pers. plural	eles, elas	● Eles teñen máis experiencia, pero esfórzanse menos.

- Os pronomes suxeito utilízanse para resaltar unha persoa por oposición a outras ou cando a súa ausencia pode levar a confusión ou malentendido, principalmente na terceira persoa.

● **Vós** traballades nun banco, non?

● **Eu** sí, pero **ela** non; **ela** ten un salón de peiteados.

- Vostede** e **vostedes** son as formas de cortesía en singular e plural, respectivamente. Trátase de formas de segunda persoa, pero existen o verbo e os pronomes de terceira persoa. Empréganse en relacións xerárquicas, con descoñecidos dunha certa idade ou con persoas máis vellas en xeral. Hai unha gran variación de usos segundo o contexto social ou xeográfico.

Pronomes persoais con preposición

1. ^a pers. singular	min*	● Hai algunha mensaxe para min ?
2. ^a pers. singular	ti	● Estes días pensei moito en ti .
3. ^a pers. singular	el, ela**	● Fágoo por ela . Por el non, que non o merece.
1. ^a pers. plural	nós	● O neno é moi pequeno e aínda non dorme sen nós .
2. ^a pers. plural	vós	● Quería coñecervos. Todos falan moi ben de vós .
3. ^a pers. plural	eles, elas	● Quéixase das amigas, pero sempre está con elas*** .

*Coa primeira persoa do singular, as preposicións **entre**, **agás**, **excepto**, **fóra**, **menos**, **salvo** levan a forma do pronome suxeito.

● **Entre** ti e **eu** xa non hai segredos.

● Calquera pode facer isto **agás/excepto/fóra/salvo/menos eu**.

Os pronomes persoais **el, **ela**, **eles**, **elas** contraen coas preposicións **de** e **en**, formando, respectivamente, **nel**, **nela**, **neles**, **nelas** e **del**, **dela**, **deles**, **delas**:

● O pantalón azul é **del** e o verde, **dela**.

● Onde está a lista de asistentes? Teño que pór uns comentarios **nela**.

***Coa preposición **con**, os pronomes adoptan formas especiais do seguinte xeito:

1.^a singular: **comigo**

2.^a singular: **contigo**

3.^a singular: **consigo**

1.^a plural: **connosco**

2.^a plural: **convosco**

3.^a plural: **consigo**

- Non obstante, o emprego destas formas é opcional, xa que tamén podemos empregar a preposición **con** e as formas pronominais que presentamos anteriormente, agás na primeira e na segunda persoas do singular.

● Ven **comigo** agora mesmo.

● Temos que falar **con vós/convosco**.

● Trouxo **con el/consigo** todo o material de aula.

Pronomes persoais reflexivos

1. ^a pers. singular	déitome
2. ^a pers. singular	déitaste
3. ^a pers. singular	déitase
1. ^a pers. plural	deitámonos
2. ^a pers. plural	deitádesvos
3. ^a pers. plural	déitanse

Pronomes persoais complemento de obxecto directo (COD)

1. ^a pers. singular	me	● Ves me ben?
2. ^a pers. singular	te	● Non te quero ver por aquí.
3. ^a pers. singular	o, a	● Hoxe é o seu aniversario e non a penso molestar.
1. ^a pers. plural	nos	● Deixáron nos tres horas na sala de espera.
2. ^a pers. plural	vos	● Quen vos levará ao coleio?
3. ^a pers. plural	os, as	● As nenas non as vexo desde o ano pasado.

- Os pronomes COD **o**, **a**, **os** e **as** utilízanse tanto para persoas como para obxectos. Diante do verbo, aparecen sempre nestas formas, pero, cando van despois do verbo, poden presentarse noutras grafías, dependendo da terminación do verbo que os precede.

– Cando o verbo co que van remata en **-r** ou **-s**, estas grafías desaparecen e os pronomes aparecen nas formas **lo(s)/la(s)**:

● Non penso molestala, señora Elvira.

● Os nenos? Pois deixámolos cos avós.

– Cando o verbo co que van remata en ditongo, adquiren as formas **no(s)/na(s)**:

● O meu aniversario celebreino só cos amigos máis íntimos.

● A túa carteira gardouna María nese caixón.

- O** é tamén un pronome COD neutro e pode substituír unha parte do texto, que pode ser unha oración ou un enunciado:

● Isto compreino en París, gústache?

● A que hora chega o avión de Miro?

○ Non **o** sei. Vouno mirar na pantalla.

Pronomes persoais como complemento de obxecto indirecto (COI)

- Os pronomes COI só se diferencian dos COD nas formas de segunda e terceira persoa.

1. ^a pers. singular	me	● Non me dixeches a verdade.
2. ^a pers. singular	che	● Podo contarche unha cousa?
3. ^a pers. singular	lle	● Tes que devolverlle estas entradas á rapaza da recepción.
1. ^a pers. plural	nos	● Os Reis trouxéronnos moitos agasallos este ano.
2. ^a pers. plural	vos	● Se queredes, sácvos a foto.
3. ^a pers. plural	lles	● Non lles demos ningunha explicación aos rapaces.

- Cando aparecen xuntos, os pronomes COI e os COD contraen da seguinte forma:

COI	COD		
me che lle nos vos lles	o a os as	mo, ma, mos, mas	● <i>Estas cartas, deumas Luísa.</i>
		cho, cha, chos, chas	● <i>Queres isto? Pois déixocho.</i>
		llo, lla, llos, llas	● <i>Non o sei, voullo preguntar a Luís.</i>
		nolo, nola, nolos, nolas	● <i>A chave?</i> ○ <i>Entregóunola a conserxe.</i>
		volo, vola, volos, volas	● <i>As publicacións enviaréivolos logo.</i>
		llelo, llela, llelos, llelas	● <i>Estes xoguetes lévallelos aos nenos do orfanato.</i>

Colocación dos pronomes átonos

- Por regra xeral, a orde de colocación dos pronomes átonos é: verbo + COI + COD. Os pronomes colócanse sempre despois do verbo e unidos a el.
 - *Gustou**me** moito a obra do outro día.*
 - *De**ille** todo o que tiña.*
- Non obstante, hai determinados contextos nos que o pronome se coloca diante do verbo e separado deste:
 - Despois de palabras que marcan subordinación (**que, aínda que, sempre que, xa que, posto que, se...**):
 - *Dixo **que se** xubilaba nesa empresa.*
 - *Axúdo**che se me** deixas a moto.*
 - Despois de adverbios ou expresións que indican negación (**non, nunca, xamais, tampouco...**) e dúbida (**quizais, talvez, seica, disque**):
 - *Nunca **o** vin por esta zona.*
 - *Xamais **che** dirá a verdade.*
 - *Seica **lle** deron un premio de poesía.*
 - Despois dalgúns outros adverbios (**xa, aínda, tamén, sempre, ben, mal, só, axiña, logo, máis, menos, aquí, aí, alí...**):
 - *Sempre **me** ducho pola noite.*
 - *Querías este libro? Pois aquí **o** tes.*
 - *Xa **lle** dixen que non dispoño deste material.*
 - Despois dalgúns pronomes indefinidos (**algo, nada, ningún, alguén, calquera, mesmo, bastante...**):
 - *Ningúen **me** deu a resposta correcta.*
 - *Algo **me** di que isto non está ben.*
 - Despois de interrogativos (**que, por que, como, quen, onde, cando, canto, como...**), exclamativos (**que, como, canto...**), ou frases desiderativas:
 - *Quen **che** dixo esta barbaridade?*
 - *Cando **lle** daremos o regalo?*
 - *Canto **me** alegro por ti!*
 - *Deus **me** valla!*
- Hai casos nos que a posición do pronome é variable:
 - Diante de preposicións, o pronome pode ir despois da preposición ou despois do verbo:
 - *Os profesores temos o compromiso de **lles** axudar aos alumnos./Os profesores temos o compromiso de axudar**lles** aos alumnos.*

- Nas perífrases verbais os pronomes poden colocarse despois do verbo principal, despois da conxunción ou preposición que forma parte da perífrase ou detrás do infinitivo:

- *Tes**me** que facer un favor.*
- *Tes que **me** facer un favor.*
- *Tes que facer**me** un favor.*
- *Estiven chamándote toda a mañá.*
- *Estíven**te** chamando toda a mañá.*

- Nas perífrases de participio, o pronome só se coloca despois do verbo auxiliar (ou conxugado), agás nos casos de excepcións mencionados anteriormente:

- *Téño**o** visitado alí algunhas veces.*
- *Non **che** dou feito isto ata mañá.*

Acentuación

- De acordo coa posición da sílaba tónica, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas, graves e esdrúxulas** e a súa acentuación faise da seguinte forma:

- **Agudas:** son as palabras nas que a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico, chamado acento agudo, cando rematan en **vogal, vogal + n, vogal + s e vogal + ns: mañá, paté, refén, francés, composteláns...**
- **Graves:** son palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Levan acento cando rematan en consoante que non sexa **-n** ou **-s** ou en grupo consonántico distinto de **-ns: difícil, álbum, carácter, tórax...**
- **Esdrúxulas:** son palabras nas que a sílaba tónica é a antepenúltima; sempre levan acento: **médico, bágoa, cónxuxe, ávido, sílaba...**

Outras regras de acentuación

- Os **estranxeirismos** correntes en galego seguen as devanditas regras de acentuación: **popurrí, xampús, accésit, cámping, párkinson, cárdigan.**
- Os **monosílabos** non se acentúan, agás nos casos do acento diacrítico: **da, das** (contracción preposición + artigo)/**dá, dás** (formas do presente indicativo do verbo dar); **pe** (nome da letra)/**pé** (parte do corpo) etc.
- Cando un verbo leva pronomes complemento ou a segunda forma do artigo, o conxunto que forman considérase unha única palabra para fins de acentuación: **vímolos no parque, fixémo-la cea, deixóullelos aos fillos...**
- Acentúanse as vogais **i, u** tónicas, se estas van precedidas ou seguidas doutra vogal, para indicar que forman parte de sílabas distintas: **ruído, saúde, oír...**



ATENCIÓN

En galego **non** se acentúan:

- Os monosílabos, salvo nos casos que leven acento diacrítico ou diferencial: **son, voz, po, nu, cru...**
- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente, seguidas ou non de **s: falou, cantei, metais, aneis, anzois...**
- Os adverbios en **-mente: tranquilamente, rapidamente, facilmente, habilmente...**
- Os interrogativos e exclamativos: **Que queres? Cantos somos? Que sorpresa!**

resumo gramatical

Principais casos de acentuación diacrítica ou diferencial


á (a prep. + a artigo)	a (artigo; pron.; prep.)
bóla ('esfera')	bola (peza de pan)
cá (ca + a)	ca (conx.)
có (ca + o)	co (con + o)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
dá (pres. e imp. de <i>dar</i>)	da (de + a)
dó ('compaixón')	do (de + o)
é (pres. de <i>ser</i>)	e (conx.)
fóra (adv.)	fora (antepret. de <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má ('ruín')	ma (me + a)
máis (adv. e pron..)	mais (conx.)
nó (subst.)	no (en + o)
nós (pron. tónico; pl. de <i>nó</i>)	nos (en + os; pron, átono)
ó (a + o)	o (artigo; pron.)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
pór (poñer)	por (prep.)
présa (apuro)	presa (prendida; presada)
sé (sede eclesiástica; imp. de <i>ser</i>)	se (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	so (prep.)
té (infusión)	te (pron.; letra)
vén (pres. de <i>vir</i>)	ven (pres. de <i>ver</i> ; imp. de <i>vir</i>)
vés (pres. de <i>vir</i>)	ves (pres. de <i>ver</i>)
vós (pron. tónico)	vos (pron. átono)

Preposicións e locucións prepositivas

Espazo: posición e movemento

a: dirección, distancia	● <i>Imos a Rianxo.</i> ● <i>Allariz está a dez quilómetros.</i>
ante: diante de	● <i>Atopámonos ante o Palacio Real.</i>
ata/deica: punto de chegada (deica precisa o punto de partida = <i>de aquí/alí</i>)	● <i>Camiñamos ata a entrada da catedral.</i> ● <i>Imos deica Santiago.</i>
baixo: posición inferior	● <i>Coloca as botellas baixo a mesa.</i>
contra: contacto; dirección contraria.	● <i>Apoíouse contra a parede para evitar a caída.</i> ● <i>Ía contra o vento.</i>
de: procedencia (lonxe/preto de)	● <i>Somos de Celanova.</i> ● <i>Barrantes está preto de Vilanova de Arousa.</i>
desde/dende: punto de partida	● <i>Veu andando desde o centro.</i>
en: localización, medio de transporte	● <i>Ribadeo está en Lugo.</i> ● <i>Iremos en tren.</i>
entre: localización no medio de dúas ou máis cousas.	● <i>Encontrei unha postal entre os meus libros.</i>
onda: proximidade; o mesmo lugar.	● <i>A perruquería está onda a parada de autobús.</i> ● <i>Foi onda as fillas e aínda non volveu.</i>


para: dirección	● <i>Marchou para Suíza cando era moi novo.</i>
por: movemento dentro ou a través do espazo.	● <i>Gústame pasear por esta alameda.</i> ● <i>O ladrón entrou por un burato no teito.</i>
sobre: localización nun espazo superior.	● <i>Estenda a masa sobre unha superficie fría.</i>
tras: detrás de, máis aló de.	● <i>A súa aldea está tras aquela montaña.</i>
xunta: ao lado de, preto de.	● <i>Deixei a carteira xunta o ordenador.</i>



debaixo de



enriba de



detrás de



diante de




entre




á dereita de



á esquerda de



ao lado de



no centro de

Tempo

a + hora	● <i>Levántome ás oito.</i>
ata + punto límite no tempo	● <i>Espérote ata as cinco.</i>
antes/despois de	● <i>Sempre chamo a miña nai antes de deitarme.</i>
contra + hora imprecisa	● <i>Din que chegan contra o mediodía.</i>
de + día/noite.	● <i>Prefiro descansar de día e estudar de noite.</i>
de + inicio a + fin	● <i>Traballamos das* 9.00 ás 15.00 h.</i>
desde/dende + punto no tempo	● <i>Non vexo a Xavier desde o inverno pasado.</i>
durante + tempo que dura ou no que transcorre algo	● <i>Durante o curso académico case non vén por aquí.</i>
en + mes/estación/ano	● <i>O aniversario dela é en xullo.</i>
entre + dous puntos de referencia temporal que determinan un intervalo.	● <i>Estarei na casa entre as dúas e as sete da tarde.</i>
para + tempo exacto ou aproximado; duración.	● <i>Para Nadal xa estaremos de volta.</i> ● <i>Temos conversa para toda a tarde.</i>
por + parte do día	● <i>Nunca traballo pola** tarde.</i>
sobre + hora aproximada	● <i>Chegou sobre as dúas da madrugada.</i>

* Recorda que **de + as = das** e **a + as = ás**.

** Recorda que **por + las** (segunda forma do artigo) = **polas**

Outros usos

a: modo ● <i>Filete á prancha; linguado ao forno.</i>
agás/excepto/fóra/menos/salvo: exclusión ● <i>Todos xa tiñamos algunha noción do tema, agás esa parella.</i>
ante: en presenza de ● <i>Ante tantas dificultades decidiu regresar ao seu país.</i>
baixo: influencia ou dependencia ● <i>Non lle fagas caso porque está baixo os efectos do alcohol.</i>
canda: coincidencia temporal e compañía ● <i>Iremos canda os outros rapaces.</i>
con Compañía: ● <i>Fun ao cine con Mauricio.</i> Acompañamento: ● <i>Polo con patacas.</i> Instrumento: ● <i>Cortei as fichas con aquelas tesoiras.</i> Composición: ● <i>Unha casa con moitos cuartos.</i>
contra: en oposición a ● <i>Non faremos nada contra a súa vontade.</i>
de Material: ● <i>Un abrigo de la.</i> Partitivo, con substantivos non contables: <i>un pouco de arroz; 200 gramos de queixo.</i> Pertenza ou posesión: ● <i>Esta é a casa de Adolfo.</i> Finalidade: ● <i>Máquina de escribir.</i> Causa: ● <i>Chorou de susto.</i> Modo: ● <i>Fixoo de malas maneiras.</i>
entre Cooperación: ● <i>Entre todos acabaremos todo antes do previsto.</i> Relación ou comparación: ● <i>Non atopo ningunha diferenza entre un e outro.</i>
para/por Para + finalidade: ● <i>Necesito diñeiro para o alugamento deste mes.</i> Para + destinatario: ● <i>Este paquete é para o teu irmán.</i> Por + causa: ● <i>Víaxa moito polo seu traballo.</i>
segundo Concordancia, opinión: ● <i>Segundo as leis, isto é un delito.</i> Simultaneidade: ● <i>Segundo escoita a gravación, anota no caderno os puntos máis interesantes.</i>
sen: ausencia ● <i>Eu prefiro tomar o café sen azucre.</i>
sobre Tema: ● <i>Estiven nunha mesa redonda sobre a situación dos minusválidos.</i> Valoración aproximada: ● <i>O cativo tería sobre catro anos.</i>

Interrogativos

- Os pronomes e os adverbios interrogativos substitúen o elemento descoñecido na pregunta de resposta aberta.

Que, cal/cales

- Empregamos **que** en preguntas abertas con ou sen referencia a un substantivo en concreto.
 - *Que fixestes durante as vacacións?*
 - *Que restaurante me recomendas en Lisboa?*

- Cando preguntamos por algo ou alguén dentro dun conxunto, normalmente para propoñer unha escolla ou exclusión, empregamos **cal/cales**:

● *En vermello temos estes tres modelos, cal prefires?*

Tamén podemos empregar **cal de** cando o substantivo se menciona ou non no momento pero se entende polo contexto:

● *Cal dos* dous consideras máis axeitado para o traballo?*

● *Cal delas* é a túa moza?*

● *Cal destes* bolsos é máis caro?*

* Recorda: de + os = dos; de + elas = delas, de + estes = destes

Outros interrogativos

- Para preguntar por...

persoas	quen	● <i>Quen trouxo estas flores?</i>
unha cantidade	canto/a/os/as	● <i>Cantas veces estiveches en Galicia?</i>
un lugar	onde	● <i>Onde tes o móbil?</i>
un momento no tempo	cando	● <i>Cando chegaches a Santiago?</i>
o modo	como	● <i>Como fostes? En avión ou en barco?</i>
o motivo	por que	● <i>Por que choras, muller?</i>
a finalidade	para que	● <i>Para que me chamaron outra vez?</i>



RECORDA

Cando os interrogativos van acompañados dunha preposición, esta colócase antes deles.

- *Con quen saíches onte?*
- *Con Tais.*
- *Desde onde chamas?*
- *Desde o bar da esquina.*
- *Sobre que tratou a conferencia?*
- *Sobre reciclaxe.*
- *Ata cando vos quedades?*
- *Ata o mércores.*
- *Para cantas persoas preparo a cea?*
- *Para oito, como máximo.*

Comparación

- A estrutura comparativa componse de dous elementos básicos. O primeiro é un adverbio que indica superioridade, igualdade ou inferioridade (respectivamente, **máis, tan/ tanto(s)/ tanta(s), menos**); o segundo, unha partícula: **que, ca** ou **do que** para as comparacións de superioridade e inferioridade), e **coma/como** (para a comparación de igualdade). Cando a segunda parte da comparación é un verbo, emprégase **do que**.
- Na maioría dos casos **que/ca** e **coma/como** úsanse indistintamente. Pero cando o segundo termo da comparación é un pronome persoal, faise obrigatorio o emprego de **ca/coma**.
 - *A miña irmá é máis alta ca min.*
 - *Traballamos tanto coma eles.*
- A partícula **ca** contrae co artigo determinado:
 - ca + a = **cá**; ca + as = **cás**; ca + o = **có** e ca + os = **cós**.
 - *O teu coche consome máis ca o/có meu.*

Superioridade

- Con nomes:
 - A Coruña ten **máis** habitantes **ca/que** Ourense.
- Con adxectivos:
 - Vigo é **máis** grande **ca/que** Santiago.
 - A casa dela é **máis** moderna **ca a/cá/que a** miña.
- Con verbos:
 - Os mozos **viaxan máis que** os/cós vellos.
 - Eles **falan máis do que** traballan.
- Ademais das formas analíticas **máis bo, máis malo e máis grande**, pódense empregar no seu lugar, respectivamente, as formas especiais **mellor, peor e maior**.

Igualdade

- Con nomes:

	tanto espazo	
	tanta luz	
● Esta casa ten	tantos cuartos	coma/como a outra.
	tantas ventás	
- | | |
|---------------------|-----------------------------|
| | o mesmo coche. |
| | a mesma idade. |
| ● Carlos e eu temos | os mesmos gustos. |
| | as mesmas afeccións. |
- Con adxectivos:
 - Aquí as casas son **tan** caras **coma/como** no meu país.
- Con verbos:
 - Traballa **tanto coma/como** folga.

Inferioridade

- Con nomes:
 - No meu país hai **menos** bares **ca/que** aquí.
- | | | |
|----------------------------|-----------------------|--------------------------|
| | tanto espazo | |
| | tanta luz | |
| ● Esta casa non ten | tantos cuartos | coma/como a outra |
| | tantas ventás | |
- Con adxectivos:
 - Esta casa é **menos** luminosa **ca as/cás/que as** outras.
 - O seu barrio é **menos** tranquilo **ca o/có/que o** meu.
 - Aquí as casas **non** son **tan** caras **coma/como** no meu país
- Con verbos:
 - Eles traballan **menos do que** din.

O superlativo relativo

- É o grao máis alto que se lle pode atribuír a algo ou a alguén por un adxectivo ou adverbio.
 - A ría de Arousa é **a máis** grande **de** Galicia.
 - O Nilo e o Amazonas son os ríos **máis** longos **do** mundo.
 - Sar é o barrio **máis** emblemático **de** Santiago de Compostela.

VERBOS

Conxugacións

- En galego existen tres conxugacións, que se distinguen polas terminacións: **-ar** (primeira conxugación), **-er** (segunda) e **-ir** (terceira). Algunhas formas dos verbos da segunda e da terceira conxugación son moi similares. A maioría das irregularidades danse nestes dous grupos.

Verbos reflexivos

- Son verbos que se conxugan cos pronomes reflexivos **me, te, se, nos, vos, se**: **chamarse, levantarse, deitarse, bañarse...**
 - (Eu) **chámome** Abel. (**chamarse**)
- Hai verbos que poden converterse en reflexivos cando a acción recae no propio suxeito.
 - Maruxa lava a roupa.
 - Maruxa **lávase**.

Verbos que funcionan como gustar

- Existe un grupo de verbos (**gustar, encantar, apetecer, interesar, custar, doer** etc.) que se conxugan case sempre na terceira persoa (do singular, se van seguidos dun nome en singular ou dun infinitivo; e do plural, se van seguidos dun substantivo en plural). Estes verbos van acompañados sempre dos pronomes de COI **me, che, lle, nos, vos, lles** e expresan sentimentos e opinións respecto a cousas, persoas ou actividades.

(A min)	gústame o cine/bailar/gústanme as
(A ti)	películas de acción
(A el/ela/vostede)	gústache o cine/bailar/gústanche as
(A nós)	películas de acción
(A vós)	gústalle o cine/bailar/gústanlle as
(A eles/elas/vostedes)	películas de acción
	gústanos o cine/bailar/gústannos as
	películas de acción
	gústavos o cine/bailar/gústanvos as
	películas de acción
	gústalles o cine/bailar/gústanlles as
	películas de acción

- **Cústame** moito pronunciar o xe.
- A Xulio **encántalle** Luz Casal.
- Que **vos parece** este cadro?
- **Dóenme** moito os pés.
- Con estes verbos, úsase **a** + pronome tónico (**a min, a ti, a el/ela/vostede, a nós, a vós, a eles/elas/vostedes**) cando queremos contrastar diferentes persoas.
 - **A vós que vos pareceu** a película?
 - **A min encantoume**.
 - **Pois a min pareceume** moi lenta.

Presente do indicativo

	FALAR	COMER	ESCRIBIR
(eu)	falo	como	escribo
(ti)	falas	comes	escribes
(el/ela/vostede)	fala	come	escribe
(nós)	falamos	comemos	escribimos
(vós)	falades	comedes	escribides
(eles/elas/vostedes)	falan	comen	escriben

- A terminación da primeira persoa do singular é igual nas tres conjugacións.
- As terminacións da segunda e da terceira conjugacións son iguais, agás na primeira e na segunda persoas do plural (**nós** e **vós**).

Empregamos o presente de indicativo para:

- Facer afirmacións atemporais:
 - *Unha semana **ten** sete días.*
- Falar de feitos que se producen cunha certa frecuencia ou regularidade:
 - ***Como** na casa todos os días.*
- Falar do presente cronolóxico:
 - ***Vai** moi bo tempo.*
- Pedir cousas e accións en preguntas:
 - ***Déixasme** un bolígrafo?*
- Falar de intencións firmes:
 - ***Mañá devólvoche** o libro.*
- Relatar en presente histórico:
 - *Rosalía de Castro **nace** en Santiago de Compostela en 1838.*
- Formular hipóteses:
 - *Se me **toca** a lotería, deixo de traballar.*
- Dar instrucións:
 - ***Segues** todo recto e logo **xiras** á dereita.*

Pretérito

	<u>FALAR</u>	<u>COMER</u>	<u>ESCRIBIR</u>
(eu)	falei	comín	escribín
(ti)	falaches	comiches	escribiches
(el/ela/vostede)	falou	comeu	escribiu
(nós)	falamos	comemos	escribimos
(vós)	falastes	comestes	escribistes
(eles/elas/vostedes)	falaron	comeron	escribiron

- O pretérito emprégase para relatar accións pasadas, relacionadas ou non co presente.
 - *Esta semana **coñecín** moita xente interesante.*
 - *Onte **ceei** cuns amigos.*
 - *O mes pasado **descubrín** un restaurante xenial.*

Verbos con terminacións irregulares

- Os verbos seguintes presentan irregularidades propias na raíz e teñen unhas terminacións especiais no pretérito, independentemente da conjugación á que pertencen.

ESTAR	estiv-	
DICIR	dix-	-en
FACER	fix-	-eches
TER	tiv-	-o
PODER	puid-	-emos
POÑER	pux-	-estes
QUERER	quix-	-eron
TRAER	troux-	
SABER	soub-	



ATENCIÓN

Na primeira e na terceira persoas do singular dos verbos regulares, a última sílaba é tónica; nos irregulares, en cambio, a sílaba tónica é a penúltima.

- Os verbos **ir** e **ser** teñen a mesma forma no pretérito.

	<u>IR/SER</u>
(eu)	fun
(ti)	fuches
(el/ela/vostede)	foi
(nós)	fomos
(vós)	fostes
(eles/elas/vostedes)	foron

Copretérito

	<u>FALAR</u>	<u>COMER</u>	<u>ESCRIBIR</u>
(eu)	falaba	comía	escribía
(ti)	falabas	comías	escribías
(el/ela/vostede)	falaba	comía	escribía
(nós)	falabamos	comíamos	escribíamos
(vós)	falabades	comíades	escribíades
(eles/elas/vostedes)	falaban	comían	escribían



ATENCIÓN

Na primeira e na segunda persoas do plural, ocorre un cambio de sílaba tónica.

- Os verbos que presentan formas irregulares no copretérito son:

	<u>SER</u>	<u>PÓR</u>	<u>TER</u>	<u>VIR</u>
(eu)	era	puña	tiña	viña
(ti)	eras	puñas	tiñas	viñas
(el/ela/vostede)	era	puña	tiña	viña
(nós)	eramos	puñamos	tiñamos	viñamos
(vós)	erades	puñades	tiñades	viñades
(eles/elas/vostedes)	eran	puñan	tiñan	viñan



ATENCIÓN

Os verbos derivados dos anteriores tamén presentan as mesmas irregularidades: *repor*, *compor*, *supor*, *recompor*, *sobrepor*, *antepor*, *ater*, *reter*, *conter*, *previr*, *intervir*, *sobrevir* etc.

Usos do copretérito

- Para describir as circunstancias que rodean un acontecemento pasado.
 - *Como **estabamos** cansos, quedamos na casa.*
 - *Onte non **tiña** ganas de cociñar e fun comer fóra.*
- Para realizar descripcións en pasado.
 - *Onte vin a Marta. **Estaba** guapísima.*
 - *A nosa casa da aldea **era** enorme e **tiña** moita luz.*
- Para falar de costumes no pasado.
 - *De neno, sempre **ía** ao campo visitar os meus avós.*
 - *Na miña época de estudante, **durmía** moi pouco.*

Relatar en pasado

- Un relato é unha sucesión de feitos que contamos utilizando o pretérito e o copretérito. Facemos avanzar a historia con cada novo feito que presentamos.
 - *Aquel día Xan non **oíu** o despertador e **espertou** media hora tarde. **Saíu** da casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, **conseguiu** chegar a tempo ao aeroporto.*
- En cada feito podemos “deter a acción” e “mirar” as circunstancias que a rodean. Para isto, usamos o copretérito.
 - *Aquel día Xan **estaba** moi canso e non **oíu** o despertador, así que **espertou** media hora tarde. Como non **tiña** tempo, **saíu** de casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, non **había** moito tráfico e **conseguiu** chegar ao aeroporto a tempo.*
- A elección que facemos entre pretérito e copretérito non depende da duración das accións, senón da maneira na que queremos presentalas e da súa función no relato.
 - *Ontes, como **estaba chovendo**, non **saín**.* (Non interesa o fin da chuvia: presentámola como unha circunstancia de “non saír”)
 - *Ontes, **estivo chovendo** todo o día e non **saín**.* (Informo da duración da chuvia e do feito de “non saír”)

Futuro

- O futuro fórmase engadindo ao infinitivo as terminacións **-ei**, **-ás**, **-á**, **-emos**, **-edes** e **-án**.

	FALAR	BEBER	VIVIR
(eu)	falarei	beberei	vivirei
(ti)	falarás	beberás	vivirás
(el/ela/vostede)	falará	beberá	vivirá
(nós)	falaremos	beberemos	viviremos
(vós)	falaredes	beberedes	viviredes
(eles/elas/vostedes)	falarán	beberán	vivirán

- Hai moi poucos verbos irregulares. Estes presentan un cambio na raíz, pero teñen as mesmas terminacións cós verbos regulares.

DICIR	FACER
direi	farei
dirás	farás
dirá	fará
diremos	faremos
diredes	faredes
dirán	farán

- Usamos o futuro para referirnos ao futuro cronolóxico dunha maneira neutra. Utilizámolo para facer predicións ou para expresar que algo ocorrerá inexorablemente.
 - *Mañá **fará** sol en todo o país.*
 - *As cartas **din** que **terás** moitos fillos.*
 - *O sol **sairá** mañá ás 6.42 h.*
- Tamén usamos este tempo para formular hipóteses sobre o futuro ou o presente, algunhas veces acompañado por marcadores como **seguramente**, **probablemente**, **posiblemente**, **seguro que**, **creo que** etc.
 - *Non **atopo** a camisa azul en ningún lado, **víchela**?*
 - *Pois **estará** na lavandería. Vouna recoller pola tarde.*
 - *Que vas **fac**er esta noite?*
 - *Pois **seguramente quedarei** na casa. E **tí**?*
 - *Eu **creo** que **sairei** tomar algo por aí.*



ATENCIÓN

Para falar de plans, intencións e accións futuras en galego emprégase máis frecuentemente o presente de indicativo ou a perífrase **ir** + infinitivo.

- *Mañá **temos** a comida na casa. **Axúdasme**?*
- *Pois non **podo**. **Vou falar** co propietario do piso ás 12 h e non **sei** a que hora **volvo**.*

Imperativo afirmativo

- O imperativo afirmativo en galego ten catro formas: **ti** e **vós** (informal) e **vostede** e **vostedes** (formal).

	PENSAR	COMER	PARTIR
(ti)	pensa	come	parte
(vós)	pensade	comede	partide
(vostede)	pense	coma	parta
(vostedes)	pensen	coman	partan

- As formas para **ti** e **vós** obtéñense eliminando o **-s** final da forma correspondente en presente.
 - estudas, **estuda**
 - estudades, **estudade**
 - bebes, **bebe**
 - bebedes, **bebede**



ATENCIÓN

Alguns verbos irregulares non seguen esta regra para **ti**:

poñer/pór > **pon** ir > **vai**
facen > **fai** vir > **ven** ter > **ten**

- As formas para **vostede** e **vostedes** obtéñense cambiando a vogal temática da forma correspondente do presente:
 - estuda > estude estudan > estuden
 - bebe > beba beben – beban



ATENCIÓN

Os verbos que son irregulares na primeira persoa do presente teñen en imperativo unha raíz irregular.

poño – poña/n vou – vaia/n fago – faga/n
veño – veña/n teño – teña/n oio – oia/n
digo – diga/n traio – traia/n vexo – vexa/n

- O verbo **ser** presenta formas especiais no imperativo:

(ti)	sé
(vós)	sede
(vostede)	sexa
(vostedes)	sexan

Imperativo negativo

- As formas do imperativo negativo para todas as persoas obtéñense cambiando a vogal temática da forma correspondente do presente:

pres.	imp. neg.	pres.	imperativo neg.	pres.	imp. neg.
falas	non fales	comes	non comas	vives	non vivas
fala	non fale	come	non coma	vive	non viva
falades	non faledes	comedes	non comades	vivides	non vivades
falán	non fale	comen	non coman	viven	non vivan



ATENCIÓN

Os verbos que son irregulares na primeira persoa do presente teñen no imperativo negativo unha raíz irregular para todas as persoas.

	non poñas		non fagas
poño	non poña	fago	non faga
	non poñades		non fagades
	non poñan		non fagan
	non veñas		non vexas
veño	non veña	vexo	non vexa
	non veñades		non vexades
	non veñan		non vexan

- Os verbos **ser**, **estar** e **ir** presentan formas especiais.
SER: non sexas, non sexa, non sexades, non sexan
ESTAR: non esteas, non estea, non esteades, non estean
IR: non vaías, non vaia, non vaiades, non vaian
- Recorda que co imperativo negativo os pronomes van diante do verbo, agás nas perífrases onde a posición pode variar.
 - Non me esperes para cear. Vou chegar moi tarde.
 - Non te vaías esquecer da reunión! / Non vaías esquecer-te da reunión!

Usos do imperativo

- Dar instrucións:
 - Retire o plástico protector e coloque o aparato sobre unha superficie estable.
- Conceder permiso:
 - Podo entrar un momento?
 - Si, claro. Pasa, pasa.
- Ofrecer algo:
 - Toma, proba estas galletas. Están boísimas.
- Aconsellar:
 - Non sei que poñer para a cea de traballo de mañá.
 - Pon o vestido azul, non? Quédache moi ben.



ATENCIÓN

Ás veces empregamos o imperativo para dar ordes ou pedir accións, pero só en situacións moi xerarquizadas ou de moita confianza. Adoítamos suavizar este emprego con elementos como **por favor**, **veña** etc., ou xustificando a petición.

- Por favor, Francisco, fágame dez copias destes documentos.
- Ven comigo de compras... veña, que logo non podo con todas as bolsas.

Participio

- O participio pasado fómase engadindo as terminacións **-ado** aos verbos da primeira conjugación, e **-ido** aos verbos da segunda e da terceira.
cantar, cantado beber, bebido/vivir, vivido
- Hai participios que son irregulares.

abrir aberto	dicir, dito	ver, visto
escribir, escrito	facir, feito	volver, volto
morrer, morto	poñer, posto	romper, roto

- O participio ten dúas funcións básicas. Como verbo, acompaña os auxiliares **ter** e **dar** nas perífrases verbais e é inviable.
 - Podo facer a queimada porque **a teño feito** para o magosto doutros anos.
 - Non **dou acabado** este traballo antes de mañá.
- Como adxectivo, concorda co substantivo en xénero e en número, e refírese a situacións ou estados derivados da acción do verbo. Por iso, neses casos, utilízase moitas veces co verbo **estar**.
 - A comida xa **está feita**.
 - A porta **estaba pechada** e na entrada había uns vasos **rotos**.

Xerundio

- O xerundio fómase engadindo a terminación **-ando** aos verbos en **-ar**, a terminación **-endo** aos verbos en **-er**, e a terminación **-indo** aos verbos en **-ir**.
cantar, cantando beber, bebendo vivir, vivindo
- O xerundio pode formar perífrases con verbos como **estar**, **levar**, **seguir**, **continuar**...
 - Estes días estou **facendo** demasiadas cousas. Necesito un descanso.
 - Canto tempo levas **vivindo** nesta rúa?
 - Sabes se Carme segue **traballando** na mesma empresa?
 - Pois si, como sempre, e Marta tamén continúa **dando** clases.
- Tamén empregamos o xerundio para explicar de que maneira se realiza unha acción.
 - Sabes que lle pasa a Antonio? Saíu **chorando**.
 - E como consegues manter tan ben a forma?
 - Pois **facendo** exercicios todos os días, **comendo** san e **durmando** oito horas ao día.

Impersonalidade

- En galego, podemos expresar a impersonalidade de varias maneiras. Unha delas é coa construción verbo en terceira persoa + **se**.
 - O cocido galego **faise** con chourizo, xamón, repolo, costela de porco...
- Outra forma de expresar a impersonalidade, cando non podemos ou non nos interesa especificar quen realiza unha acción, é usar a terceira persoa do plural.
 - Sabes se xa **amañaron** a calefacción?
 - Soubeches? **Descubríron** un novo planeta.

Ser/estar/haber

- Para localizar algo no espazo, usamos o verbo **estar**.
 - O Concello **está** bastante lonxe do centro.
- Pero se informamos sobre a existencia, usamos **hai** (do verbo **haber**). É unha forma que, con este uso, só existe na terceira persoa do singular, pero utilízase para falar de cousas ou persoas tanto no singular como no plural. Tamén se emprega nos demais tempos verbais.
 - Preto da miña casa **hai** un parque enorme.
 - Na festa **houbo** momentos moi divertidos.
 - **Había** moita xente no concerto?
 - No futuro **habirá** problemas de abastecemento de auga.
- Para informar sobre a localización dun evento xa mencionado, usamos **ser**.
 - A reunión **é** na miña casa.
- Con adxectivos, usamos **ser** para falar das características esenciais do substantivo e **estar** para expresar unha condición ou un estado especial nun momento determinado.
 - Lucas **é** enxeñeiro.
 - Lucas **está** enfadado.
 - Este coche **é** novo.
 - Este coche **está** avariado.
- Tamén usamos **ser** cando identificamos algo ou alguén ou cando falamos das características inherentes de algo.
 - Alba **é** unha amiga miña.
- Cos adverbios **ben** e **mal**, usamos unicamente **estar**.
 - O concerto **estivo** moi ben, non?

Perífrases verbais

- Unha perífrase verbal é unha construción formada por un verbo conxugado e outro na forma nominal (infinitivo, participio ou xerundio), entre os que pode haber ou non un elemento de relación (preposición ou conxunción). A continuación, lístanse as principais perífrases verbais do galego e a relación do que poden indicar.

Ir + infinitivo

- Futuridade:
 - Para a semana **imos ter** outra reunión.
- Movemento: **Levantouse e foi abrir** a porta.

Haber (de) + infinitivo

- Futuridade:
 - Cando o vexa **hei (de) pedir**lle os meus libros.
- Obrigatoriedade:
 - **Has (de) facer** o que che digan.
- Acción que estivo a piques de realizarse (co pretérito):
 - **Houbo (de) regresar** cando naceu o seu fillo.
- Hipótese:
 - Os nenos **han (de) estar** na eira xogando.

Ter que/de + infinitivo

- Obrigatoriedade:
 - **Teño que/de axudar** ao meu irmán cos deberes.
- Necesidade:
 - **Teño que/de conseguir** unha parella para as clases de baile.

Haber + que + infinitivo

- Obrigatoriedade:
 - **Hai que deixar** as chaves na recepción.
- Necesidade:
 - **Hai que baixar** o lixo, quen pode facelo?

Deber (de) + infinitivo

- Obrigatoriedade ou deber:
 - **Debedes visitar** os vosos avós máis a miúdo.
- Hipótese:
 - **Debeu (de) chamar** antes, pero non estabamos na casa.

Dar + participio

- Indica se unha acción se rematou ou cumpriu:
 - Non **deron chegado** antes das nove.
 - Cres que **dás feito** todo o traballo ata mañá?

Poder + infinitivo

- Probabilidade ou hipótese:
 - **Pode ser** que todos veñan á festa.

Estar + xerundio/a + infinitivo

- Acción en proceso:
 - **Estou terminando/a terminar** o traballo.

Andar + xerundio/a + infinitivo

- Acción en proceso, reiterativa ou prolongada no tempo:
 - **Anda buscando/a buscar** un piso no centro.

Botar(se) + a + infinitivo

- Comezo da acción:
 - En canto llo dixen **botouse a chorar** coma unha nena.

Estar + para + infinitivo

- Acción a piques de ocorrer:
 - **Estaba para saír** cando chegaron os meus tíos.

Ter + participio

- Idea de repetición en experiencias pasadas:
 - **Teño ido** a este tipo de feira varias veces.

Volver + infinitivo

- Repetición da acción expresada no infinitivo:
 - **Volví chamalo** pero xa non estaba.

Conxugación verbal

Paradigma dos verbos regulares

Presente	Pretérito	Copretérito	Futuro	Imperativo afirmativo	Formas nominais
ANDAR					
ando andas anda andamos andades andan	andei andaches andou andamos andastes andaron	andaba andabas andaba andabamos andabades andaban	andarei andarás andarás andaremos andaredes andarán	anda ande andade anden	Infinitivo: andar Xerundio: andando Participio: andado
BEBER					
bebo bebes bebe bebemos bebedes beben	bebín bebiches bebeu bebemos bebestes beberon	bebía bebías bebía bebíamos bebiades bebían	beberei beberás beberás beberemos beberedes beberán	bebe beba bebede beban	Infinitivo: beber Xerundio: bebendo Participio: bebido
PARTIR					
parto partes parte partimos partides parten	partín partiches partiu partimos partistes partiron	partía partías partía partíamos partiades partían	partirei partirás partirás partiremos partiredes partirán	parte parta partide partan	Infinitivo: partir Xerundio: partindo Participio: partido

Principais verbos irregulares

Presente	Pretérito	Copretérito	Futuro	Imperativo afirmativo	Formas nominais
SER					
son es é somos sodes son	fun fuches foi fomos fostes foron	era eras era eramos erades eran	serei serás será seremos seredes serán	sé sexa sede sexan	Infinitivo: ser Xerundio: sendo Participio: sendo
ESTAR					
estou estás está estamos estades estamos	estiven estiveches estivo estivemos estivestes estiveron	estaba estabas estaba estabamos estabades estaban	estarei estarás estará estaremos estaredes estarán	está estea estade estean	Infinitivo: estar Xerundio: estando Participio: estado
FACER					
fago fas fai facemos facedes fan	fixen fixeches fixo fixemos fixestes fixeron	facía facías facía facíamos faciades facían	farei farás fará faremos faredes farán	fai faga facede fagan	Infinitivo: facer Xerundio: facendo Participio: feito
SABER					
sei sabes sabe sabemos sabedes saben	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon	sabía sabías sabía sabíamos sabiades sabían	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán	sabe saiban sabede saiban	Infinitivo: saber Xerundio: sabendo Participio: sabido

resumo gramatical

Presente	Pretérito	Copretérito	Futuro	Imperativo afirmativo	Formas nominais
QUERER					
quero queres quere queremos queredes queren	quixen quixeches quixo quixemos quixestes quixeron	quería querías quería queríamos queriades querían	quererei quererás quererá quereremos quereredes quererán	quere queira querede queiran	Infinitivo: querer Xerundio: querendo Participio: querido
IR					
vou vas vai imos ides van	fun fuches foi fomos fostes foron	ía ías ía íamos iades ían	irei irás irá iremos iredes irán	vai vaia vamos ide vaian	Infinitivo: ir Xerundio: indo Participio: ido
VIR					
veño vés vén vimos vindes/vides veñen	vin viñeches veu viñemos viñestes viñeron	viña viñas viña viñamos viñades viñan	virei virás virá viremos viredes virán	ven veña vinde/vide veñan	Infinitivo: vir Xerundio: vindo Participio: vido
HABER					
hei has ha, hai habemos habedes han	houben houbeches houbo houbemos houbestes houberon	había habías había habíamos habiades habían	haberei haberás habirá haberemos haberedes habarán	-- -- -- --	Infinitivo: haber Xerundio: habendo Participio: habido
PODER					
podo podes pode podemos podedes poden	puiden puideches puido puidemos puidestes puideron	podía podías podía podíamos podíades podían	poderei poderás poderá poderemos poderedes poderán	pode poida podede poidan	Infinitivo: poder Xerundio: podendo Participio: podido
TER					
teño tes ten temos tendes/tedes teñen	tiven tiveches tivo tivemos tivestes tiveron	tiña tiñas tiña tiñamos tiñades tiñan	tere terás terá teremos teredes terán	ten teña tende teñan	Infinitivo: ter Xerundio: tendo Participio: tido
DICIR					
digo dis di dicimos dicides din	dixen dixeches dixo dixemos dixestes dixeron	dicía dicías dicía dicíamos diciades dicían	direi dirás dirá diremos diredes dirán	di diga dicide digan	Infinitivo: dicir Xerundio: dicindo Participio: dito
POÑER/PÓR					
poño/poño pos/pos pon/pon poñemos/pomos poñedes/pondes poñen/pon	puxen puxeches puxo puxemos puxestes puxeron	poñía/puña poñías/puña poñía/puña poñíamos/puñamos poñiades/puñades poñían/puñan	poñerei/porei poñerás/porás poñerá/porá poñeremos/poremos poñeredes/poredes poñerán/porán	pon poña poñede/ponde poñan	Infinitivo: poñer/pór Xerundio: poñendo/pondo Participio: posto
TRAER					
traio traes trae traemos traedes traen	trouxen trouxeches trouxo trouxemos trouxeches trouxeron	traía traías traía traíamos traíades traían	traerei traerás traerá traeremos traeredes traerán	trae traia traede traian	Infinitivo: traer Xerundio: traendo Participio: traído



Marco europeo común
referencia para as linguas:
aprendizaxe, ensino, avaliación

XUNTA DE GALICIA



Niveis de competencia
en lingua galega
Descrición de habilidades e de contidos adaptados
ao Marco europeo común de referencia para as linguas

XUNTA DE GALICIA

Nivel A2
en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Os contidos lingüísticos e gramaticais presentados e traballados neste libro atenden ao compromiso de fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel A2 en lingua galega, segundo a descrición establecida no *Marco europeo común de referencia para as linguas* do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias establecidas no Celga 1. Malia isto, e como xa se dixo na introdución, este libro non dispensa a orientación dun profesor que acompañe o alumno no traballo cotián e compartido que esixe cada unha das unidades, e así facer a aprendizaxe máis completa e dinámica.

Segundo a descrición xeral deste nivel, unha persoa que o supere debe posuír un dominio global da lingua, de forma que lle permita satisfacer as necesidades máis básicas da comunicación. Mostrará, deste xeito, unhas capacidades comunicativas sinxelas, pero suficientes para desenvolverse en contextos próximos e familiares, materializadas nun repertorio lingüístico aínda esquemático e orientadas a través das competencias tanto orais como escritas.

Entre outras cousas, poderá, unha vez acadado o nivel, interactuar en contextos sociais simples, como saúdos, presentacións ou felicitacións; falar de cuestións persoais, como dos gustos e afeccións, da propia familia ou do traballo, e explicar elementos relacionados co seu ámbito: descricións espaciais, identificar e designar as partes da casa ou de obxectos domésticos; conseguirá tamén expresar sentimentos, mostrar solidariedade, condolencia e referirse a acontecementos pasados e saber valoralos.

De xeito máis pormenorizado un falante que posúa o nivel **A2** terá as seguintes habilidades:

Comprensión oral

- Comprensión de frases, expresións e vocabulario máis habituais sobre temas de interese persoal e relacionado con áreas de prioridade inmediata.
- Interpretación eficaz do discurso para poder enfrontarse a necesidades concretas, sempre que este sexa breve, sinxelo, claro, redundante, práctico, emitido de forma pausada e con naturalidade, e ligado ao contexto.
- Comprensión de información e instrucións sinxelas, así como pasaxes curtas ou mensaxes telefónicas que traten sobre asuntos cotiáns e previsibles relacionados con temas como identificación e caracterización persoal e profesional; orientación e localización no tempo e no espazo; datas, horarios; alimentación, produtos e obxectos de uso diario; saúde; establecementos comerciais, servizos e oficinas públicas; feitos ou acontecementos en presente ou pasado.




- O meu convidado chámase Antón, é un primo meu e vive en Caracas. Ten 30 anos e é economista. É un rapaz moi simpático e moi divertido: gústalle moito bailar, a troula e coñecer xente nova e tamén sabe tocar a gaita!

Comprensión escrita

- Lectura de textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns que teñan vocabulario moi frecuente.
- Selección de información específica e previsible en cartas, catálogos, prospectos, menús de restaurantes, listaxes, horarios, anuncios publicitarios e artigos breves de carácter informativo nos xornais.
- Comprensión, interpretación e identificación de información e instrucións sinxelas relacionadas con situacións cotiáns e previsibles atopadas en textos como carteis e avisos públicos; horarios e datas de viaxes, servizos de transporte, horarios de establecementos; orientación e localización no espazo; normas de seguridade; instrucións de aparellos e uso frecuente; información e instrucións de ámbitos como a hostalaría, a sanidade e a vida académica; identificación persoal e profesional; alimentación e produtos nun establecemento comercial; información básica de formularios e documentos das oficinas públicas e de entidades académicas e bancarias; noticias breves e titulares sinxelos de xornais.

Expresión oral

- Poderá comunicarse en tarefas elementais e habituais que requiran un intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiáns.
- Será capaz de participar en conversas breves con razoable comodidade, contando coa colaboración do interlocutor, en situacións previsibles da vida diaria.
- Farase entender en intervencións breves, mesmo con pausas, dúbidas iniciais e reformulación.
- Fará descrições e presentacións breves e sinxelas da familia e doutras persoas, das condicións de vida ou de traballo, das actividades diarias, costumes, gustos e preferencias, obxectos e posesións etc.
- Será capaz de facer declaracións ensaiadas de contido previsible sobre temas importantes da vida cotiá, sempre que contén con oíntes dispostos a colaborar.
- Poderá resolver situacións e tarefas como intervencións simples de carácter social; controlar a comunicación oral; dar información xeral relativa á identificación persoal, profesional, de lugares e obxectos; solicitar e dar instrucións sinxelas sobre orientacións e localización no espazo e sobre horarios e datas; reservar unha habitación e facer as preguntas básicas relativas a aloxamentos; comprar ou pedir información sobre produtos expostos nun establecemento comercial; reclamar a atención dun responsable nun establecemento e solicitar un servizo; pedir información sobre a alimentación e produtos de uso diario, prezos e formas de pagamento; dar información básica sobre un problema de saúde; pedir información e realizar xestións sinxelas en establecementos comerciais e públicos; intervir en conversas sinxelas sobre experiencias persoais, centros de interese e acontecementos de actualidade, manifestando sentimentos, expresando acordo e desacordo e solicitando opinións.



● Cóbreme, por favor.

Nivel A2 en lingua galega

Exposición escrita

- Escribirá notas e mensaxes breves e sinxelas sobre temas relativos a áreas de necesidade inmediata e sobre aspectos cotiáns do seu ámbito, empregando unha serie de frases e oracións enlazadas cos conectores máis usuais.
- Será capaz de cubrir ou escribir formularios básicos con información persoal, mensaxes breves de rexistro formal, carta ou postal sobre asuntos persoais, notas ou pequenas mensaxes a amigos sobre cuestións sinxelas, información sobre a familia, lugares, condicións de vida e experiencias persoais e profesionais.

Lingua e comunicación: funcións comunicativas


- A persoa que supere este nivel será quen de dar e pedir información xeral e básica sobre persoas, lugares e obxectos; poderá expresar as súas opinións, sentimentos, desexos e preferencias; facer suxestións, invitacións e dar instrucións mínimas; saudar, presentarse, agradecer e pedir perdón; dirixirse a un interlocutor, iniciar un discurso e finalizalo; manter un control da comunicación oral.

Lingua e sistema: coñecemento do código

- Os contidos relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as devanditas funcións comunicativas son os que se atopan nas seccións de gramática distribuídas ao longo das unidades do libro e no resumo gramatical ao final deste.

Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

- Os contidos socioculturais cumpren dúas funcións básicas: introducir os aprendices no universo sociocultural e servir de marco situacional das mostras lingüísticas. A proposta para este nivel é que o examinando se familiarice con diversos ámbitos relacionados coa actualidade de Galicia e dos galegos, como poden ser a xeografía e os trazos físicos máis relevantes, a vida cotiá dos galegos, o contorno laboral ou académico, os medios de comunicación, as cuestións políticas e sociais da actualidade, a vida artística e literaria etc.





Transcripciones

UNIDADE 1

O galego e ti

PISTA 1

2. TEST ORAL

- Ola.
- Ola.
- Son Carme, e ti como te chamas?
- Teresa.
- Moi ben. E de onde es Teresa?
- De Polonia, de Cracovia.
- E canto tempo pensas estar aquí?
- Só dous meses, pero se encontro traballo quedo máis tempo.
- E de que traballas?
- Son secretaria.
- Falas outros idiomas?
- Si, falo inglés, alemán e un pouco de español e italiano.
- Que ben. E por que estudas galego, Teresa?
- Porque quero traballar nunha empresa galega e vivir aquí.
- Canto tempo hai que estudas galego?
- Pouco, seis meses.
- E que cousas che gusta facer na aula?
- Ler textos e xogar... pero a gramática, non.
- E que che custa máis?
- Bufff, moitas cousas.
- Que va! Se falas moi ben...
- Si, cústame moito pronunciar o xe e algúns verbos.

5. LETRAS E SONS

PISTA 2

Grupo 1

cego
forte
nenos
bolo
colo
pedra
porta
morte
polo
gorxa
terra
medo
cedo
pega

PISTA 3

Grupo 2

peixe
un
paxaro
algunha
éxito
pano

ningún
xadrez
caniza
aproximar
ningunha
exterior
nación
xamón
explicación

7. A FESTA

A.

PISTA 4

1.

- Ola, que tal?
- Ola.
- Eu chámome Mencía, e ti?
- Paul.
- Paul? Es americano?
- Non, inglés.
- Ah, inglés.
- E ti? Es galega?
- Si, eu son da Coruña.
- Ah, e en que traballas?
- Pois son xornalista.

PISTA 5

2.

- Ola.
- Ola.
- Es de aquí?
- Non, son colombiana, e ti?
- Son francesa.
- E estás aquí de vacacións?
- Non, agora vivo aquí e estudo galego. Anxo é o meu profesor.
- Ah, si? Eu son amiga del. E queres tomar algo?
- Pois un pouco de viño.
- Perdoa, non nos coñecemos. Eu chámome Angélica, e ti?
- Eu chámome Lucille.

PISTA 6

3.

- Ola, ti estudas galego aquí, verdade? É que me parece que te teño visto no bar.
- Si, e ti es profesor de galego, non?
- Si, chámome Xosé Antón e ti?
- Eu Emilia
- De onde es?
- Son brasileira.

C.

PISTA 7

1. Ola, que tal?
2. Chámome Mauricio, e ti?
3. E a que te dedicas?
4. De onde es?

UNIDADE 2

Eu son así

2. PRESENTACIÓNS

PISTA 8

1.

Pois a min gústame levar unha vida tranquila. Pintar reláxame moito, por exemplo. E paso horas e horas escoitando música. Encántame. Os meus preferidos son os Rolling Stones. Tamén... gústame coñecer xente, pero non me gustan as persoas que necesitan facer cousas diferentes todo o tempo.

PISTA 9

2.

A verdade é que non me gusta a xente pasiva que bota todo o día no sofá. Encántame o mar, navegar, ir ao río facer rafting... E, por suposto, saír cos amigos e non volver para a casa ata o domingo. Estas son as miñas fins de semana favoritas.

PISTA 10

3.

A min gústanme as culturas diferentes e... coñecer moitas linguas. Eu penso que todas as persoas teñen cousas moi interesantes, aínda que hai momentos nos que un bo libro é a mellor compañía.

UNIDADE 3

A miña casa, o meu lar

5. PERDOA, SABES SE HAI...?

PISTA 11

1.

- Perdoe, sabe se hai algunha panadería por aquí?
- Si, a ver, a primeira... non, a segunda á dereita. Está xusto na esquina.

2.

- Perdoe, a Biblioteca Xeral está nesta rúa?
- Si, pero ao final. Segues todo recto ata a praza e alí está, na mesma praza, á esquerda.

3.

- Perdoa, sabes se hai unha xestoría por aquí preto?
- Preto, non. Hai unha un pouco máis lonxe, a uns dez minutos de aquí.

4.

- Perdoa, sabes se o hospital queda preto de aquí?
- O hospital? Si, mira. Segues todo recto e está ao final desta rúa, despois da gasolinera.

6. O MEU LUGAR FAVORITO

PISTA 12

1. Ignacio

- E cal é o teu lugar favorito?
- Pois, é que eu non teño un lugar favorito, teño dous lugares favoritos na casa.
- Dous?
- Si, si, si... o comedor e o baño.
- E o comedor, por que?
- Home, pois, o comedor é porque é o espazo... onde nos xuntamos toda a familia para comentar as cousas do día cando chegamos.
- Xa, xa. Un espazo familiar.
- Si, si. Aínda que non só, porque ás veces gústanos facer unha cea especial para os amigos... para outra xente tamén...
- E o baño, por que o baño?
- Ai, porque senta tan ben tomar un baño quente despois dun día de traballo, relaxarte... É un gusto.

PISTA 13

2. Encarna

- Pois encántame estar na casa, pasar momentos na casa é o mellor.
- Si? E cal é o teu lugar favorito?
- Agora o salón, acabo de pintalo e está precioso.
- E de que cor?
- Azul...
- Que bonito...
- E coa luz que entra, de verdade, é unha marabilla... Encántame sentarme alí, ler un pouco, arrimarme ao balcón que ás veces é moi tranquilo.
- Gústache escoitar música?
- Si, ademais teño o equipo alí mesmo...
- No salón, non?
- Si, si. Un día invítote a tomar un café.

PISTA 14

3. Pedro

- Pedro, cal é o teu lugar favorito da casa?
- Na miña casa, o dormitorio.
- Ah, e iso?
- Alí paso moito tempo coa miña filla: vemos a tele, xogamos, ás veces mesmo comemos aí na cama.

PISTA 15

4. Xulia

- E na túa casa cal é o teu lugar favorito, Xulia?
- Pois o meu lugar favorito é, sen dúbida, a cociña.
- Si?
- Si. Porque mira, somos unha familia grande e alí xuntámonos todos...
- Entón ten que ser grande, non?
- Si, é grande e moi acollidora. Ás veces tamén veñen os veciños e os meus tíos... E xogamos ás cartas, contamos contos...
- Claro, reunídesvos todos, claro...
- Por suposto, e, ademais, como temos unha cociña de ferro, no inverno dá gusto estar alí. E quenta toda a casa.
- Pois xa me invitarás un día destes.

- Pois cando queiras, home! Pero vas ter que xogar ás cartas, eh!

8. PORTOMAR

PISTA 16

1.
 - A min encántame o meu barrio, rapaz.
 - Por que?
 - Si, porque é que hai de todo.
 - Hai de todo. E que ten o seu barrio?
 - Pois mira, hai dous supermercados e moitas tendas; ten un centro social, e aí podo xogar ás cartas e facer algún cursiño.
 - E mire, vostede con quen vive?
 - Eu vivo co meu marido.
 - Ah... E que máis cousas hai no seu barrio?
 - Pois, hai dous parques que son unha marabilla; e eu teño un can e lévo de paseo todos os días.

PISTA 17

2.
 - Pois é un barrio especial: hai xente nova que convive cos mariñeiros, hai bares e tabernas... Tamén é un barrio antigo, pero non é caro.
 - Mm.
 - E o mellor que ten é que está cerca do mar, así podo pasear pola praia. Teño bastantes amigos no barrio e algúns son estranxeiros.
 - Hai moitos estranxeiros no teu barrio?
 - Si, hai ben deles e tamén hai varios artistas. É un barrio ben bonito; o que pasa é que hai demasiado ruído.
 - Por que?
 - Porque hai moitos bares.
 - Pero iso está ben, non?
 - Pero, ás veces, o ruído amola.

PISTA 18

3.
 - Ti es unha persoa moi urbana, non?
 - Si, a ver... Por iso vivo no centro, porque a min gústame ter todo moi á man.
 - Claro.
 - E poder facer cousas: ir a restaurantes, ao cine, ao teatro... E no centro telo todo. E tamén podes usar o transporte público.
 - Claro, as vantaxes de vivir no centro.
 - Si, claro, home. O único malo é que non hai zonas verdes.

PISTA 19

4.
 - E o teu barrio onde está?
 - Pois eu vivo nun barrio non moi céntrico, pero a verdade é que non me importa.
 - Non? Entón está ben?
 - Si, porque vou en coche ao traballo e ademais teño unha casa con xardín.
 - Que ben.
 - Ademais, cerca da miña casa hai unhas instalacións deportivas e podo xogar ao tenis as fins de semana.
 - Claro...

- Tamén hai bos colexios para os rapaces. O que non hai é moitas tendas.
- E onde facedes a compra?
- Pois os sábados imos comprar a unha zona comercial co coche.

UNIDADE 4

Día a día

1. ESTUDAS OU TRABALLAS?

PISTA 20

1.
 - E como che vai?
 - Ben, todo o día na facultade.
 - E iso?
 - Estou a preparar o traballo de investigación.
 - Ah, si?
 - Si, estou ocupadísimo.
 - Imaxino.
 - Hai moitos días que incluso xanto na universidade para aproveitar máis o tempo.
 - Xa.
 - Quero rematar canto antes.

PISTA 21

2.
 - Eu entro na clínica ás nove da mañá.
 - E botas aí todo o día?
 - Si, durante a mañá atendo os pacientes. Logo ás doce saio media hora coa compañeira tomar un café e mais ler os xornais.
 - E logo pola tarde volves á clínica, non?
 - Case sempre, pero estes días non porque estou facendo un curso de especialización.
 - Ah, que ben.

PISTA 22

3.
 - E ti tes un día duro, non?
 - Si. Eu paso todo o día subindo e baixando da estada.
 - E que horario fas?
 - Pois traballo de oito a unha e despois pola tarde de dúas a seis, cando lle cadra, porque podo estar máis horas, eh?
 - É dura a construción, eh?
 - Home!
 - E traballas sempre no mesmo sitio?
 - Non, cambiamos. Imos cambiando unha... dúas ou tres veces á semana.

PISTA 23

4.
 - E ti que traballas, na casa ou fóra?
 - Si, eu teño o taller no galpón, que está cerca da casa.
 - Ah, entón fas o horario que queres, non?
 - Máis ou menos. Non me levanto moi cedo e almorzo con calma, pero tampouco teño hora de rematar. Ás veces como

ás tres ou ás catro e, dependendo do traballo, hai días que ás dez aínda estou soldando.

- Pero traballas todas as noites?
- Non, todas as noites non. A maioría chego, tomo unha ducha, ceo algo e inda vou botar unha partidiña de cartas.

PISTA 24

5.

- E como vai todo?
- Ben, agora estou a traballar nunha liña de curto traxecto.
- Oi, e tes tempo para os nenos?
- Mira: érgome ás oito, almorzo, levo os nenos ao colexio e aínda fago uns recados antes de xantar e ir á estación.
- Ai, logo, traballas pola tarde.
- Si, si. E chego á casa ás dez.

PISTA 25

6.

- E agora que fas?
- Estou facendo prácticas no laboratorio polas mañás.
- Ah, si? E que horario tes?
- Érgome moi cedo, ás sete, collo o autobús e traballo toda a mañá. E... polas tardes teño clase na facultade.
- Oi, e cando comes?
- Pois a verdade é que non teño moito tempo. Normalmente, como un bocadillo ou unha froita.

3. UN DÍA NORMAL

PISTA 26

- Que tal por Ferrol, adáptaste ben ao novo horario?
- Pois si. Levántome sobre as oito e media, dúchome, almorzo, sempre almorzo antes de saír, sobre as nove máis ou menos, e ás nove e media saio e vou a pé ao traballo.
- Vas a pé?
- Si, vivo moi cerca. Comezo ás dez e logo ás dúas saio comer. Temos dúas horas de descanso e ás catro volvemos ao traballo.
- E cando saes?
- Saio ás oito e chego á casa sobre as oito e media. Preparo a cea, vexo un pouco a tele e ceo sobre as dez.
- E a que hora te deitas?
- Déitome tarde, ás doce e media máis ou menos.

7. EU TAMÉN

A.

PISTA 27

1. Nunca chego tarde ás clases de galego.
2. Eu leo revistas e xornais en galego.
3. Eu en Galicia só falo galego cos galegos.
4. Eu vexo moitas películas dobradas ao galego.
5. Fago os deberes todos os días.
6. Estudo gramática pola noite.
7. Eu vexo bastante a Televisión de Galicia.
8. Escoito moitos programas de radio en galego.

UNIDADE 5

Cal prefires?

1. NUN BAR

PISTA 28

1.

- Cóbreme, por favor.
- Si, como non. Son dous mencias e unha ración de luras... Son 15,30.
- Aí ten.
- Non... para. A ver, invítote eu.
- Que va, home! Ti xa pagas moitas veces. Por favor, cóbreme a min. Tome.
- Bah, está ben, pero a seguinte págoa eu.

PISTA 29

2.

- Boa tarde. Que desexan tomar?
- Ti que queres?
- Pois eu, un cortado.
- Moi ben, pois un cortado e para min un café.
- Agora mesmo.
- E que, canto tempo?
- Si, iso digo eu. Case un ano. Que é da túa vida?
- Pois non me podo queixar, xa non teño o mesmo traballo, agora estou traballando de xerente nunha conserveira.
- Ah, que ben.
- Si, non teño queixa. E ti?
- Pois eu tamén ben, estou traballando na empresa de meu irmán.

PISTA 30

3.

- Sara! Canto tempo?
- Ai, ola, que tal?
- Moi ben. E ti que fas por aquí?
- Pois, nada, quedei cuns amigos. E ti?
- Pois aquí, tomando unhas cervexas. Mira que che presento. Esta é Rosa, unha compañeira de traballo.
- Ola, moito gusto.
- Encantada.
- Tomas algo?
- Veña, vai, unha cervexa.
- E ti, Rosa?
- Non, eu non quero nada máis.
- Moi ben. Camareiro, por favor, dúas cervexas.
- Si, agora mesmo.

PISTA 31

4.

- Home, Fernando. E ti por aquí? Como che vai?
- Ben. E ti?
- Pois ben, tamén. Veña, que tomas? Invítote.
- Nada, estou con présa e téñome que marchar.
- Veña, home, tómallo algo.
- Non, de verdade que non. Hoxe non podo. Outro día.
- Vale, pois outro día.
- Si, chámame e falamos con calma.
- Veña, vémonos.

4. NUNHA TENDA

PISTA 32

- Ola, bo día.
- Bo día.
- Que desexa?
- Quería un bolígrafo.
- De que cor?
- Azul.
- Pois mire, aquí ten varios.
- Canto custan?
- Este, 80 céntimos, e este outro, 2 euros.
- Vale, pois levo este.

6. BINGO

PISTA 33

catrocentas, seiscentos, oitocentos, cincocentas, setecentas, catrocentos, setecentos, cincocentos, seiscentas, douscentos, novecentas, novecentos, trescentas, oitocentas, duascenas, trescentos.

UNIDADE 6

Que sabes facer?

2. FAMOSOS

PISTA 34

1.

- Boas noites e benvidos a unha nova edición de *Indiscretos*.
Esta noite está connosco unha das voces máis importantes do panorama musical galego. Boa noite, Xoana. Como estás?
- Moi ben, encantada de estar aquí.
- Ben. Cántame un segredo: como leva tan ben a fama unha muller tan coñecida?
- Ben, tampouco tanto... Pero a verdade é que a fama non me desgusta, gústame estar rodeada de moita xente e, a verdade, é que nos ensaios, nas montaxes, nos concertos... sempre hai moita xente: técnicos, produtores...
- Aínda que tamén sei que tes unha parte máis íntima, non?
- Si, claro, tamén me gusta pintar e escribir poesía. Sempre estou a facer algo, non quero estar quieta.
- Entón viaxas moito?
- Si, teño viaxado por case todo o mundo, e xa vivín en Londres, en Toquio e en Río de Xaneiro.
- Case nada. Pero volvendo á parte máis íntima, tes parella?
- Pois non. É moi difícil. A verdade, como non teño axenda, ás veces fago as cousas que me apetece e non é fácil ter unha relación moi estable. E tamén son un pouco despistada: esquézome de chamar, de quedar...
- Cántame, entón, fóra do traballo que foi o máis interesante que fixeches nos últimos meses?
- Pois nada especial, fun ao teatro, ao cine, a concertos...
- Moi ben, pois esta é Xoana Ribas. Grazas Xoana e ata outro día.
- Grazas a vós. Boa noite.

PISTA 35

2.

- Hoxe temos connosco o arquitecto de moda, Carlos Fonte.
Boa noite e benvido a *Indiscretos*.
- Boa noite e un saúdo a todos os oíntes.
- Imaxino que estes días con moito traballo, non? Non paras de saír nos xornais.
- Pois si, teño varios proxectos interesantes para realizar. Non me podo queixar.
- Deixemos o arquitecto. Como é Carlos Fonte na intimidade?
- Pois unha persoa normal. As miñas afeccións están moi relacionadas co aire libre: pasear, a montaña, ás veces esquiar... e comer ben. Encántame a cultura gastronómica.
- Entón viaxas moito, non?
- Non demasiado, a verdade. Teño moito traballo aquí e xa estudei en París e en Boston, pero agora quero un pouco máis de estabilidade, de tranquilidade.
- Ou sexa, que case non saes da cidade.
- Si, ás nove en punto xa estou traballando no estudio e despois fago todo o previsto na axenda de traballo... que é bastante.
- E ademais estás casado, non si?
- Pois si, casei coa moza de toda a vida. E aquí seguimos, tan felices.
- Ah, moi ben! E a fama como a levas?
- Pois non moi ben. A verdade é que son unha persoa bastante familiar. Só deixo ver o meu lado máis íntimo coas persoas de máis confianza.
- Pois moi ben. Grazas por estar aquí, Carlos, e moito éxito na túa profesión.
- Moitas grazas, grazas a vós.

6. UN TIPO MOI CURIOSO

PISTA 36

- O meu peor defecto? Pois... son moi curioso, moi, moi curioso.
- Pero iso non é malo.
- Home, no meu caso si. Mira... Un exemplo: eu nos restaurantes escoito as conversas das persoas, dos que están nas mesas do lado.
- De verdade?
- Si, si... E aínda peor: algunha vez lin cartas doutras persoas.
- Home! Iso xa é moi grave, eh!
- Xa o sei, pero é que eu son patoloxicamente curioso. Mira, tamén algunha vez mirei no bolso da miña moza.
- Pero é curiosidade ou son celos?
- Non, é curiosidade, de verdade, eu non son celoso. Ademais, eu confío na miña moza e todo, pero é que a min encántame saber cousas dos demais. Mira, tamén escoito as conversas dos veciños, pónome detrás da porta e escoito. E ata contratei un detective varias veces para saber cousas. Pero é só unha diversión.

UNIDADE 7

A comer!

2. DE PRIMEIRO, QUE DESEXAN?

PISTA 37

- Bo día, elixiron xa?
- Si, máis ou menos. A ver... Eu de primeiro... vou tomar as xoubas.
- Unha de xoubas.
- E eu... Que leva a ensalada mixta?
- Pois leva tomate, leituga, espárragos e un ovo cocido.
- Moi ben. Pois si, unha ensalada mixta.
- Unha ensalada mixta. E de segundo?
- Eu vou tomar o lombo.
- Lombo grellado.
- O bacallau vén con patacas?
- Si, con patacas ao forno tamén.
- Entón, bacallau.
- E de beber, que van tomar?
- Tomamos unha botella de viño?
- Si, por que non?
- Branco ou tinto?
- Tinto, e unha botella de auga.
- (...)
- Remataron xa?
- Si, xa rematamos.
- Sobremesa van querer?
- Que teñen?
- Pois temos torta de Santiago, de Lestedo e queixo con marmelo.
- Eu quero queixo con marmelo.
- E eu torta de Santiago.
- Perfecto, unha de queixo con marmelo e unha torta de Santiago. Grazas.

8. A DIETA DE ROBERTO

PISTA 38

- Boa tarde, Roberto, e benvido. Moitas grazas por acompañarnos esta tarde.
- É un pracer.
- Roberto, recibimos moitas preguntas sobre ti na nosa páxina web. E moita xente preguntase se segues algún tipo de dieta.
- Pois traballo como modelo desde os catorce anos... Claro que tiven que aprender a coidarme e a seguir unha dieta, pero non moi estrita, non creas.
- Que comes?
- Home... pois mira, como moita verdura, ademais encántame. E tamén como bastante carne, hamburguesas, bisté... E sempre á prancha.
- Ah. Ti vives en Vigo, ao lado do mar. Imaxino que tamén comes moito peixe e moito marisco...
- Pois peixe si, á prancha tamén, pero marisco non. É que son alérxico.
- Xa. E froita?
- Si, moitísima froita. Todos os días como media piña.
- Outra pregunta: comes pan?

- Si, claro, pero integral, nunca como pan branco.
- Mm. E comes doces?
- Si, de cando en vez, claro, pero teño que ser responsable coa miña dieta. Ás veces nunha festa de aniversario, por exemplo, podo comer un anaco de torta.
- Hai outras cousas que che gusta comer, pero que non podes?
- Si, o chocolate, é algo que me encanta, pero que teño prohibido comer.
- Si, si. E a pasta?
- Si, como lasaña de cando en vez, é o meu prato favorito.
- E, en xeral, cal é a túa cociña favorita?
- Pois, agora mesmo, a xaponesa. Estiven varias veces en Xapón e encántame o *sushi*. É boísimo e ademais non engorda.

UNIDADE 8

Guía de ocio

2. DE VACACIÓNS

PISTA 39

1.
 - Ola, que tal? Onde estivestes?
 - Estivemos no Grove.
 - Ai, si?
 - Si, foron unhas vacacións estupendas. Descansamos moito, pero tamén paseamos, ata fixemos unha viaxe en barco e percorremos a ría.
 - Entón, estivestes en máis lugares ca no Grove?
 - Si, fomos a Cambados, estivemos no Pazo de Fefiñáns, tamén tomamos o albariño, fomos a Vilagarcía, á Illa de Arousa... E mesmo ás illas que están no interior da ría: estivemos en Ons, en Sálvora...
 - Si, tamén nos achegamos a Pontevedra, aínda que estivemos pouco tempo. A verdade é que volvemos pronto porque estabamos moi cansas. Nin fomos de compras, nin saímos de noite, nin nada.
 - E a comida, que tal?
 - Pois estupenda. Luras, chocos, mexillóns, polbo, pescada. Encántanme os produtos do mar e aí son tan frescos.
 - Que ben... E que tempo tivestes?
 - Estupendo. Aínda que algúns días estivo nubrado, case sempre fixo sol para ir á praia.

PISTA 40

2.
 - Que tal de vacacións?
 - Pois moi ben. Fomos a Argentina, a Bos Aires. Tiñamos moitas gañas de ir, e temos alí uns parentes da miña muller.
 - Entón paseastes moito, non?
 - Home, non paramos. Vimos un partido do Boca, fomos ao teatro, aos barrios máis coñecidos, sabes?: Palermo, Recoletas, San Telmo... E mais mercamos algúns libros de segunda man e, pola noite, tampouco paramos.
 - E estivestes todo o tempo en Bos Aires?
 - Pois case todo. Inda que tivemos tempo de viaxar un pouco.

Collemos o tren e fomos un par de días a Mar de Prata, pero claro, como non era verán, non fomos á praia, que facía un pouquiño de frío.

- E a carne, é tan boa?
- Non me fales. Comémola case todos os días.

PISTA 41

3.

- E vós onde estivestes?
- Pois en Berlín. A verdade é que nos impresionou, verdade?
- Si.
- É unha cidade preciosa, moi moderna, cuns transportes impresionantes.
- Ou sexa que fixestes turismo urbano.
- Si, visitamos moitos museos e galerías e, por suposto, a Porta de Brandeburgo. Ata mercamos algún *souvenir* do muro. E o meu home e os nenos cansáronse de facer fotos e de filmar todos os lugares nos que estivemos.
- E o hotel, que tal?
- Iso foi a peor parte, porque estaba un pouco nas aforas, verdade?
- Si.
- Tampouco a comida foi o mellor da viaxe. Comemos moito... moita comida rápida: pizzas, bocadillos...
- Ah, si? Que pena.
- Claro, e o tempo tampouco axudou moito. Houbo veces que non puidemos saír.

PISTA 42

4.

- Así que estivestes por Galicia.
- Pois si, quedamos. Ao final non saímos. Ademais, como un dos nenos xoga ao fútbol, pois aproveitamos para ir ver un partido do Dépor.
- E só iso?
- Que va! Mira, aproveitamos tamén para facer visitas culturais na Coruña. Estivemos na praza de María Pita, nunha visita guiada á Real Academia Galega. E os rapaces pasárono moi ben no Domus.
- Que ben!
- Si, e tamén fomos a unha obra de teatro ao Coliseo.
- E fostes a algún lugar máis?
- Si, pois a ver... Collemos o coche e percorremos case toda a provincia: dende Rianxo ata Ortigueira, e estivemos en case todas as vilas da costa.
- Entón non parastes.

UNIDADE 9

Estamos moi ben

3. ESTÁ MAREADA

A.

PISTA 43

1.

- Oi, que mala cara tes.
- É que, non estou ben. Dóeme moito a cabeza. Estarei collendo un catarro.

- Pode ser. E tomaches algo?
- Non, nada.

PISTA 44

2.

- Ai!
- Pero, que che pasa muller?
- Os pés, que me doen moitísimo. Non podo nin dar un paso.
- Ai, pero, pero non terás unha escordadura?
- Non, cala. É que estiven todo o día andando con estes zapatos novos e agora dóenme os pés un mundo.

PISTA 45

3.

- Ola!
- Oi, pero que tose tes, non?
- Pois si. Non puiden dormir case nada esta noite.

PISTA 46

4.

- Ola Alexandre.
- Que hai!
- Oe, tes mala cara. Estás enfermo?
- Teño unha dor de estómago...
- Algo que comiches?
- Non sei. Serán os nervios, que mañá teño unha proba.

PISTA 47

5.

- Manu?
- Que pasa? Oi, que palida estás! Atópaste ben?
- Non, non... Estou moi mareada. Creo que vou caer.

D.

PISTA 48

1.

- Oi, que mala cara tes.
- É que, non estou ben. Dóeme moito a cabeza. Estarei collendo un catarro.
- Pode ser. E tomaches algo?
- Non, nada.
- Pois deberías tomar unha aspirina e descansar un pouco.
- Si, oh, tes razón. Vouna tomar agora mesmo.

PISTA 49

2.

- Ai!
- Pero, que che pasa muller?
- Os pés, que me doen moitísimo. Non podo nin dar un paso.
- Ai, pero, pero non terás unha escordadura?
- Non, cala. É que estiven todo o día andando con estes zapatos novos e agora dóenme os pés un mundo.
- Pois, para iso o máis doado é poñelos en auga con sal.
- Ah, si?
- Si, mira. Abres a auga da bañeira e bótaslle sal, e logo metes os pés un pouco e seguro que che fai moi ben.

PISTA 50

3.

- Ola!

- Oi, pero que tose tes, non?
- Pois si. Non puiden dormir case nada esta noite.
- E tomaches algo?
- Si, un xarope.
- E ben, non?
- Non. Ti non saberás algún remedio, non?
- Pois tes que tomar, antes de ir á cama, un vasiño de leite quente con mel. Vas durmir coma un neno.

PISTA 51

- 4.
- Ola Alexandre.
 - Que hai!
 - Oe, tes mala cara. Estás enfermo?
 - Teño unha dor de estómago...
 - Algo que comiches?
 - Non sei. Serán os nervios, que mañá teño unha proba.
 - Pois, para iso a camomila vai moi ben.
 - Uf, non me gusta nada.
 - Tanto ten se non che gusta. Vaiche moi ben, e vouche preparar unha agora mesmo.

PISTA 52

- 5.
- Manu?
 - Que pasa? Oi, que pálida estás! Atópaste ben?
 - Non, non... estou moi mareada. Creo que vou caer.
 - Por que non sentas e descansas un pouco?
 - Si. Podes abrir a ventá? Necesito aire.
 - Si, si, si, claro. Ábroa agora mesmo.

UNIDADE 10

Gustoume moito

2. CULTURA GALEGA

PISTA 53

- 1.
- Viches o último artigo sobre a cultura galega?
 - Non, non o vin. Que tal?
 - Moi ben. Fala de cine, de literatura, de música, de pintura. É moi completo. Fala daquel libro de Suso de Toro do que me falaches.
 - Cal?
 - Si, *Trece badaladas*.
 - Ah! É espectacular. Ti láchelo?
 - Pois non, pero gustárame. A ti gustouche, non?
 - Si, encantoume.
 - E de que vai?
 - Pois mira, é unha historia de intriga e misterio. Está ambientada na Compostela actual... e todo mesturado coas lendas do Apóstolo.
 - Mm.
 - É deste libros que empezas a lelo e non es capaz de deixalo ata que o rematas.
 - Pois vouno mercar agora mesmo.

PISTA 54

- 2.
- E no artigo tamén falan de Carlos Núñez.
 - Ah! A min gústame moito a súa música.
 - Si, pois fala dun dos seus discos.
 - Eu este último aínda non o escoitei, pero cando vou no coche encántame poñer a súa música, porque me relaxa un montón.
 - E que canción, así, che gusta máis del?
 - Mira, hai unha que é moi triste, pero é... a de *Negra sombra*, que canta Luz Casal.
 - Ah.

PISTA 55

- 3.
- Viches *O lapis do carpinteiro*, o filme? Tamén se fala del no artigo.
 - Pois a verdade é que non. Non puiden. E iso que me falaron ben del. Ti víchelo?
 - Eu si. Gustoume o guión e os actores están ben. O que non me gustou nada é a historia, porque ás veces é un pouco triste. Ademais, non me gustan as historias románticas. A verdade... creo que non o vou ver outra vez.
 - Oi, que pena. Aínda así, gustárame velo contigo.

6. MAROLA, UXÍA E ALLARIZ

PISTA 56

- 1.
- Estiveches no Marola?
 - O Marola?
 - Si muller, o restaurante novo da praza do Carme.
 - Ah, si, si, estiven a semana pasada.
 - E que tal?
 - Ah, pois gustoume moito, está moi ben. Comemos unha caldeirada de peixe boísima. Ademais, poñen música celta de fondo. É moi agradable, a verdade.
 - E é caro?
 - Non, non me pareceu caro.

PISTA 57

- 2.
- Sabes, onte coñecín a Uxía?
 - A moza de Breogán?
 - Si.
 - E que, que che pareceu? Guapísima non?
 - Si, ademais pareceume moi simpática, moi riquiña, un encanto.
 - Si, a verdade é que si.

PISTA 58

- 3.
- Helena, ti es de Ourense, non?
 - Si, de Allariz.
 - Ah, que bonito!
 - Si. E logo, estiveches en Allariz?
 - Si, hai uns anos
 - E que tal, gustouche?
 - Encantoume! O río, as casañas tan ben coidadas, as rúas... Unha vila preciosa!
 - Si, si que é.

- E a túa familia vive alí?
- Pois si, eu son a única da miña familia que xa non vive alí.

UNIDADE 11

Antes e agora

2. TURISTAS OU VIAXEIROS

PISTA 59

- Moi boa tarde a todos os oíntes que nos seguen un día máis no noso programa *A dilixencia*. Hoxe temos connosco a Lupe Caamaño, redactora da revista de viaxes *In Itinere*. Boa tarde, Lupe.
- Ola, moi boa tarde.
- Temos unha serie de opinións dos nosos oíntes sobre as viaxes e gustaríanos saber tamén a túa opinión sobre ese tema.
- Moi ben.
- Vamos alá, entón: “Viaxar é unha experiencia única. A xente que viaxa é máis interesante”.
- Para min, viaxar é fantástico e, encántame, é unha das mellores cousas que podes facer. Pero hai persoas moi interesantes que non viaxaron nunca.
- A segunda é: “Hoxe en día é difícil descubrir sitios novos e vivir aventuras”.
- Depende da túa actitude, se es aventureiro, podes encontrar experiencias novas en calquera lugar.
- “A xente pode viaxar moito máis ca antes e iso é positivo”. Que pensas?
- Totalmente de acordo. É estupendo que agora moita máis xente poida viaxar, que teña acceso a poder facelo en avión, por exemplo. Agora, viaxar xa non é só exclusivo da xente rica, hai unha gran variedade de ofertas que lle permite viaxar á xente de todas as clases sociais ou idades. Creo que iso é moi positivo.
- Outra opinión: “Antes todo era máis romántico. A xente viaxaba en tren e esa viaxe era parte da aventura. Agora todo é demasiado rápido”.
- Iso depende de como viaxes. O avión, claro que é un medio de transporte moi rápido, pero hai outras maneiras románticas de viaxar: un cruceiro polo Nilo, o Transiberiano...
- E a última: “Pódense vivir aventuras sen ir moi lonxe”.
- Por suposto, a aventura pode estar na túa casa, nunha vila da túa rexión, nun lugar da túa cidade que non coñeces... Incluso hai outras formas como o turismo literario que ten rutas apaixonantes.
- Pois moi ben, Lupe, grazas polas túas respostas.
- Grazas a vós.

8. ESTÁS DE ACORDO?

PISTA 60

1. Aprender galego é bastante fácil.
2. Os cans son mellores mascotas cós gatos.
3. O cine americano é mellor có europeo.
4. A comida galega é moi boa.
5. O fútbol é un deporte moi aburrido.

UNIDADE 12

Unha vida de película

1. CONVERSAS DE CINE

PISTA 61

1.

- Non o coñeces?
- Pois a verdade é que agora non caio.
- Si, home, dirixiu *Sempre Xonxa*, un clásico, a primeira longametraxe de ficción en galego.
- Ah! Agora si, é tamén o da curta de *Mamasunción*, non?
- Si.
- Mm.
- Mira, esa curta foi a primeira emisión da Televisión de Galicia.
- Si, si... Xa lembro. Gustoume moito. Pero el xa morreu, non?
- Si, morreu en 1995, e só tiña corenta anos. Aínda así, foi bastante recoñecido. Levou bastantes premios: déronlle o Premio da Crítica por *Mamasunción* e, despois de morto, déronlle a Medalla de Galicia.

PISTA 62

2.

- A verdade é que na última película faino moi ben, eh?
- Si, está estupenda. Cantas películas fixo xa?
- Pois unhas cantas xa. Desde que saíu en *Pratos combinados*, na serie, era Balbina, non te lembras? Pois desde aquela fixo máis. Participou en *Mar a dentro*, *Hotel Tívoli*...
- Si, *Mar a dentro* é a da vida de Ramón Sampedro, non?
- Mm.
- Nesa faino moi ben.
- Si, si, si. De feito déronlle un Premio Goya.
- E creo que tamén fixo teatro, non?
- Si, oh! Fixo teatro durante moitos anos.

PISTA 63

3.

- Onte fun ver o documental *Santa Liberdade*. Está moi ben.
- Si, fálaronme ben del.
- Está moi ben dirixido.
- Si?
- Si, a verdade é que a autora fixo un bo traballo, eh?
- Pois eu non a coñezo.
- Pois é unha muller moi interesante: foi lectora de galego no Porto nos últimos anos da ditadura, dirixiu o xornal *A Nosa Terra*, foi decana da facultade de Xornalismo... Fixo unha chea de cousas.
- Terei que ir ver ese documental entón.

PISTA 64

4.

- E este quen é?
- É o das ilustracións do *Xabarán Club*, non?
- Ah, pois si. Non traballou nunha serie de animación con Spielberg?
- Si, traballou moito fóra: no audiovisual, no cómic...

7. TODA UNHA VIDA

PISTA 65

- Benvidos a *Toda unha vida*, un programa dedicado a todas aquelas persoas cunha vida moi especial. Hoxe temos no noso programa a Mercedes Ribeiro. Mercedes é hoxe en día a propietaria da cadea de hoteis Ribeiro. Bos días, Mercedes.
- Ola, bos días.
- Vostede comezou a traballar de camareira en Mallorca aos 14 anos nun hotel.
- Si, primeiro traballei de camareira e despois nunha tenda de roupa, pero pouco tempo.
- Por que?
- Pois resulta que un cliente da tenda, Mario Martín, un fotógrafo moi famoso da revista *Vogue*, fíxome unhas fotografías. E aos poucos meses chamáronme dunha axencia de fotografías de París, e xa.
- E entón alguén viu esas fotos e vostede marchou a París.
- Efectivamente, si. Fíxéronme unha proposta moi boa e marchei.
- E en París que fixo?
- Pois traballei para as mellores casas de moda: para Dior, Chanel, Yves St Laurent... E durante eses anos traballei moito e gañei moito diñeiro tamén.
- É un conto de fadas. E por que deixou o mundo da moda?
- Pois, a ver... Nesa época coñecín a moita xente interesante, e un día coñecín a Paco Calao, un fotógrafo boísimo, e namorámonos e decidimos facer unha viaxe xuntos por Asia. Fomos a moitos países e pasamos dous anos na India.

- Dous anos na India!
- Si, foron dous anos moi especiais. Eu fíxenme budista e aprendín moitas cousas da cultura hindú. Foron dous anos bastante místicos, e, ao final, cando quedamos sen cartos, pois separámonos e eu decidín volver a España. Entón estiven 3 anos en España, e despois en 1990, xa marchei a Londres.
- Mm. A Londres.
- Si.
- E que fixo en Londres? Tamén traballou no mundo da moda?
- Non, non, aí en Londres o que fixen foi... que abrí un pequeno restaurante español co diñeiro que me prestou un amigo, e converteuse nun dos restaurantes de moda de Londres de principios dos noventa.
- Vaites, vaites!
- Si, foi unha época increíble, moi divertida... e coñecín un montón de xente, moitos famosos...
- Ai, si? Conte, conte!
- Non sei, moitos. Pois, a ver... Un día... Mick Jagger veu ao restaurante... E tamén coñecín a... si, coñecín a Elton John.
- Que interesante! E como pasou de ser a dona dun restaurante a ser a propietaria de máis de 20 hoteis por todo o mundo?
- Pois primeiro vendín o restaurante, e con ese diñeiro comprei unha casa antiga e alí montei o meu primeiro hotel. E o negocio foi ben e, á volta de dous anos, abrí outro... E así, empecei a abrir hoteis en España, e despois por todo o mundo.